Sobre a información de que dispón a Xunta de Galicia respecto do acordo adoptado e os compromisos adquiridos polo Goberno de España e Alcoa para garantir o futuro da planta de San Cibrao

- 26947 (11/POP-003860)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Egerique Mosquera, Teresa e 7 máis
Sobre a información de que dispón a Xunta de Galicia sobre o proceso de venda de Barreras e as oportunidades para dar a continuidade necesaria ao estaleiro

- 26985 (11/POP-003861)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Castro Rey, Paloma e 2 máis
Sobre os motivos polos que se declarou prioritario o proxecto de parque eólico da empresa Tiraventos, S. L.

- 26999 (11/POP-003862)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Aira Díaz, María del Carmen e 2 máis
Sobre as previsións da Xunta de Galicia para catalogar os concellos que casen coa definición de territorio despoboado e susceptibles de recibiren axudas para captar poboación

- 27001 (11/POP-003863)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Aira Díaz, María del Carmen e 2 máis
Sobre as previsións do Goberno galego para elaborar un plan de desenvolvemento rural para Galicia

- 27006 (11/POP-003864)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández Alfonzo, Ramón e 3 máis
Sobre a decisión da Consellería de Educación de trasladar e modificar o horario de educación secundaria para adultos do Instituto de Educación Secundaria Concepción Arenal en Ferrol

- 27012 (11/POP-003865)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 2 máis
Sobre a capacidade do Goberno galego de autogoberno en materia fiscal

CSV: BOPGDSPG-8egKxqH80-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

- 27018 (11/POP-003866)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 2 máis
Sobre a valoración do Goberno galego do retorno económico que ten o sector eólico de Galicia

- 27027 (11/POP-003867)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 3 máis
Sobre o resultado das negociacións da Xunta co Estado para facer respectar o desenvolvemento propio do dereito civil galego respecto dos pactos sucesorios

- 27032 (11/POP-003868)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Castro Rey, Paloma e 3 máis
Sobre o informe do Consello de Contas respecto da contratación de persoal da Xunta e as entidades dependente descentralizadas

- 27034 (11/POP-003869)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Gallego Sanromán, María Leticia e 2 máis
Sobre o financiamento por parte da Xunta de Galicia, cos fondos que recibirá do Goberno de España, da escola infantil da praza da Industria, en Vigo

- 27036 (11/POP-003870)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina
Sobre o prazo marcado pola Consellería de Sanidade para reabrir o consultorio de Vilaxoán coa mesma atención sanitaria asignada previamente á pandemia

- 27040 (11/POP-003871)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 2 máis
Sobre o pechamento do consultorio do barrio de Ferrol Vello, no concello de Ferrol

- 27042 (11/POP-003872)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández Alfonzo, Ramón e 3 máis
Sobre os parques eólicos proxectados nos concellos de Ferrol e Narón

- 27044 (11/POP-003873)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández Alfonzo, Ramón e 2 máis
Sobre as relacións contractuais entre Navantia e as súas subcontratas

- 27047 (11/POP-003874)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

**CSV:** BOPGDSPG-8egKxqH80-1
**Verificación:** https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Fernández Alfonzo, Ramón e 3 máis
Sobre a creación en Galicia dun centro de investigación no ámbito do almacenamento de enerxía

- 27048 (11/POP-003875)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández Alfonzo, Ramón e Pérez Fernández, Rosana
Sobre a situación da produción marisqueira na ría de Ferrol

- 27049 (11/POP-003876)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández Alfonzo, Ramón e 2 máis
Sobre o pechamento da oficina de Abanca no concello de Monfero

- 27051 (11/POP-003877)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández Alfonzo, Ramón e 2 máis
Sobre a transición enerxética no sector dos carburantes e biocarburantes

- 27052 (11/POP-003878)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández Alfonzo, Ramón e 2 máis
Sobre as actuacións que vai levar a cabo a Xunta de Galicia para evitar o pechamento da oficina de Abanca en San Valentín, no concello de Fene

- 27056 (11/POP-003879)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Arangüena Fernández, Pablo e Castro Rey, Paloma
Sobre a creación dunha canle interna de denuncias de corrupción, e o establecemento das garantías necesarias para a protección dos denunciantes

- 27062 (11/POP-003880)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 4 máis
Sobre a necesidade de transferencia a Galicia da xestión dos trens de media distancia e proximidade e a creación do ente ferroviario galego para levar a cabo a xestión deste servizo

- 27063 (11/POP-003881)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 4 máis
Sobre as xestións realizadas pola Xunta de Galicia diante do Goberno central nos últimos oito anos para demandar a mellora da liña ferroviaria Ferrol-Ribadeo e os seus resultados

- 27064 (11/POP-003882)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 3 máis

**CSV:** BOPGDSPG-8egKxqH80-1
**Verificación:** https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da dotación do concello de Narón dunha residencia de maiores de titularidade e xestión públicas

- 27066 (11/POP-003883)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 3 máis
Sobre as actuacións de mellora ambiental do río Eume levadas a cabo no marco do pacto ambiental asinado con Endesa no ano 2012 e a contía do seu orzamento

- 27079 (11/POP-003884)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 2 máis
Sobre a estratexia galega de envellecemento activo 2016-2020

- 27081 (11/POP-003885)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 2 máis
Sobre a situación da rede galega de atención temperá e as medidas que ten previsto adoptar a Xunta de Galicia para garantir os dereitos das crianzas usuarias deste servizo

- 27083 (11/POP-003886)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 3 máis
Sobre a situación da Rede de centros de información ás mulleres

- 27085 (11/POP-003887)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 2 máis
Sobre a política do Goberno da Xunta de Galicia en relación coas familias monoparentais

- 27087 (11/POP-003888)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 2 máis
Sobre o novo modelo residencial para persoas maiores e dependentes previsto pola Xunta de Galicia

- 27089 (11/POP-003889)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 2 máis
Sobre o exercicio do dereito ao aborto nas diferentes áreas sanitarias de Galicia

- 27090 (11/POP-003890)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 3 máis
Sobre as medidas que prevé incorporar a Xunta de Galicia á nova estratexia de investigación, desenvolvemento e innovación

CSV: BOPGDSPG-8egKxqH80-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

- 27093 (11/POP-003891)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 3 máis
Sobre as irregularidades detectadas pola Xunta de Galicia na documentación presentada pola empresa no parque eólico Os Cotos, no concello de Cerdedo-Cotobade

- 27095 (11/POP-003892)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Francisco Rivera, Juan Carlos e Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña
Sobre as medidas que o Goberno galego vai adoptar ante o pechamento continuo de oficinas bancarias de Abanca

- 27096 (11/POP-003893)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Francisco Rivera, Juan Carlos e 2 máis
Sobre a realización de tests de detección da covid nos adestramentos e competicións deportivas federadas en Galicia

- 27097 (11/POP-003894)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Francisco Rivera, Juan Carlos e 2 máis
Sobre as previsións da Xunta de Galicia de establecer unha liña de axudas directas aos clubs deportivos destinadas a paliar os efectos negativos derivados da pandemia xerada pola covid-19

- 27098 (11/POP-003895)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Francisco Rivera, Juan Carlos e 2 máis
Sobre as medidas concretas que vai adoptar o Goberno galego para corrixir as desigualdades de rendas e oportunidades existentes en Galicia, nomeadamente nas comarcas que están en risco demográfico

- 27100 (11/POP-003896)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e Rodil Fernández, Olalla
Sobre as actuacións do Goberno galego para reforzar e ampliar a rede de centros de información ás mulleres

- 27101 (11/POP-003897)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e Otero Rodríguez, Patricia
Sobre a compatibilidade dos usos portuarios e recreativos dos portos galegos

- 27103 (11/POP-003898)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina
Sobre a necesidade dun plan especial de actividade hospitalaria para reducir tempos de espera en consultas, diagnósticos e intervencións cirúrxicas

CSV: BOPGDSPG-8egKxqH80-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

- 27104 (11/POP-003899)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina
Sobre a necesidade de optimizar os recursos materiais e humanos dos centros hospitalarios públicos

- 27105 (11/POP-003900)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina
Sobre a construción do centro de saúde de Vilagarcía

- 27108 (11/POP-003902)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina
Sobre a reversión ao sistema público, en titularidade e xestión directa, do sistema de transporte sanitario terrestre

- 27118 (11/POP-003904)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 2 máis
Sobre os motivos polos que a Xunta de Galicia considera regulable o *cohousing* e non as residencias de maiores

- 27119 (11/POP-003905)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 3 máis
Sobre os postos de traballo xerados no polo aeroespacial de Rozas, no Concello de Castro de Rei, desde 2015 ata hoxe

- 27121 (11/POP-003906)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e Queixas Zas, Mercedes
Sobre a catalogación dos cemiterios neogóticos chairegos como Ben de Interese Cultural

- 27122 (11/POP-003907)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 2 máis
Sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia para garantir que as interrupcións voluntarias do embarazo se leven a cabo na rede sanitaria pública galega

- 27124 (11/POP-003908)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 3 máis
Sobre os criterios da Xunta de Galicia para a creación de novas residencias de maiores

- 27128 (11/POP-003909)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

CSV: BOPGDSPG-8egKxqH80-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rodil Fernández, Olalla e 2 máis
Sobre as residencias de titularidade pública xestionadas polo grupo Domus VI en Galicia

- 27130 (11/POP-003910)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 2 máis
Sobre a garantía do dereito ao aborto na sanidade pública galega

- 27132 (11/POP-003911)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 3 máis
Sobre a investigación xudicial en curso na residencia Concepción Arenal da Coruña

- 27134 (11/POP-003912)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e Lourenzo Sobral, Manuel Antonio
Sobre o servizo de transporte do alumnado de Baamonde

- 27135 (11/POP-003913)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 3 máis
Sobre o investimento da Xunta de Galicia en I+D+i e as condicións laborais das investigadoras e investigadores galegos, así como as medidas que ten previsto adoptar o Goberno galego ao respecto

- 27137 (11/POP-003914)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 3 máis
Sobre o mantemento e rehabilitación das pallozas de Piornedo, en Cervantes

- 27138 (11/POP-003915)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 2 máis
Sobre a auditoría da Xunta de Galicia ás residencias de maiores

- 27140 (11/POP-003916)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e Queixas Zas, Mercedes
Sobre o estado no que se atopa a fonte de Corvazal na parroquia de Santalla de Bóveda no Concello de Lugo e as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia ao respecto

- 27141 (11/POP-003917)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 2 máis
Sobre a situación actual da rede de puntos de encontro familiar

CSV: BOPGDSPG-8egKxqH80-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

- 27142 (11/POP-003918)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 2 máis
Sobre a listaxe de persoas que integran o Programa de Asignación de Recursos

- 27143 (11/POP-003919)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 3 máis
Sobre o impulso en Galicia dun programa de retención e captación de talento investigador

- 27144 (11/POP-003920)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 3 máis
Sobre o bono de alugueiro social nos casos de mulleres en situación de violencia machista

- 27145 (11/POP-003921)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 2 máis
Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da reforma da lexislación vixente para anular a incompatibilidade da Renda de inclusión social de Galicia co Ingreso Mínimo Vital

- 27149 (11/POP-003922)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Gallego Sanromán, María Leticia e 4 máis
Sobre as previsións do Servizo Galego de Saúde respecto dos catorce centros de saúde á área sanitaria de Vigo aos que se lles vén de restrinxir a actividade das unidades de atención primaria

- 27152 (11/POP-003923)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pérez Fernández, Rosana e 2 máis
Sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para tentar impedir os conflitos entre mexilloeiros e percebeiros por mor da extracción da mexilla en bancos naturais

- 27153 (11/POP-003924)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pérez Fernández, Rosana e 2 máis
Sobre as previsión do Goberno de Galicia para a defensa do sector pesqueiro galego diante da proposta de cotas para 2022 do comisario europeo de Pesca

- 27154 (11/POP-003925)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pérez Fernández, Rosana e 2 máis
Sobre as previsión da Xunta de Galicia para cubrir o servizo de pediatría nos centros de saúde de Outes e Noia e a dotar para este último do correspondente persoal de enfermería

- 27155 (11/POP-003926)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

CSV: BOPGDSPG-8egKxqH80-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pérez Fernández, Rosana e 2 máis
Sobre as previsión do Goberno galego para garantir un transporte público que responda ás necesidades das persoas usuarias dentro da comarca da Barbanza e na súa conexión con Noia e Santiago de Compostela

- 27156 (11/POP-003927)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pérez Fernández, Rosana e 2 máis
Sobre as obras que se están a executar na Ponte Nafonso, entre os concellos de Noia e Outes

- 27157 (11/POP-003928)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pérez Fernández, Rosana e 2 máis
Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto do establecemento dun protocolo covid-19 para os traballadores do mar

- 27158 (11/POP-003929)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pérez Fernández, Rosana e 2 máis
Sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para chegar a acordos co sector da pesca de lecer

- 27159 (11/POP-003930)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pérez Fernández, Rosana e 3 máis
Sobre as actuacións levadas a cabo pola Xunta de Galicia para tratar de poñer fin á situación de emerxencia humanitaria que está a vivir no Iemen o patrón galego do buque *Cobija*

- 27160 (11/POP-003931)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pérez Fernández, Rosana e 2 máis
Sobre a actuación da Xunta de Galicia diante da denegación de auxilio ao buque *Manuel Laura* en Irlanda

- 27169 (11/POP-003932)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rivas Cruz, Xosé Luís e 2 máis
Sobre a valoración do Goberno galego respecto da existencia de garranos

- 27171 (11/POP-003933)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 2 máis
Sobre as medidas a tomar para a anticipación na loita contra a Covid 19

- 27173 (11/POP-003934)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

CSV: BOPGDSPG-8egKxqH80-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Prado Cores, María Montserrat e 2 máis
Sobre necesidade de repoñer a atención pediátrica nos centros de saúde de Meis, Meaño, Ribadumia e Illa de Arousa

- 27175 (11/POP-003935)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 2 máis
Sobre as previsión do Servizo Galego de Saúde para a reapertura dos consultorios pechados desde o inicio da pandemia pola covid-19

- 27177 (11/POP-003936)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 2 máis
Sobre a valoración da Xunta de Galicia da atención á saúde mental que está a recibir a poboación da Área Sanitaria Pontevedra-Salnés

- 27182 (11/POP-003937)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 3 máis
Sobre as previsión do Goberno galego para repoñer o facultativo suprimido no punto de atención continuada de Caldas

Santiago de Compostela, 10 de xaneiro de 2022
Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

**CSV:** BOPGDSPG-8egKxqH80-1
**Verificación:** https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/12/2021 12:50:19
Nº Rexistro: 26791
Data envio: 29/12/2021 12:50:19.706

grupo parlamentario popular de galicia

**Á Mesa do Parlamento**

**Teresa Egerique Mosquera, José Manuel Balseiro Orol, Ana Belén García Vidal, Begoña Freire Vázquez, Manuel Santos Costa, Elena Suárez Sarmiento** e **Daniel Vega Pérez,** deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

A Consellería do Mar aprobou na convocatoria deste ano axudas para 56 proxectos colectivos que contribúen á protección e recuperación da biodiversidade mariña a través dunha mellor xestión e conservación dos recursos mariños e dos seus ecosistemas, así como ao fomento da sensibilización ambiental.

Os seus principais beneficiarios son as confrarías de pescadores, ademais das organizacións de produtores, cooperativas do mar e as asociacións de profesionais do sector de Galicia que elaboren e desenvolvan proxectos colectivos con accións como a elaboración e seguimento dos plans de coxestión de recursos mariños vivos e a optimización e seguimento dunha correcta xestión dos recursos biolóxicos mariños, atendendo á Directiva marco sobre a estratexia mariña.

Outras actuacións subvencionables son aquelas que contribúen á vixilancia epidemiolóxica, como o envío de mostras ao Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia (Intecmar) para coñecer o estado sanitario das augas e especies marisqueiras, e operacións de salvagarda do medio mariño e das súas especies. Dentro das operacións de salvagarda, o persoal de vixilancia actúa baixo a supervisión do Servizo de Gardacostas de Galicia e en colaboración con este.

A formación dos profesionais da pesca, orientada a adquirir novas competencias para unha mellor xestión e conservación dos recursos mariños vivos e dos ecosistemas en que viven, é outra acción obxecto de axuda. A maiores, tamén se subvencionan actuacións de aumento da sensibilización ambiental coa participación directa do sector, podendo incluír campañas de divulgación.

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Cal é o orzamento total destinado aos proxectos colectivos que contribúan á protección e recuperación da biodiversidade mariña?

Santiago de Compostela, 29 de decembro de 2021

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-8egKxqH80-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/12/2021 12:50:19
Nº Rexistro: 26791
Data envio: 29/12/2021 12:50:19.706

grupo parlamentario popular de galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Teresa Egerique Mosquera na data 29/12/2021 12:39:17**

**José Manuel Balseiro Orol  na data 29/12/2021 12:39:30**

**Ana Belén García Vidal na data 29/12/2021 12:39:45**

**Freire Vázquez, María Begoña na data 29/12/2021 12:39:55**

**Manuel Santos Costa na data 29/12/2021 12:40:04**

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-8egKxqH80-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/12/2021 12:50:19
Nº Rexistro: 26791
Data envio: 29/12/2021 12:50:19.706

grupo parlamentario popular de galicia

**María Elena Suárez Sarmiento na data 29/12/2021 12:40:14**

**Daniel Vega Pérez na data 29/12/2021 12:40:28**

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-8egKxqH80-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/12/2021 12:50:47
Nº Rexistro: 26793
Data envio: 29/12/2021 12:50:47.675

grupo parlamentario popular de galicia

**Á Mesa do Parlamento**

**Teresa Egerique Mosquera, José Manuel Balseiro Orol, Ana Belén García Vidal, Begoña Freire Vázquez, Manuel Santos Costa, Elena Suárez Sarmiento** e **Daniel Vega Pérez,** deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

No Consello de Ministros de Pesca da Unión Europea de decembro de 2021 fixáronse os totais admisibles e capturas (TAC) e cotas para 2022 en parte das augas do Atlántico e do mar do Norte.

Amais, en datas anteriores ao Nadal foi acadado un acordo co Reino Unido polo que se fixa as cifras dos TAC para aquelas especies compartidas con este país, e que recolle tamén consideracións e propostas de cara ao 2022 para revisar cuestións relativas a esta fixación de posibilidades de pesca.

Como Galicia é a comunidade autónoma que maior interese ten nesta definición de cotas, calquera movemento das súas cifras ten unha afectación social e económica de gran importancia.

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Cal é o balance que fai o Goberno galego do resultado das negociacións das posibilidades de captura para 2022?

Santiago de Compostela, 29 de decembro de 2021

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-8egKxqH80-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/12/2021 12:50:47
Nº Rexistro: 26793
Data envio: 29/12/2021 12:50:47.675

grupo parlamentario popular de galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Teresa Egerique Mosquera na data 29/12/2021 12:43:10**

**José Manuel Balseiro Orol  na data 29/12/2021 12:43:22**

**Ana Belén García Vidal na data 29/12/2021 12:43:34**

**Freire Vázquez, María Begoña na data 29/12/2021 12:43:45**

**Manuel Santos Costa na data 29/12/2021 12:43:55**

**María Elena Suárez Sarmiento na data 29/12/2021 12:44:03**

**Daniel Vega Pérez na data 29/12/2021 12:44:18**

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-8egKxqH80-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/12/2021 13:02:55
Nº Rexistro: 26794
Data envio: 29/12/2021 13:02:55.628

grupo parlamentario popular de galicia

**Á Mesa do Parlamento**

**Teresa Egerique Mosquera, Ovidio Rodeiro Tato, Elena Súarez Sarmiento, Carlos Gómez Salgado, José Luis Ferro Iglesias, Moisés Rodríguez Pérez e María Felisa Rodríguez Carrera** deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario Popular, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte Pregunta oral en Pleno.

O sector audiovisual é un ámbito estratéxico para o desenvolvemento da cultura de Galicia. Nos últimos anos, o noso audiovisual experimentou un desenvolvemento moi importante, tanto en termos cuantitativos como cualitativos. Hoxe dá traballo a 2.000 persoas e xera ingresos por máis de 127M€.

Os bos resultados son froito dun extraordinario talento artístico e dunha notable competencia técnica e empresarial dos profesionais que participan, articulan e compoñen a industria cinematográfica. Tamén a Axencia Galega das Industrias Culturais, como órgano encargado de dar impulso ao tecido empresarial do sector cultural galego, xoga un papel clave nesta evolución.

Fai uns meses, a AGADIC presentou o proxecto Hub Audiovisual da Industria Cultural dotado cun orzamento de 9,6M€ ata 2023. Trátase dunha ambiciosa iniciativa que pretende seguir contribuíndo ao desenvolvemento do sector e apoiando aos seus profesionais.

Despois de múltiples encontros cos axentes culturais, no mes de setembro a Xunta de Galicia puxo en marcha a primeira convocatoria do Hub dedicada á atracción de rodaxes.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta oral en pleno:

Cales foron os avances levados a cabo polo Goberno galego no impulso ao proxecto do Hub Audiovisual da Industria Cultural?

Santiago de Compostela, 29 de decembro 2021.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-8egKxqH80-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/12/2021 13:02:55
Nº Rexistro: 26794
Data envio: 29/12/2021 13:02:55.628

grupo parlamentario popular de galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Teresa Egerique Mosquera na data 29/12/2021 13:00:52**

**Ovidio Rodeiro Tato  na data 29/12/2021 13:01:10**

**María Elena Suárez Sarmiento na data 29/12/2021 13:01:21**

**Rodríguez Pérez, Moisés na data 29/12/2021 13:01:41**

**Gómez Salgado, Carlos na data 29/12/2021 13:01:47**

**María Felisa Rodríguez Carrera na data 29/12/2021 13:01:55**

**José Luis Ferro Iglesias na data 29/12/2021 13:02:04**

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-8egKxqH80-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/12/2021 13:03:17
Nº Rexistro: 26797
Data envio: 29/12/2021 13:03:17.268

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Xosé Luis Rivas Cruz** e **Luis Bará Torres**, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A escasos 50m da Ponte Boado, augas abaixo, no río Tambre, coas parroquias de Buazo-Boimorto na marxe esquerda e a parroquia de Boado-Mesía na marxe dereita, pasa de catro anos que hai un tapón con xeito de presa que impide o libre discorrer das augas.

Pode ter preto dos 4 metros de altura e está formado por troncos e polas de árbores arrastrados polas enchentes sucesivas e que foron apresando ao seren freados polos ameneiros que hai no leito.

A Consellería de Medio Ambiente foi avisada varias veces e houbo xa máis de dúas inspeccións sen que eses materiais fosen retirados deixando o leito expedito.

Non se entende esta indolencia e falta de acción de parte do goberno galego, ese non facer nin deixar facer.

O perigo é serio pois de aparecer un período de chuvia intensa, a crecida do río e o arrastre de materiais pode acrecentar a mencionada barreira ocasionando un apresamento de auga fóra de lugar e coa rotura facer un arrastre e ocasionar unha desfeita río abaixo en vivendas, pontes e facendas



CSV: BOPGDSPG-8egKxqH80-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/12/2021 13:03:17
Nº Rexistro: 26797
Data envio: 29/12/2021 13:03:17.268

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Cal é a razón pola que o goberno de Galiza non actúa a respecto do tapón de materiais de arrastre no río Tambre a escasos metros da chamada Ponte Boado á altura das parroquias de Buazo-Boimorto na marxe esquerda e de Boado-Mesía na marxe dereita?

Santiago de Compostela, 29 de decembro de 2021

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

**Luis Bará Torres**

Deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Xosé Luis Bará Torres na data 29/12/2021 13:02:30**

**Xosé Luis Rivas Cruz na data 29/12/2021 13:02:33**

CSV: BOPGDSPG-8egKxqH80-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/12/2021 13:10:27
Nº Rexistro: 26802
Data envio: 29/12/2021 13:10:27.675

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Xosé Luis Rivas Cruz**, **Luis Bará Torres**, **Noa Presas Bergantiños** e **Olalla Rodil Fernández**, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O parque eólico Pena Ombra, prevé a instalación de dez aeroxeradores nunha zona elevada, na dorsal denominada Cova da Serpe, que se sitúa nos concellos de Guitiriz (Lugo), Curtis e Sobrado dos Monxes, estes dous últimos na provincia de A Coruña. Este proxecto está promovido por Greenalia Wind Power, S.L.U.

Esta dorsal está na divisoria entre as concas dos ríos Miño e Mandeo e ao leste da zona de implantación localízanse, de sur a norte, os nacementos dos seguintes cursos fluviais: Rego da Fonte do Forcas, Rego de Augas Roibas, Rego Seidoiro, Rego das Cachoeiras, Rego do Cal da Chousa e un afluente do mesmo polo norte e o Rego do Roxedoiro. Pola vertente oeste da cordal, de sur a norte, nacen dous afluentes do Rego da Fonte Lobeiras, dous afluentes do Rego da Labrada, o Rego do Portocastro, o Rego do Remourán e dous afluentes do mesmo. Cara ao sur da zona de implantación nace o Rego de Pontetuela, o Rego da Fonte Lobeiras e un afluente deste último. Ao noroeste da zona de implantación nace o Rego de Portos Carros.

As obras de instalacións das dez máquinas máis a subestación e demais construcións, cos movementos de terras para a cimentación, pistas de acceso e evacuacións da enerxía xerada, é máis ca probable que se produzan modificacións



CSV: BOPGDSPG-8egKxqH80-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/12/2021 13:10:27
Nº Rexistro: 26802
Data envio: 29/12/2021 13:10:27.675

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

hidromorfolóxicas serias tanto en superficie coma en masas de augas subterráneas que alteren a natural distribución das mesmas.

A ladeira oeste da dorsal na que se localizan os aeroxeradores atópase recollida dentro da proposta de ampliación da superficie ocupada pola Rede Natura, dentro do LIC Serra da Cova da Serpe, sendo definida parte da mesma como zona núcleo da Reserva da Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo.

En concreto fálase da presenza no LIC dos seguintes hábitats:

4020 *. Brezais húmidos atlánticos. Hábitat prioritario.

7110 *. Turbeiras altas activas. Hábitat prioritario.

7140. "Mires" de transición. Hábitat de interese natural.

A protección destes hábitats é unha das bases polas que se formula a ampliación da Rede Natura e para dar cumprimento ó recolleito na Decisión da Comisión Europea 2004/813/CEE, do 7 de decembro de 2004, na que se expón a necesidade de mellora-la representación no ámbito do estado español dos hábitats 4020*, 7110* e 7140, dentro da Rexión Bioxeográfica Atlántica.

Existe tamén unha afección severa e incompatible coa Reserva da Biosfera pois as estruturas do proxecto localízanse en zona núcleo e tampón dentro de Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo e en zona tampón e de transición dentro de Terras do Miño.

TERRAS DO MIÑO

A Reserva inclúese dentro da Rexión Biogeográfica Atlántica ou Eurosiberiana, con relevos montañosos de rocas silíceas, no norte e centro, zona que



CSV: BOPGDSPG-8egKxqH80-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/12/2021 13:10:27
Nº Rexistro: 26802
Data envio: 29/12/2021 13:10:27.675

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

coincide cunha antiga conca sedimentaria, con formacións calcarias na súa profundidade.

A práctica totalidade das zonas núcleo da Reserva posúen a condición de áreas protexidas, declaradas como Espazo Natural Protexido baixo a figura de Zona de Especial Protección dos Valores Naturais (ZEPVN) definidas na Lei 9/2001 do 21 de agosto, de Conservación da Natureza.

Ao norte da reserva, as Turbeiras altas e de cobertor da Serra do Xistral son o único sistema (máis de 50 hectáreas) de turbeira de cobertor activo do sur europeo. Con depósitos de orixe glaciar e preglaciar, cuxa idade supera os 50.000 anos, constitúen unha das áreas de maior interese para o estudo da dinámica climática e paisaxística do NW Ibérico.

A reserva representa un mosaico de lagoas, charcas, turbeiras e medios higrófilos de gran interese biolóxico, constituíndo hábitats apropiados para un número importante de especies endémicas, raras e en perigo de extinción (32 hábitats de interese comunitario, 10 deles prioritarios).

A torre anemométrica, todas as estruturas asociadas ás máquinas 03, 04 (excepto unha pequena superficie de plataforma), 08 e 09, a cimentación e a maior parte das plataformas da máquina 07, parte das plataformas asociadas ás máquinas 05 e 10, parte da cimentación e as plataformas asociadas ás máquinas 02 e 06 sitúanse sobre zona tampón.

REXEITAMENTO MUNICIPAL

**O concello de Curtis, un dos máis afectados por este PE, oponse rotundamente a este proxecto e reclama a elaboración dun novo plan de**



CSV: BOPGDSPG-8egKxqH80-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/12/2021 13:10:27
Nº Rexistro: 26802
Data envio: 29/12/2021 13:10:27.675

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**desenvolvemento eólico que deixe fóra este territorio municipal.** Fan fincapé nos **moitos efectos negativos da instalación dos aeroxeradores xunto ás moitas infraestruturas asociadas,** apertura de pistas para o transporte, liña subterránea de media tensión, torre meteorolóxica, subestación transformadora, e a escasa distancia dos aeroxeradores aos núcleos habitados.

Desde o Concello advirten da grave afección da calidade de vida, da saúde, das propiedades dos veciños/as**, da paisaxe e da avifauna**, así coma da ***vulneración do planeamento urbanístico da localidade e a legalidade vixente por invadir de maneira parcial o LIC Cova da Serpe***, incluído na proposta de ampliación da Rede Natura.

DESENVOLVEMENTO RURAL

Mais a afectación inmediata máis importante reside na prepotencia amosada por todo este movemento empresarial, amparado polos gobernos, que entra a saco nun medio con claros síntomas de febleza. O envellecemento vexetativo da poboación, a redución da actividade agrogandeira e a mofa que supón o aproveitamento dun recurso común sen contrapartida en beneficio da sociedade e do medio rural fan que a indignación medre.

Porque o rendemento económico dos parques é un feito constatado ao igual que as negativas afectacións medio ambientais, da saúde humana, económicas (valor das fincas), paisaxísticas, e da actividade agraria, gandeira e forestal.

Logo están as operacións de fraccionamento dos proxectos, o TSX de Galicia xa se pronunciou ao respecto, e as outras moitas artimañas que de lles saíren de acordo cos seus múltiples proxectos van facer dos nosos montes e terras de labor unha forestación masiva de fustes de aeroxeradores superior á do eucalipto.



CSV: BOPGDSPG-8egKxqH80-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/12/2021 13:10:27
Nº Rexistro: 26802
Data envio: 29/12/2021 13:10:27.675

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

SEIS, DE MOMENTO

E isto é o máis grave da situación da comarca, son máis de seis parques na mesma poligonal cunha lonxitude de arredor de 12 kms e unha anchura de arredor de 6. Falamos de Pena Ombra  con 10 aeroxeradores, Cova da Serpe con 12, Corno de Boi con 3, Monte do Cordal con 4, Friol con 7 e o do Alto dos Borrallos con 15.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Ten previsto o Goberno galego realizar un estudo de impacto ambiental conxunto do parque eólico de Pena Ombra e dos 5 previstos na mesma poligonal, que suman 51 aeroxeradores coas correspondentes subestacións, liñas de evacuación, pistas de acceso, liñas de alta tensión...?

Santiago de Compostela, 29 de decembro de 2021

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

**Noa Presas Bergantiños**

**Olalla Rodil Fernández**

**Luis Bará Torres**

Deputados e deputadas do G.P. do BNG

CSV: BOPGDSPG-8egKxqH80-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/12/2021 13:10:27
Nº Rexistro: 26802
Data envio: 29/12/2021 13:10:27.675

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**Xosé Luis Bará Torres na data 29/12/2021 13:09:30**

**Olalla Rodil Fernández na data 29/12/2021 13:09:41**

**Noa Presas Bergantiños na data 29/12/2021 13:09:49**

**Xosé Luis Rivas Cruz na data 29/12/2021 13:09:58**

CSV: BOPGDSPG-8egKxqH80-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/12/2021 13:14:00
Nº Rexistro: 26803
Data envio: 29/12/2021 13:14:00.331

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Xosé Luis Rivas Cruz**, **María González Albert** e **Carmen Aira Díaz,** deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

*…"A empresa norueguesa ERIMSA pretende levar a cabo proxectos de extracción de seixo nos concellos de Frades, Mesía, Oroso e Ordes.*

*Nestes momentos están en fase de exposición pública un proxecto extractivo na parroquia de Xanceda (Mesía), e tres permisos de investigación que afectarían aos concellos de Frades, Oroso e Ordes.*

*Estamos a falar dunha superficie de 6.721Has. de terras agropecuarias, na súa meirande parte, de primeira calidade, que sustentan case duascentas granxas das cales o 90% son de leite que dan ocupación directa arredor de cincocentas persoas.*

*O perigo real deste tipo de explotacións mineiras e a tenor do ocorrido noutras parroquias xa prospectadas e explotadas é o carácter irreversible, ou no mellor dos casos, custosa recuperación, en tempo e medios, da fertilidade das terras afectadas.*

*Estamos a falar de terras agrarias que sufriron proxectos de concentración onde se investiron diñeiros do erario público na súa mellora e que se ven ameazados recibindo un lucro por hectárea exiguo.*



CSV: BOPGDSPG-8egKxqH80-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/12/2021 13:14:00
Nº Rexistro: 26803
Data envio: 29/12/2021 13:14:00.331

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

*Estes proxectos supoñen un pequeno molete de pan para hoxe e fame callada para mañá ao deixar a terras en situación de aridez case permanente..."*

Así rezaba o argumentario principal dunha das preguntas parlamentarias rexistradas en 2017 e respostada unha delas en Comisión polo Dtor. Xeral señor Pérez Dubois quen, en nome do goberno galego, exhibiu un informe desfavorable da Dirección Xeral de Agricultura co que se daba como practicamente denegada a DIA do proxecto mineiro en cuestión.

Mais na Declaración de Impacto Ambiental do Proxecto de Explotación da Concesión Derivada XANCEDA N~ 7138 nos concellos de FRADES e MESIA (A CORUÑA), promovido por ERIMSA. 2016/0201, aparece mencionado un segundo informe emitido pola xa citada Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Alimentarias nas que muda de opinión e pasa a ser favorable ao proxecto con condicións. Este segundo informe radicalmente contraposto ao anteriormente emitido suscitaba as alarmas na comarca e motivaba a seguinte pregunta feita na Comisión 7ª ao sr. Director Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Alimentarias:

--*Que razóns ou presións levan á Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Alimentarias a cambiar de criterio neste segundo informe a que alude a DIA ?*

Na súa resposta xustificábase que a positividade deste segundo informe era a unha actividade mineira parcial, de común acordo entre a empresa e os propietarios, non incluía as terras adicadas a produción ecolóxica e seguía negando o dereito a expropiación por parte da empresa.

E neste mes de novembro, unha outra vez, a Consellaría de Medio Ambiente vén de autorizar á empresa Erimsa a extraer seixo de silicio en 1.160 has. agrícolas no



CSV: BOPGDSPG-8egKxqH80-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/12/2021 13:14:00
Nº Rexistro: 26803
Data envio: 29/12/2021 13:14:00.331

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

concello de Frades polo procedemento de peneirado da terra coa condición de existir acordo cos propietarios e devolvérllelas aptas novamente para uso agrícola.

O concello de Frades foi e máis é exemplo de desenvolvemento gandeiro cunha cabana de vacún lácteo considerable e cunha estrutura da propiedade que contou con concentracións parcelarias desde antes dos 80 do século pasado.

Calquera técnico en edafoloxía e en produción agrícola sabe, e así o afirman, que o proceso extractivo do croio de silicio, a unha fondura media dun a dous metros, desestrutura o solo afectando gravemente a súa fertilidade facendo o proceso irreversible.

Esta actividade, segundo a empresa, supoñerá 8 novos postos de traballo, claro que se pode contra argumentar preguntando cantos postos de traballo e canta riqueza sostible xeran 1.160 has. de terreo de alto rendemento agrario.

Porque do que falamos é de terras altamente produtivas e que son tamén o resultado de investimentos públicos en concentracións parcelarias, melloras, PAC... que tras os procesos extractivos quedarían anulados. E falamos do deterioro produtivo e ambiental de 11,6 Km2 sobre unha superficie total do concello de 81 incluído monte, zonas improdutivas...

Somos conscientes de que hai un crecente desánimo na actividade agrogandeira dalgunhas explotacións que non ven claro o seu futuro debido á incerta situación do sector lácteo e á falta de sucesión e continuidade nalgúns casos. Mais iso non é argumento para derramar permanentemente SAU de alto rendemento agrícola

CSV: BOPGDSPG-8egKxqH80-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/12/2021 13:14:00
Nº Rexistro: 26803
Data envio: 29/12/2021 13:14:00.331

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que razóns ou presións levan á Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Alimentarias a non intervir en defensa da SAU ameazada pola actividade extractiva da empresa Erimsa no concello de Frades?

Santiago de Compostela, 18 de novembro de 2021

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

**María González Albert**

**Carmen Aira Díaz**

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Xosé Luis Rivas Cruz na data 22/11/2021 12:21:41**

**María González Albert na data 22/11/2021 12:21:45**

**María del Carmen Aira Díaz na data 22/11/2021 12:21:55**

CSV: BOPGDSPG-8egKxqH80-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/12/2021 13:14:21
Nº Rexistro: 26804
Data envio: 29/12/2021 13:14:21.018

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Xosé Luis Rivas Cruz**, **María González Albert** e **Carmen Aira Díaz,** deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Afirmar que os modelos de explotación bovina, tanto en lácteo coma en carne, en extensivo ou en intensivo, de Galiza  difiren radicalmente dos habituais no resto do estado sería unha verdade de Perogrullo.

O borrador do *"RD polo que se establecen normas básicas de ordenación das explotacións bovinas*" é unha vez máis a demostración do escaso peso político dos sectores produtivos do vacún galego pese a ser o 45% da produción láctea e ostentar desde sempre a sona da mellor carne de vacún do estado.

Unha vez máis constatamos que desde o goberno español na hora de facer leis non se contempla a realidade diferenciada dos sectores produtivos de Galicia que no caso que nos ocupa debera ser prioritaria polo seu peso produtivo, económico e ocupacional.

O goberno da Xunta de Galiza, unha vez máis, amosa neste eido a súa febleza e submisión fronte aos ditados de Madrid e pouco interese polo rural de Galicia e o seu futuro. O incuestionable peso económico e produtivo do lácteo e cárnico do bovino

CSV: BOPGDSPG-8egKxqH80-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/12/2021 13:14:21
Nº Rexistro: 26804
Data envio: 29/12/2021 13:14:21.018

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

galego non se corresponde co escaso peso político que o PP lle dá tanto nos foros españois coma europeos.

Velaí neste proxecto de Real Decreto unha mostra máis nun articulado que colide frontalmente coa realidade da actividade bovina nos seus diferentes aspectos en Galicia. Vexamos algúns exemplos:

*ARTIGO 4.-*

*Apartado 1*

*Coa fin de reducir o risco de difusión de enfermidades infecto contaxiosas no gando bovino, deberase respectar unha distancia mínima de 500 metros das explotacións de bovino xa existentes, con respecto a calquera outro establecemento ou instalación que poida representar un risco hixiénico-sanitario, e cos cascos urbanos. A estes efectos, entenderanse incluídas as plantas de transformación de subprodutos de orixe animal non destinados ao consumo humano de categorías 1 y 2, os matadoiros de bovino, os vertedoiros, os almacéns de estercos, xurros ou de lamas de depuradoras, as depuradoras de auga, calquera outra instalación onde se manteñan animais epidemiolóxicamente relacionados, os seus cadáveres ou partes destes.*

Estamos diante dunha invasión de competencias pois a propia Lei do Solo de Galicia establece que a distancia mínima entre novas explotacións a unha vivenda ou a un núcleo de poboación é de 100m e a distancia de ampliacións de explotacións xa existentes será a que marque o planeamento municipal respecto de colindantes.

Sería ben tamén definir o que se considera casco urbano e diferencialo claramente dos núcleos rurais galegos.



CSV: BOPGDSPG-8egKxqH80-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/12/2021 13:14:21
Nº Rexistro: 26804
Data envio: 29/12/2021 13:14:21.018

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

No aspecto sanitario será ben lembrarlle ó ministerio que as nosas explotacións están controladas sanitariamente e que a nosa comunidade foi declarada hai pouco libre de tuberculose polo que se ve totalmente innecesario gardar as distancias que se marcan no borrador.

Desde sempre as nosas explotacións están próximas á vivenda familiar nos núcleos rurais e aldeas, e o manexo destes animais necesita da proximidade que favorece o traballo e a atención que se lles presta. Falamos dunha maioría de pequenas e medianas explotacións de corte familiar dependentes dunha máis que aceptable base territorial en proximidade.

*ARTIGO 18*

*Apartado 3*

*Sen prexuízo do que establece o apartado anterior, a autoridade competente poderá conceder unha autorización de ampliación ás explotacións debidamente autorizadas e inscritas no Rexistro de explotacións de gando bovino con anterioridade á entrada en vigor do presente real decreto, aínda que non cumpran coas condicións sobre ubicación e afastamento sanitario que establece o artigo 4, sempre que non implique unha redución das distancias existentes cos establecementos ou instalacións que poidan constituír unha fonte de contaxio ou os cascos urbanos.*

Esta última parte do apartado impediría a ampliación da meirande parte das explotacións de Galicia por estaren tradicionalmente achegadas entre si e próximas ás vivendas dos titulares. Comprometería gravemente a súa viabilidade e continuidade e reduciría drasticamente o emprendemento e a incorporación de xente moza á actividade gandeira.



CSV: BOPGDSPG-8egKxqH80-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/12/2021 13:14:21
Nº Rexistro: 26804
Data envio: 29/12/2021 13:14:21.018

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Non son estes os únicos aspectos do articulado que deixan claro que para a redacción deste borrador non se tivo en conta a realidade gandeira deste noso País sendo, repetimos unha vez máis, grave este feito por tratarse da comunidade autónoma gandeira por excelencia.

Trátase dunha normativa de corte plenamente centralista e uniformizadora que invade competencias. A normativa, a pesar de recoller unha serie de esixencias e requisitos de funcionamento nas explotacións de vacún, non establece unha diferenciación clara e concreta entre as granxas de intensivo e as de pastoreo en extensivo con equipamentos, manexo e mesmo xestión dos animais claramente diferentes nestes dous tipos de explotacións. Tampouco diferencia entre os criadeiros, cebadeiros, as granxas de carne ou as produtoras de leite.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que xestións e presións leva feitas o goberno galego para facer valer a realidade das explotacións de bovino a respecto do borrador do Proxecto de Real Decreto "*polo que se establecen normas básicas de ordenación das explotacións bovinas*" que está a elaborar o MAPAMA?

Santiago de Compostela, 18 de novembro de 2021

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

**María González Albert**



CSV: BOPGDSPG-8egKxqH80-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/12/2021 13:14:21
Nº Rexistro: 26804
Data envio: 29/12/2021 13:14:21.018

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Carmen Aira Díaz**

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Xosé Luis Rivas Cruz na data 18/11/2021 11:42:26**

**María González Albert  na data 18/11/2021 11:42:29**

**María del Carmen Aira Díaz  na data 18/11/2021 11:42:36**

CSV: BOPGDSPG-8egKxqH80-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/12/2021 13:16:17
Nº Rexistro: 26806
Data envio: 29/12/2021 13:16:17.643

grupo parlamentario popular de galicia

**Á Mesa do Parlamento**

**Teresa Egerique Mosquera, Ovidio Rodeiro Tato, Elena Súarez Sarmiento, Carlos Gómez Salgado, José Luis Ferro Iglesias, Moisés Rodríguez Pérez e María Felisa Rodríguez Carrera** deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario Popular, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte Pregunta oral en Pleno.

As políticas a prol do fomento e a dinamización da lectura en Galicia son unha tarefa de toda a sociedade, na que están implicados múltiples axentes tanto públicos como privados.

A consolidación dunha cidadanía lectora debe ser o obxectivo central de calquera política cultural. Por iso, o Goberno galego traballa coa vista en:

- Reforzar o papel do libro galego e aumentar o hábito lector entre a cidadanía.
- Favorecer a consolidación da industria editorial.
- Impulsar a internacionalización do libro e da literatura galega.

Porén, para poder acadar estes obxectivos sectoriais básicos é preciso dispoñer dun documento, que parta dun diagnóstico da situación e que sexa o resultado dun traballo de reflexión cos sectores implicados, no que se recollan e ordenen as prioridades e necesidades, a concreción das liñas e das medidas que se van levar a cabo, e a temporización.

A Xunta de Galicia xa iniciou a elaboración, no seo do Consello Asesor do Libro de Galicia, dun Plan de Dinamización Lectora de Galicia, documento que debe contar co maior consenso posible para resultar útil e eficaz. Este plan enmárcase na Estratexia de Cultura de Galicia 2021 e busca fixar os eixes estratéxicos e as medidas da acción cultural de Galicia neste ámbito nos vindeiros anos.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta oral en pleno:

Cales foron os avances na elaboración do Plan de Dinamización Lectora de Galicia por parte da Xunta de Galicia?

Santiago de Compostela, 29 de decembro 2021

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-8egKxqH80-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/12/2021 13:16:17
Nº Rexistro: 26806
Data envio: 29/12/2021 13:16:17.643

grupo parlamentario popular de galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Teresa Egerique Mosquera na data 29/12/2021 13:10:32**

**Ovidio Rodeiro Tato  na data 29/12/2021 13:10:47**

**María Elena Suárez Sarmiento na data 29/12/2021 13:10:59**

**Rodríguez Pérez, Moisés na data 29/12/2021 13:12:21**

**Gómez Salgado, Carlos na data 29/12/2021 13:12:28**

**María Felisa Rodríguez Carrera na data 29/12/2021 13:12:35**

**José Luis Ferro Iglesias na data 29/12/2021 13:13:02**

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-8egKxqH80-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/12/2021 13:28:59
Nº Rexistro: 26808
Data envio: 29/12/2021 13:28:59.831

grupo parlamentario popular de galicia

**Á Mesa do Parlamento**

**Teresa Egerique Mosquera, Ovidio Rodeiro Tato, Elena Súarez Sarmiento, Carlos Gómez Salgado, José Luis Ferro Iglesias, Moisés Rodríguez Pérez e María Felisa Rodríguez Carrera** deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario Popular, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte Pregunta oral en Pleno.

Para afrontar os retos da cultura galega a Xunta de Galicia, a través da Secretaría Xeral de Cultura, impulsou a Estratexia da Cultura Galega.

Unha folla de ruta ideada como guía para a acción do Goberno galego neste ámbito.
A elaboración deste documento baseouse nun proceso compartido e transparente, que favoreceu a participación de profesionais dos diferentes sectores culturais. O resultado final foi un documento conformado por 6 liñas e 34 obxectivos estratéxicos.

Un texto ambicioso que presenta importantes mudanzas para o sector e que ten como gran obxectivo incidir na transformación das políticas públicas na nosa Comunidade.

Porén, o contexto no que foi pensado e elaborado cambiou radicalmente co inicio da pandemia o que obrigou á Xunta de Galicia a tomar medidas novas adaptadas ás necesidades do sector cultural.

Polo exposto, os deputados e deputada asinantes formulan a seguinte pregunta oral en pleno:

Cales foron os avances realizados pola Xunta de Galicia no ámbito da Estratexia da Cultura Galega?

Santiago de Compostela, 29 de decembro 2021.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-8egKxqH80-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/12/2021 13:28:59
Nº Rexistro: 26808
Data envio: 29/12/2021 13:28:59.831

grupo parlamentario popular de galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Teresa Egerique Mosquera na data 29/12/2021 13:24:11**

**Ovidio Rodeiro Tato  na data 29/12/2021 13:24:25**

**María Elena Suárez Sarmiento na data 29/12/2021 13:24:37**

**Rodríguez Pérez, Moisés na data 29/12/2021 13:24:55**

**Gómez Salgado, Carlos na data 29/12/2021 13:25:02**

**María Felisa Rodríguez Carrera na data 29/12/2021 13:25:10**

**José Luis Ferro Iglesias na data 29/12/2021 13:25:22**

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-8egKxqH80-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/12/2021 13:29:11
Nº Rexistro: 26809
Data envio: 29/12/2021 13:29:11.081

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Xosé Luis Rivas Cruz**, **María González Albert** e **Carmen Aira Díaz,** deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Contradicindo a lóxica marcada pola orografía, clima e reparto da propiedade nas súas diversas manifestacións, a tendencia marcada polas políticas dos gobernos do PP na Xunta de Galiza foron levando as explotacións gandeiras, nomeadamente as de leite, a unha intensividade que as fai cada vez máis vulnerábeis e dependentes dos insumos esóxenos ao non dispoñeren de base territorial abondo para o número de cabezas.

Ao mesmo tempo, estas dinámicas orientaron os cultivos forraxeiros a menos herba e máis maínzo. Este feito, debido á ocupación de varios meses da terra sen poder fertilizar con xurros, leva a que a capacidade das fosas se volva insuficiente para almacenar o zudre xerado neses meses.

Os vertidos non desexados e sobardamentos marcan a necesidade de medidas políticas correctoras en ben da saúde humana, do equilibrio medioambiental e nun mellor aproveitamento dos recursos fertilizantes orgánicos.

Debido á forte subida do prezo do gas natural e do custe dos dereitos de emisións á atmosfera de $CO_2$ emitidas na fabricación de fertilizantes químicos, están

CSV: BOPGDSPG-8egKxqH80-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/12/2021 13:29:11
Nº Rexistro: 26809
Data envio: 29/12/2021 13:29:11.081

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

parando numerosas fábricas en España (Fertiberia) e en toda Europa polo que nos atopamos ante un panorama de subida dos prezos dos fertilizantes o que constitúe unha ameaza para a viabilidade das nosas explotacións, sumada a escalada nos prezos das materias primas utilizadas na elaboración dos pensos.

Esta situación, constitúe unha óptima oportunidade para fomentar o modelo familiar de granxas ligadas á terra, sendo a mellora na xestión dos abonos orgánicos, un gran exemplo de economía circular, que permitiría un maior grao de autosuficiencia e tamén da redución da pegada ecolóxica das nosas granxas, pola redución de emisións indirectas de CO2 derivadas da fabricación de ditos abonos químicos.

Galiza que ocupa o décimo lugar en importancia, das rexións europeas produtoras de leite é sen embargo a única rexión produtora que non presenta aínda zonas vulnerables en canto á contaminación por nitratos. E mesmo así as políticas conducentes á intensificación e concentración da produción marcan realidades que están reclamando medidas correctoras na xestión destes recursos fertilizantes.

Moitas fosas actuais precisan con urxencia un redimensionamento da súa capacidade para poder almacenar durante períodos de tempo máis longos, así coma cubricións que eviten que a auga da chuvia aumente o volume de xurro reducindo así o tempo e gasto de gasoil no transporte coas cisternas, desde as fosas aos cultivos, e faciliten a creación desa costra que estanca o mesmo e evita unha parte considerable das emisións de metano, de óxido nitroso e amoníaco, facilitando o cumprimento na redución de emisións de contaminantes atmosféricos, Directiva 2016/2284 (Directiva de Teitos nacionais de emisións) plasmados no Programa Estatal de Control da Contaminación Atmosférica.



CSV: BOPGDSPG-8egKxqH80-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/12/2021 13:29:11
Nº Rexistro: 26809
Data envio: 29/12/2021 13:29:11.081

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Trátase, pois, de xestionar en orixe a autosuficiencia das explotacións en abono e de evitar os vertidos accidentais e os apuros de xestión dos xurros en determinadas épocas do ano.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que ten previsto o goberno galego para evitar a concentración excesiva de xurros e os problemas de xestión que representan actualmente en moitas explotacións gandeiras de leite?

Santiago de Compostela, 29 de decembro de 2021

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

**María González Albert**

**Carmen Aira Díaz**

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Xosé Luis Rivas Cruz na data 29/12/2021 13:28:29**

**María González Albert na data 29/12/2021 13:28:33**

CSV: BOPGDSPG-8egKxqH80-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/12/2021 13:29:11
Nº Rexistro: 26809
Data envio: 29/12/2021 13:29:11.081

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**María del Carmen Aira Díaz na data 29/12/2021 13:28:44**

CSV: BOPGDSPG-8egKxqH80-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/12/2021 13:30:58
Nº Rexistro: 26810
Data envio: 29/12/2021 13:30:58.893

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Xosé Luis Rivas Cruz**, **María González Albert** e **Carmen Aira Díaz,** deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En 1996 presidente da Federación Galega de Panaderías (FEGAPAN), formula unha petición ao CIAM na que amosa o "**seu interese por chegar a dispoñer dunha produción importante, estable e organizada, dunha ou máis variedades de trigo galego con garantía de autenticidade varietal, coas que abordar a fabricación dun pan galego de alta calidade".**

Comezouse a traballar cun ecotipo local de trigo recollido en Callobre -Miño-A Coruña en 1996 do que máis tarde, tras un proceso de mellora xenética saíu a variedade comercial Callobre. Establecíase así, un itinerario de transferencia desta variedade desde o CIAM ata os panadeiros.

En 2004 creouse a Asociación de Produtores de Trigo Callobre (APROCA) con sede en Xinzo de Limia.

En 2006 rexístrase esta variedade Callobre no Rexistro de Variedades Comerciais do MAGRAMA e en 2015 rexístrase tamén a variedade de conservación de trigo galego **Caaveiro** .

CSV: BOPGDSPG-8egKxqH80-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/12/2021 13:30:58
Nº Rexistro: 26810
Data envio: 29/12/2021 13:30:58.893

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Consecuencia das actividades asociadas ao Itinerario de Transferencia e de APROCA chegou a cultivarse un máximo de 370tm de trigo Callobre ao que contribuíron as axudas recibidas do PDR 2007-2013.

A superficie destinada ao cultivo de trigo en Galicia baixou desde un máximo de 42.080 has en 1967 a 13.462 en 2020... Tendo en conta que gran parte das mesmas destínase ao cultivo de variedades foráneas de canaveira baixa e so unha moi pequena parte corresponde a trigo galego que como consecuencia **está en risco de erosión xenética**. Nos últimos tempos a desaforada plantación ilegal de eucalipto en terras de cultivos agrícolas está contribuíndo a esta desfeita.

É necesario engadir que o trigo galego, de canaveira alta, é menos produtivo que as variedades modernas, de canaveira baixa por non poder intensificar o seu cultivo aplicando doses altas de abonos nitroxenados porque **encama.**

Velaquí as dúas xustificacións ás axudas ao seu cultivo por parte do PDR 2007-2013. Sorprende pois que na orde de axudas do 29 de xaneiro de 2016 que establece pagos directos á agricultura no contexto do PDR 2014-2020 non se contemple aos produtores de trigo Callobre e Caaveiro, e así as últimas son en 2014.

E velaí que a 20 de decembro de 2019 o Diario Oficial da Unión Europea publicaba o Regulamento de execución da Comisión polo que se inscribía a IXP "Pan Galego" (posto tamén no idioma imperial, Pan Gallego, por aquilo de facilitar o entendemento) no rexistro europeo de denominacións de orixe e indicacións xeográficas protexidas.

A 28 de xullo de 2020 o DOG publicaba a orde da C. do Medio Rural aprobando o regulamento desta IXP e do seu Consello Regulador. Poñíase así o ramo a un laborioso proceso encetado en 2015.



CSV: BOPGDSPG-8egKxqH80-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/12/2021 13:30:58
Nº Rexistro: 26810
Data envio: 29/12/2021 13:30:58.893

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A IXP Pan Galego establece as condicións mínimas en composición, aroma, sabor, cocción... que deberá cumprir o produto que queira acollerse a esta denominación, entre elas está que deberá levar como mínimo un 25% de trigo do país.

Feito todo este traballo, na teoría, so falta cocer o pan seguindo as normas descritas, pero... O pan con indicación xeográfica protexida non se acaba de ver, e se non se ve nas panaderías e nos mercados con ese selo que avale unha calidade constatable resulta que non temos feito case nada, porque se o consumidor non é chamado á proba e consumo deste pan...

Porque o tirón que esta IXP debera ter na superficie agrícola cultivada debera ser visible a estas alturas.

Porque o pan artesanal de fariñas centea e milla, do país, debera estar chamando á porta por selos de calidade que incentivasen toda esa cadea necesaria para ser posto na mesa... E non é así.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

En que situación de expansión de encontra neste momento a IXP Pan Galego?

Santiago de Compostela, 29 de decembro de 2021

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

**María González Albert**



CSV: BOPGDSPG-8egKxqH80-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/12/2021 13:30:58
Nº Rexistro: 26810
Data envio: 29/12/2021 13:30:58.893

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Carmen Aira Díaz**

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**María del Carmen Aira Díaz na data 29/12/2021 13:30:18**

**María González Albert na data 29/12/2021 13:30:29**

**Xosé Luis Rivas Cruz na data 29/12/2021 13:30:37**

CSV: BOPGDSPG-8egKxqH80-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/12/2021 13:33:37
Nº Rexistro: 26811
Data envio: 29/12/2021 13:33:37.628

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Xosé Luis Rivas Cruz**, **María González Albert** e **Carmen Aira Díaz,** deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O BNG desde a Consellería de Medio Rural da Xunta impulsou o ente público INGACAL que xa estaba previsto na Lei 2/2002 de Calidade Alimentaria de Galiza do último goberno Fraga para modernizar as estruturas de investigación pública agraria en Galiza. Nada se volveu facer neste eido.

Definiuse un cadro de postos por especialidades para dar cabida ao persoal doutor e tecnólogo formado en diversos centros de investigación, especialista en produción de leite, en tecnoloxías ambientais, en fertilización, en viticultura, en horta... e iniciouse o proceso selectivo oportuno, sen incremento de gasto algún. Acometeuse a renovación de equipamentos, maquinaria, instrumentación, laboratorios e naves na medida que os orzamentos o permitían.

Ao mesmo tempo, en 2006, dotábase ao denominado Centro Tecnolóxico da Carne de persoal investigador doutor e tecnólogo para crear sinerxías e complementariedades coas actividades de investigación en sistemas de produción desenvolvidas no CIAM.

CSV: BOPGDSPG-8egKxqH80-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/12/2021 13:33:37
Nº Rexistro: 26811
Data envio: 29/12/2021 13:33:37.628

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Tamén, en 2008, constrúese o novo edificio do LIGAL en Mabegondo para, en paralelo co labor de velar pola alta calidade do leite galego mediante as analíticas e controis, poder crear un complexo tecnolóxico de I+D onde os actores fosen a produción e a industria (representados no LIGAL) e a investigación (representados no CIAM), intensificándose unha exitosa colaboración iniciada xa desde comezos dos anos 90 cando o LIGAL e o CIAM inician distintos proxectos de investigación en materia de mellora da calidade das forraxes utilizadas nas explotacións leiteiras galegas e dos métodos de predición do seu valor nutricional para redución de custos de alimentación.

Nada se investiu desde aquela, nin se volveron cubrir mediante persoal especialista as vacantes do persoal funcionario, altamente competente nas respectivas áreas de investigación (mellora xenética de millo, mellora de pratenses, produción de carne de vacún, etc.) que se ían producindo, chegando a pecharse liñas enteiras de traballo. Todo nun proceso consciente de desmantelamento do público e a favor de non sabemos que.

E nestas, en plena campaña da chamada Lexislatura do Rural, operación propagandística dirixida a agochar os efectos das erradas políticas do PP, a mediados de 2018 modifícase a estrutura do ente INGACAL polo da axencia pública AGACAL, con oito anos de retraso respecto dos prazos marcados pola lei de funcionamento da administración autonómica do ano 2010 (Lei 16/2010 LOAXFAGA).

Pois ben. Neste último decenio o abandono da investigación pública e en concreto do CIAM era manifesto. O centro de Mabegondo non diriamos que aguantaba en base á caridade pero si que se mantiña operativo a duras penas e mercede á responsabilidade e sacrificio dos seus traballadores, cun cadro cada vez máis reducido, na procura de fondos de investigación.



CSV: BOPGDSPG-8egKxqH80-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/12/2021 13:33:37
Nº Rexistro: 26811
Data envio: 29/12/2021 13:33:37.628

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Interpelamos ao primeiro Director Xeral de estrea na AGACAL na súa presentación de intencións na Comisión 7ª. Boas intencións e nula verificación das mesmas, como quedou de manifesto en distintas interpelacións na comisión de agricultura. Novo director xeral desde hai algo máis dun ano e o mesmo escenario, mentres os centros navegan sen rumbo fixo, cunha absoluta falta de proxecto e boa gobernanza.

Aínda así, grazas ao esforzo do persoal investigador dos centros, mantense, de forma agónica, a actividade investigadora, cunha ratio de proxectos por investigador moi elevado e que case nun 90% se realizan en colaboración con pequenas e medianas empresas do sector. Pero esta actividade está tocada de morte e non se poderá manter por moito tempo de non se reverteren as condicións.

Porque a pesar das repetidas promesas non se observa unha mellora na situación do sistema público de investigación agraria dependente da Consellería de Medio Rural. **O devalo deste sistema**, ao contrario do acontecido en áreas desenvolvidas do espazo europeo e mesmo estatal, **entra en colisión directa coas estratexias de recuperación post-covid onde o fomento da investigación figura coma actividade prioritaria para tales tarefas**. Máis ben todo o contrario porque o desmantelamento do sistema público de investigación agraria continúa.

1--RECURSOS HUMANOS DE INVESTIGACIÓN

1.1.- **Saqueo de postos de investigación e de apoio á investigación do CIAM na nova RPT:** Non hai moito que se fixo público o borrador da RPT da AGACAL onde se integran os centros de investigación da Consellería. Centremos no CIAM a análise deste apartado por ser o centro de referencia en investigación agrogandeira de maior importancia.



CSV: BOPGDSPG-8egKxqH80-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/12/2021 13:33:37
Nº Rexistro: 26811
Data envio: 29/12/2021 13:33:37.628

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Neste borrador advírtese a desaparición de postos de persoal investigador e de apoio á investigación ( funcionario e laborais de campo), **5 técnicos N22 e 7 de persoal de apoio – Laboral**

Esta redución proposta para o CIAM ten un valor bruto aproximado de 350.000 euros anuais.

**É así como se impulsa a investigación?**

1.2.- **Apaño nos Servizos Centrais da Agacal a costa do persoal investigador**: Esta redución do Capítulo 1 no CIAM utilízase para crear postos de xestión na estrutura dos Servizos Centrais da AGACAL pretendéndose así corrixir o erro cometido na xestión do INGACAL na pasada lexislatura e posteriormente aumentados na súa mutación a Axencia á que non se lle dotou dos medios necesarios para xestionar un ente desta envergadura, tanto no cometido de protección e promoción da calidade diferencial coma de investigación e formación agroforestal.

1.3.- **Conxelación administrativa do persoal laboral investigador:** Ademais do persoal investigador funcionario da AGACAL, hai 11 postos de persoal doutor e tecnólogo que son persoal laboral da propia axencia. Na actualidade constitúen un activo esencial para as actividades de investigación desta axencia toda vez que foron obxecto de selección en base á súa especialización nas respectivas áreas de traballo en oposicións públicas convocadas en 2008 polo INGACAL. *Este persoal altamente especializado está nunha especie de limbo administrativo sen carreira investigadora nin promoción laboral.*

1.4.- **Expulsión da Axencia do valioso persoal especialista doutor formado no CIAM:** Tal e como queda a RPT actual, de se confirmar, habería aínda 7 postos de investigación vacantes de persoal funcionario. A cobertura destes postos por persoal



CSV: BOPGDSPG-8egKxqH80-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/12/2021 13:33:37
Nº Rexistro: 26811
Data envio: 29/12/2021 13:33:37.628

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

interino tomado de listas dos distintos corpos da Xunta en base á titulación, non é garantía da súa capacitación investigadora nin asegura que este persoal se poida formar adecuadamente. Este sistema de recruta de persoal non é compatible coa competitividade e competencia dos centros de investigación e diminúe de forma definitiva a súa funcionalidade. É incompatible tamén coa estabilización do xove (cada vez menos) persoal doutor formado nos centros, que se especializou nun duro proceso e que se ve forzado a marchar ( moitas veces ao estranxeiro ou ao paro ) porque este proceso de formación de persoal investigador non atopa continuidade na ríxida xestión funcionarial da Xunta onde as capacidades e competencias dunha persoa veñen definidas unicamente pola súa titulación. Sen embargo a Lei 2/2015 de Emprego Público de Galiza recoñece a existencia da Escala de investigadores e expertos en desenvolvemento tecnolóxico dentro do subgrupo A1 (titulados superiores) coas especialidades reservadas a persoal doutor investigador e a persoal licenciado (tecnólogo). *A conversión e adecuación dos postos de investigación e tecnólogos existentes na AGACAL, desde a pertenza actual a escalas funcionariais ( agrónomos, veterinarios... ) á existente escala de investigadores contribuiría a resolver os problemas actuais de acceso aos postos de investigación de persoal especializado.*

## 2.- A MODIFICACIÓN DA ESTRUTURA DA AGACAL

Coma "*ferramenta estratéxica de mellora da competitividade e a sustentabilidade do sector agro-gandeiro-forestal* " arrincou a presente lexislatura coa proposta de crear unha Fundación Agraria Aplicada coa fin de integrar o I+D+i público nunha única estrutura. Propúxose así, unha modificación da estrutura existente da AGACAL orientando a xestión cara a unha fundación.

Non se pode, e así o fixemos constar neste Parlamento, renunciar á operatividade dunha *axencia pública autonómica*, ente instrumental de primeiro nivel,



CSV: BOPGDSPG-8egKxqH80-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/12/2021 13:33:37
Nº Rexistro: 26811
Data envio: 29/12/2021 13:33:37.628

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

para poder *sortear as dificultades operativas e de funcionamento* que as actividades de investigación parecen ter dentro das rixideces da administración da Xunta. E xa non digamos cando o modelo proposto por parte do PP era o da fundación Centro Tecnolóxico da Carne, que renunciou a converterse nun verdadeiro centro tecnolóxico, que funciona de xeito virtualmente desconectado do sistema público de centros da AGACAL, que foi obxecto de importantes achegas económicas de fondos de I+D con resultados descoñecidos e que conta cunha dirección sobre a que pesan serias sospeitas de anomalías na xestión dos fondos de investigación.

3.- ORZAMENTO PROPAGANDISTA NON EXECUTADO.

O pasado orzamento do programa 561A (plan galego de I+D) da AGACAL pasou de 16,9 a 22,9 ME en 2021. Sen embargo non é o que parece pois basicamente o incremento débese a un gasto lixeiramente maior de fondos FEADER do PDR 2014-2020 que está rematando e, sobre todo, á previsión de gasto de 6ME dunha nova procedencia (FEDER-REACT)

En paralelo, as partidas de equipamento eran ridículas. De feito as consignadas para investimentos en equipamento científico e para maquinaria de tódolos centros da AGACAL que fora de 400.000 euros no 2020 baixou a a 150.000 no 2021. *Non se acometeu a renovación dos equipamentos e maquinaria dos centros, de forma xeral, desde o orzamento de 2.009*, hai 12 anos.

Claro que se mantivo para 2021 a partida de 308.000 euros de Fondos Propios Libres para o "*Concurso de ideas Sergude"* , 616mil euros en ideas en dous anos, moito máis do investido en medios materiais para os centros nese período.

Chama a atención a importante partida de fondos FEDER REACT (4ME) para o "*Centro de Promoción e Imaxe Espello de Rural Sergude* " . Non se entende cal é o



CSV: BOPGDSPG-8egKxqH80-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/12/2021 13:33:37
Nº Rexistro: 26811
Data envio: 29/12/2021 13:33:37.628

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

obxecto da principal partida de investimento do programa de investigación agraria, alén de promover unha imaxe virtual do rural galego utilizando fondos deste programa en vez de acometer un decidido programa de mellora dos centros públicos de I+D+i da Consellería do Medio Rural.

Os 2 millóns de euros FEDER-REACT restantes estaban destinados á realización de obras no CIAM (Banco de Xermoplasma, Nave experimental de leite...) A día de hoxe NADA se executou destes fondos, dando unha nefasta imaxe de mala xestión en tempos de reactivación económica que tanto necesita o país.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Cal é o proxecto de futuro para os centros públicos de investigación agraria de Galiza para sacalos da situación lamentable na que se atopan na actualidade?

Santiago de Compostela, 29 de decembro de 2021

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

**María González Albert**

**Carmen Aira Díaz**

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

CSV: BOPGDSPG-8egKxqH80-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/12/2021 13:33:37
Nº Rexistro: 26811
Data envio: 29/12/2021 13:33:37.628

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**Xosé Luis Rivas Cruz na data 29/12/2021 13:32:59**

**María González Albert  na data 29/12/2021 13:33:03**

**María del Carmen Aira Díaz  na data 29/12/2021 13:33:12**

CSV: BOPGDSPG-8egKxqH80-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/12/2021 13:35:41
Nº Rexistro: 26812
Data envio: 29/12/2021 13:35:41.753

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores** e **Iria Carreira Pazos**, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Na segunda semana deste mes de setembro do ano en curso no ambulatorio de Boimorto foi derivado a Melide tres días un dos dous médicos que ten asignados desde hai xa ben anos. Disque para facer substitucións.

No verán e cando hai baixas aínda que estas sexan prolongadas non hai substitución nin de médicos nin tampouco de persoal sanitario. E así estamos.

Que aconteceu para que de repente, nun so ano, a tendencia, xa manifesta, a desarticular o sistema sanitario público se agravase deste xeito?

Só hai unha explicación: entregar a sanidade pública á empresa privada e botándolle a culpa á Covid.

A asistencia primaria pública de calidade é un ben esencial irrenunciable e o seu deterioro sume a poboación na tristeza e na desesperación.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

CSV: BOPGDSPG-8egKxqH80-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/12/2021 13:35:41
Nº Rexistro: 26812
Data envio: 29/12/2021 13:35:41.753

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Cal é a razón para que non se cubran as baixas do persoal sanitario dos ambulatorios?

Santiago de Compostela, 29 de decembro de 2021

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

**Montserrat Prado Cores**

**Iria Carreira Pazos**

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**María Montserrat Prado Cores na data 29/12/2021 13:34:54**

**Iria Carreira Pazos na data 29/12/2021 13:35:02**

**Xosé Luis Rivas Cruz na data 29/12/2021 13:35:09**

CSV: BOPGDSPG-8egKxqH80-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/12/2021 13:40:20
Nº Rexistro: 26814
Data envio: 29/12/2021 13:40:20.065

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores, María González Albert** e **Carmen Aira Díaz**, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a concentración parcelaria no concello de Agolada.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No ano 2002 dáse inicio ao proceso de concentración parcelaria en oito parroquias do concello de Agolada repartidas en dous núcleos:

- Núcleo 1 ( Baíña, Sexto, Agra e Val )
- Núcleo 2 (Berredo, Eidián, Basadre e Ramil )

No 2004 desde a Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural promóvese o Estudo de Impacto Ambiental dos dous núcleos.

No DOGA de 13 de xuño de 2005 publícanse os estudos e planos parcelarios, nºs. de rfª.: núcleo 1-ST 3509 18 e núcleo 2-ST 3511 20.

No ano 2008 faise o levantamento topográfico dos dous núcleos e no 2009 decláranse rematadas e aprobadas as Declaracións de Impacto Ambiental, ( o 21 de setembro para o núcleo 1 e o 14 de decembro para o núcleo 2 ).

CSV: BOPGDSPG-8egKxqH80-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/12/2021 13:40:20
Nº Rexistro: 26814
Data envio: 29/12/2021 13:40:20.065

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A inversión en todo este proceso ascende a 830.000 euros...e no ano 2010 paralízanse os traballos.

Desde o ano 2017, xentes interesadas na continuidade deste proceso de reestruturación manteñen contactos con diferentes autoridades locais, grupos parlamentarios e altos cargos da Xunta de Galicia, entre eles o Sr. Director Xeral de Desenvolvemento Rural e a xefatura provincial de Medio rural. En concreto o Sr. Pérez Dubois prometeu retomar o proceso manifestando o seu interese pola fertilidade das zonas en cuestión xa coñecida por el.

No ano 2018 procédese a unha nova recollida de sinaturas a instancia do Sr. Alcalde e do Sr.. Pérez Dubois alegando a modificación da normativa. A resposta son máis de 800 nos núcleos 1 e 2 e 120 no n.º 3 que serían as parroquias de Sesto e Brocos.

Estas sinaturas representan nos núcleos 1 e 2 o 95% dos propietarios e o 98% dos CEAs. No núcleo 3 representan o 90% de propietarios e a totalidade dos CEAs.

Transcorre un ano e vendo que nada avanza, un grupo de 80 persoas constitúen a asociación Queremos Parcelarias que solicitan unha reunión co Sr. Conselleiro de Medio Rural, D. José González, que se celebra en novembro de 2018 e na que se lles transmite que debido á súa recente incorporación necesita un tempo e fíxase unha nova reunión para primeiros de 2019.

O 1 de marzo de 2019, no Auditorio de Agolada repleto de xente interesada, compareceu novamente o Director Xeral, Sr. Pérez Dubois e técnicos do seu departamento. O Sr. Pérez Dubois, aquel que tanto prometera, viña coas mans baleiras…; anunciou unha lei para xullo que axilizaba moito os procesos e que en setembro estaría novamente con nós. A xente sentiuse burlada e así llo fixo saber. A resposta non foi acaída mais en todo caso, o Sr. Dubois prometeu que en setembro



CSV: BOPGDSPG-8egKxqH80-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/12/2021 13:40:20
Nº Rexistro: 26814
Data envio: 29/12/2021 13:40:20.065

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

volvería a Agolada pero que adiantarían algúns traballos os técnicos xa no mes de maio con visitas ás zonas. Nin en maio nin en setembro se cumpriu o prometido. Ese mesmo día, 1 de marzo de 2019, pola tarde recibiron a visita do Sr. Conselleiro de Medio Rural, José González, co que xiraron unha visita ás parroquias afectadas.

A mediados de novembro de 2019 houbo unha concentración de veciños e veciñas de Agolada diante deste Parlamento esixindo o cumprimento das promesas feitas nos contactos habidos entre veciños e Consellería do Medio Rural. As eleccións andaban cerca e a Asociación Queremos Parcelarias de Agolada foi recibida polo Conselleiro, José González, e polo Director Xeral de Desenvolvemento Rural, naquela altura D. Miguel Ángel Pérez Dubois.

Nesta xuntanza o conselleiro transmitiulle á asociación que o seu departamento xa comezara os estudos previos dos proxectos de reestruturación parcelaria nas zonas pendentes de facer.

Tamén garantiu que, coas actuacións feitas, as Declaracións de Impacto Ambiental, que caducaban o día 13 de decembro de 2019, quedarían vixentes e terían validez as DIA nas concentracións abertas.

Tamén se comprometeu o conselleiro a trasladar a asociación a documentación que verificaban estes feitos.

Ese decembro de 2019, un par de días antes de que caducara este trámite, dende a Xunta de Galicia aseguraron, nos medios de comunicación, que "tal e como trasladou o propio conselleiro aos veciños o pasado 21 de novembro, a Consellería do Medio Rural xa comezara as actuacións de inicio dos dous proxectos de reestruturación parcelaria abertos en Agolada (Agra-Sexo-Val-A Baíña e Berredo-Basandre-Eidián-Ramil), con declaracións de impacto ambiental que xa foran emitidas, dando así



CSV: BOPGDSPG-8egKxqH80-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/12/2021 13:40:20
Nº Rexistro: 26814
Data envio: 29/12/2021 13:40:20.065

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

cumprimento aos requirimentos das DIAs. Polo tanto, con estes traballos, e ao abeiro do previsto na Lei de Avaliación Ambiental, esas declaracións de impacto ambiental non caducan e queda garantida a vixencia e a validez das DIAs das dúas concentracións".

Estamos a falar de parroquias ribeireñas do Ulla cunha alta capacidade produtiva e con proxectos de aproveitamento e desenvolvemento rural novidosos xunto a outros xa consolidados. Trátase dunha superficie cercana ás 6.000 has

Merece especial mención a abundancia de explotacións intensivas de porcino aves e coellos e o complemento que a abundancia destes fertilizantes pode supoñer á existencia de proxectos agrogandeiros viables na súa base territorial e con posibilidades de asentamento poboacional.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Cal é a valoración que se fai desde a Consellería de Medio Rural a respecto do aproveitamento e posibilidades de dinamización económica que ofrecería o remate dos procesos de concentración parcelaria e o inicio e conclusión do pendente das parroquias de Sesto e máis Brocos?

Santiago de Compostela, 29 de decembro de 2021

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

**Montserrat Prado Cores**

**María González Albert**



CSV: BOPGDSPG-8egKxqH80-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/12/2021 13:40:20
Nº Rexistro: 26814
Data envio: 29/12/2021 13:40:20.065

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Carmen Aira Díaz**

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Xosé Luis Rivas Cruz na data 29/12/2021 13:39:06**

**María Montserrat Prado Cores na data 29/12/2021 13:39:11**

**María del Carmen Aira Díaz na data 29/12/2021 13:39:42**

**María González Albert na data 29/12/2021 13:39:53**

CSV: BOPGDSPG-8egKxqH80-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/12/2021 13:43:08
Nº Rexistro: 26815
Data envio: 29/12/2021 13:43:08.550

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres** e **Alexandra Fernández Gómez**, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a EDAR do Polígono da Madanela de Melide.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Houbo un tempo en que cada concello tiña o seu vertedoiro de residuos particular onde se vertía, queimaba e enterraba o contido dos contedores de lixo porque se puxera de moda aquilo da "recollida de basura" e ninguén quería quedar atrás.

Tamén se puxera de moda o dos Parques Industriais e os concellos, quen máis quen menos, procuraron solo e montaron o seu parque, improvisadamente, sen orde nin concerto, vaia, da maneira en que algúns alcaldes e alcaldesas fan as cousas neste País do *...ti vai facendo...*

E en Melide apareceu o Parque Industrial da Madanela coa súa iluminación, as súas beirarrúas, electricidade... vaia de todo, porque tamén tiña onde botar as augas residuais de orixe industrial: un regato que ía directamente ao Furelos.

E o Furelos pandou con todo. Anos e anos de goberno do PP e ninguén se preocupou polas verteduras de todo tipo... Vaia moitos veciños e veciñas si e A Asociación de Troiteiros Río Furelos tamén. Mais de parte das autoridades tanto municipais coma do goberno galego un NON rotundo a excepción do período do BNG

CSV: BOPGDSPG-8egKxqH80-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/12/2021 13:43:08
Nº Rexistro: 26815
Data envio: 29/12/2021 13:43:08.550

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

na alcaldía, que conseguida unha subvención para unha EDAR foi aproveitada a situación para, coa burocracia por desculpa, recuperar a alcaldía.

E agora que outra vez o PP está na oposición en Melide a depuración das augas *residuais industriais* do polígono da Madanela volven ser motivo de ataques do PP ao goberno municipal e saen á luz as máis peregrinas ideas.

É agora, pois, e non, hai tres, catro anos...que a Xunta de Galiza presiona ao concello para que solvente o problema, logo de mil e unha irregularidades desde o nacemento do polígono.

Hai arredor de 15 días que nun acordo municipal o concello liberou 1.452.000 euros do remanente de tesourería para sumarse a unha feliz idea de Augas de Galiza e avala un proxecto que ao noso ver non ten pes nin cabeza: a conexión das augas fecais do polígono industrial da Madanela coa depuradora urbana de augas residuais.

Este proxecto cualifica os residuos do polígono coma augas fecais e nace, disque, da imposibilidade de asumir polo concello o custo dunha EDAR industrial que, segundo di a ex-alcaldesa, ascendería a 6 ME cuns gastos de explotación de 1,7 ME en cinco anos.

Os 1,4 ME liberados polo Concello hai pouco para facer a xa mencionada conexión, serían a terceira parte do custo total pois gardan a esperanza de que a Deputación e a Xunta poñan os outros dous terzos. Se as contas non fallan estamos pois a falar dun orzamento total da obra de 4.350.000 euros.

A todas luces trátase dun "apaño" que cambiará a vertedura de sufridor pero que non solucionará o problema e podería agravalo.

CSV: BOPGDSPG-8egKxqH80-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/12/2021 13:43:08
Nº Rexistro: 26815
Data envio: 29/12/2021 13:43:08.550

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Cre o Goberno galego que o transvase das augas residuais industriais do polígono industrial da Madanela á depuradora urbana de Melide é a solución idónea ao problema de depuración do mesmo?

Santiago de Compostela, 29 de decembro de 2021

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

**Alexandra Fernández Gómez**

**Luis Bará Torres**

Deputado e deputada do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Xosé Luis Bará Torres na data 29/12/2021 13:42:24**

**Alexandra Fernández Gómez na data 29/12/2021 13:42:34**

**Xosé Luis Rivas Cruz na data 29/12/2021 13:42:42**

CSV: BOPGDSPG-8egKxqH80-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/12/2021 13:47:02
Nº Rexistro: 26816
Data envio: 29/12/2021 13:47:02.581

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Xosé Luis Rivas Cruz, Carmen Aira Díaz** e **María González Albert**, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno,** sobre os continuados cheiros nos terreos das antiga explotación mineira de Touro pola empresa Tratamentos Ecolóxicos do Noroeste, S.L. (TEN).

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os problemas de contaminación da mina de Touro véñense arrastrando dende hai décadas e supoñen o maior problema ambiental que sofre o concello, coa contaminación dos terreos e dos ríos e regatos. A esta contaminación sumouse a derivada da actividade de xestión de residuos que dende o ano 2003 se esta desenvolvendo nos terreos das antiga explotación mineira pola empresa Tratamentos Ecolóxicos do Noroeste, S.L. (TEN).

Esta nova actividade, lonxe de servir para recuperar e rexenerar os terreos, como era un dos seus obxectivos iniciais, supuxo que este espazo se convertese en realidade nun macrovertedoiro que sumou un novo problema ambiental moi grave derivado da mala praxe na actividade de xestión de residuos e do depósito de grandes cantidades destes nas entulleiras da antiga mina que realiza esta empresa, que provocan episodios continuos de pestilencia que alcanza aos núcleos de poboación do entorno.

Este problema vense sufrindo desde que TEN iniciou a actividade e, lonxe de se arranxar, agrávase por momentos sometendo aos veciños dos lugares máis próximos a unha situación que en determinados momentos e segundo as condicións climáticas e a



CSV: BOPGDSPG-8egKxqH80-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/12/2021 13:47:02
Nº Rexistro: 26816
Data envio: 29/12/2021 13:47:02.581

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

dirección do vento faise insostible. A intensidade dos olores xera, non só un problema ambiental, senón un problema de calidade de vida e de risco para a saúde dos veciños e veciñas.

A actividade da empresa está provocando un descenso da calidade de vida de toda a poboación afectada, especialmente das parroquias de Loxo e Fonte Díaz (Touro) e Cebreiro (O Pino), xa que a mala xestión dos residuos e a conversión dos terreos da antiga mina nun inmenso vertedoiro, sen que haxa control, nin das cantidades nin dos tipos de refugallos que alí se depositan, imposibilitan que poidan desenvolver unha vida normal.

O BNG leva denunciado en innumerables ocasións esta situación desde que se iniciou a actividade con mocións no Parlamento español, no Parlamento galego, no concello de Touro, con reunións con veciños/as e recollida de sinaturas, con denuncias ao Seprona, etc.

O goberno municipal, se ben recoñece o problema, nunca o considerou de primeira orde e nunca tomou a iniciativa de maneira enérxica e decidida, como para esixirlle á empresa o cumprimento das condicións que se contemplan na Avaliación Ambiental Integral (AAI) nin á Xunta a súa función de inspección sobre as súas actividades.

A A.A.I., outorgada o 8 de xullo de 2015 pola Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, establece unha serie de condicionantes referidos aos cheiros, tal e como a realización de olfatometría dinámica por unha entidade acreditada pola ENAC e, en función dos resultados desta, levar a cabo todas as accións necesarias para diminuír a xeración de olores e un plan de vixilancia e control de olores. Así mesmo propón unha serie de melloras técnicas dispoñibles para evitar os malos olores nos núcleos de poboación.



CSV: BOPGDSPG-8egKxqH80-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/12/2021 13:47:02
Nº Rexistro: 26816
Data envio: 29/12/2021 13:47:02.581

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por outra banda na AAI tamén se contempla a revisión das condicións recollidas na mesma unha vez pasados catro anos dende as conclusións sobre as mellores técnicas dispoñibles.

Vemos por tanto que non se están a cumprir as condicións que se impuxeron na autorización que no seu momento outorgou a Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental e que as administracións que tiñan que velar para que se cumprisen tampouco desempeñaron o seu cometido.

Nin sequera a empresa cumpre coas súas propias obrigas e recomendacións. No seu informe anual de 2018 recoñece que non se realizaron tódalas accións recollidas no plan de melloras (ampliación da superficie cuberta, implantación sistema aireación ou recubrimento do parque de tecnosolos, sistema de regos en viais…).

Propón tamén que cando se detecte un episodio de olor estableceranse as medidas correctores que o reduzan e o eliminen nun corto espazo de tempo, o que evidentemente non se cumpre segundo se desprende dos propios datos que o citado informe recolle. Neste informe referido ao control de olores dos anos 2015 e 2017 constátase que a concentración dos mesmos do ano 2017 aumentou en catro dos cinco puntos mostrados respecto ao ano 2015.

Tamén se observa o mesmo no libro-rexistro de olores onde entre abril de 2017 e xaneiro de 2018 se rexistran continuos episodios de malos cheiros en Loxo e Touro, moitos deles de varias horas de duración.

Episodios de fedores que continúan ano tras ano, especialmente intensos nos meses de verán, derivados das altas temperaturas e da dirección dos ventos dominantes e que supoñen xa non só un problema ambiental, senón tamén un problema de saúde pública dada a intensidade, duración e pestilencia.



CSV: BOPGDSPG-8egKxqH80-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/12/2021 13:47:02
Nº Rexistro: 26816
Data envio: 29/12/2021 13:47:02.581

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

É evidente que ningunha actividade empresarial pode provocar un problema ambiental e de saúde pública tan severo e continuado, e que se por parte da empresa non se procede ao cumprimento de todas e cada unha das condicións da súa autorización, deben ser as administracións públicas as que actúen. O Concello como administración máis achegada e afectada no seu labor de vixilancia, e a Xunta de Galiza na súa función de control e de capacidade coercitiva para coa empresa.

Por todo o anteriormente exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que medidas pensa tomar o goberno galego diante dos reiterados episodios de pestilencia que afectan a varias poboacións dos arredores da Mina de Touro e da empresa TEN SL, así coma para controlar a calidade dos tecnosolos utilizados nas entulleiras da citada mina?

Santiago de Compostela, 29 de decembro de 2021

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

**Carmen Aira Díaz**

**Maria González Albert**

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

CSV: BOPGDSPG-8egKxqH80-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/12/2021 13:47:02
Nº Rexistro: 26816
Data envio: 29/12/2021 13:47:02.581

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**Xosé Luis Rivas Cruz na data 29/12/2021 13:46:29**

**María del Carmen Aira Díaz  na data 29/12/2021 13:46:33**

**María González Albert  na data 29/12/2021 13:46:41**

CSV: BOPGDSPG-8egKxqH80-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/12/2021 13:49:01
Nº Rexistro: 26817
Data envio: 29/12/2021 13:49:01.643

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Xosé Luis Rivas Cruz, María González Albert** e **Carmen Aira Díaz**, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre o Consello Agrario Galego.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O desleixo con que o Goberno galego trata todo o referente ao mundo rural e a súa articulación laboral ponse de manifesto na de facto ilegalidade en que se encontra o Consello Agrario Galego que na súa composición non reflicte a realidade actual, 18 anos despois das últimas eleccións sindicais.

Coa Lei 1/2006 de 5 de xuño créase o Consello Agrario Galego coma órgano que asume e articula as relacións entre a Administración Galega e as organizacións profesionais agrarias, recoñecéndolles tamén o papel de vertebración democrática do mundo rural segundo explica a exposición de motivos da mesma.

O artigo 1º desta Lei define ao Consello Agrario Galego como un órgano permanente de participación, asesoramento, diálogo e consulta da Administración galega en materia agraria e máis en desenvolvemento rural.

O artigo 4º, que versa sobre a composición do mesmo, establece que estará integrado por vintecatro membros, dos que doce correspóndenlle ás "organizacións agrarias máis representativas de Galiza".

CSV: BOPGDSPG-8egKxqH80-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/12/2021 13:49:01
Nº Rexistro: 26817
Data envio: 29/12/2021 13:49:01.643

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Seguindo pois a Lei convocáronse as primeiras eleccións democráticas no agro galego que se celebraron o 26 de maio de 2002 e determinaron como as máis representativas das organizacións profesionais agrarias constituídas en Galiza as de Xóvenes Agricultores (XXAA), Unións Agrarias (UUAA) e Sindicato Labrego Galego (SLG).

Mais desde a constitución do Consello Agrario Galego (CAG), no 2006, a realidade do agro galego ten mudado, e ten mudado moito, tanto o mundo rural coma as organizacións agrarias. De feito unha das que facía parte do mesmo desapareceu, en concreto Xóvenes Agricultores.

Vemos pois que no que respecta ás organizacións que formaban parte inicialmente o CAG, téñense producido grandes variacións polo que a situación actual do mesmo non ten nada que ver coa situación de partida, encontrándose, nestes momentos nunha situación anómala, deixando de cumprir o que dispón o artigo 4º da propia lei en canto á composición do mesmo na representación das organizacións profesionais agrarias.

Por outra parte o artigo 5º determina que o pleno do CAG terá de se reunir, como mínimo, en sesión ordinaria catro veces por ano.

Por todo o anteriormente exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Cando ten previsto o Goberno galego convocar eleccións profesionais no campo para corrixir a situación anómala no Consello Agrario Galego e establecer unha

CSV: BOPGDSPG-8egKxqH80-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/12/2021 13:49:01
Nº Rexistro: 26817
Data envio: 29/12/2021 13:49:01.643

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

representatividade acorde cos tempos actuais 18 anos despois das últimas eleccións sindicais agrarias?

Santiago de Compostela, 29 de decembro de 2021

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

**María González Albert**

**Carmen Aira Díaz**

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**María González Albert na data 29/12/2021 13:48:32**

**María del Carmen Aira Díaz na data 29/12/2021 13:48:35**

**Xosé Luis Rivas Cruz na data 29/12/2021 13:48:44**

CSV: BOPGDSPG-8egKxqH80-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/12/2021 13:51:47
Nº Rexistro: 26818
Data envio: 29/12/2021 13:51:47.831

grupo parlamentario popular de galicia

**Á Mesa do Parlamento**

**Teresa Egerique Mosquera, Ovidio Rodeiro Tato, Elena Súarez Sarmiento, Carlos Gómez Salgado, José Luis Ferro Iglesias, Moisés Rodríguez Pérez e María Felisa Rodríguez Carrera** deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario Popular, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte Pregunta oral en en pleno.

No ano 2020 o Parlamento de Galicia aprobou a primeira Lei de museos e outros centros museísticos de Galicia. Un texto novidoso que, despois da súa publicación no DOG como a Lei 7/2021 do 17 de febreiro e de cumprir os prazos establecidos, xa está plenamente en vigor.

Nos últimos anos, a nosa Comunidade experimentou un importante crecemento neste ámbito, que fixo necesario unha norma que regulara de forma autónoma e independente aos nosos museos.

O novo marco normativo comeza afondando na importancia destes centros como instrumentos para facilitar o acceso á cultura de toda a cidadanía. A nova lei presenta a estas institucións como espazos vivos que favorecen a inclusión, o debate público, a cohesión social... E atende a todas as dimensións destes centros: a investigadora, a pedagóxica, a económica e a social.

O texto legal permitirá seguir afondando na consolidación e potenciación dos museos; posibilitará a difusión, o traballo en rede e a dixitalización destas institucións. Así mesmo, recolle os criterios para a creación de novos espazos.

Unha das principais novidades que traerá a lei de museos será a creación e posta en marcha do Sistema Galego de Centros Museísticos, como unha estrutura organizativa e funcional que permitirá mellorar a eficiencia xa xestión dos recursos. En paralelo, tamén prevé o desenvolvemento das Redes de Centros Museísticos para favorecer a cooperación entre estas institucións.

A lei de museos partiu dun proceso participativo no que colaboraron preto de medio centenar de entidades, tanto públicas como privadas, e supón un paso máis no avance das liñas estratéxicas fixadas pola Estratexia da Cultura Galega.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta oral en pleno:

Cales serán as primeiras implicacións da Lei 7/2021, do 17 de febreiro, de museos e outros centros museísticos de Galicia?

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-8egKxqH80-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/12/2021 13:51:47
Nº Rexistro: 26818
Data envio: 29/12/2021 13:51:47.831

grupo parlamentario popular de galicia

Santiago de Compostela, 29 de decembro 2021.

**Asinado dixitalmente por:**

**Teresa Egerique Mosquera na data 29/12/2021 13:49:57**

**Ovidio Rodeiro Tato  na data 29/12/2021 13:50:10**

**María Elena Suárez Sarmiento na data 29/12/2021 13:50:23**

**Rodríguez Pérez, Moisés na data 29/12/2021 13:50:40**

**Gómez Salgado, Carlos na data 29/12/2021 13:50:47**

**María Felisa Rodríguez Carrera na data 29/12/2021 13:50:54**

**José Luis Ferro Iglesias na data 29/12/2021 13:51:06**

CSV: BOPGDSPG-8egKxqH80-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/12/2021 13:57:24
Nº Rexistro: 26821
Data envio: 29/12/2021 13:57:24.675

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Xosé Luis Rivas Cruz, María González Albert** e **Carmen Aira Díaz**, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As medidas recollidas no PDR para a asignación de axudas para o apoio aos investimentos nas explotacións agrícolas, para a creación de empresas para o desenvolvemento de pequenas explotacións, e para a creación de empresas para as persoas agricultoras mozas, que afrontan por primeira vez unha aventura empresarial son complexas no seu manexo, como tamén o é a xestión técnico-económica posterior das explotacións agrogandeiras.

Temos tan só dous mecanismos públicos de soporte administrativo onde estes mozos/as poden acudir: por un lado temos os Servizos Provinciais de Explotacións Agrarias nas capitais de provincia, dependente da Consellería do Medio Rural e por outra parte contamos coas OACs (Oficinas Agrarias Comarcais), cada día máis desmanteladas en recursos e medios humanos, que se erixen como o primeiro recurso e en moitas veces o único a onde acudir para solicitar axuda ou consello nas tramitacións administrativas.

As OACs convertéronse nos últimos anos en meras tramitadoras de expedientes e canalizadoras da crecente e cada vez máis excesiva burocratización da Xunta de

CSV: BOPGDSPG-8egKxqH80-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/12/2021 13:57:24
Nº Rexistro: 26821
Data envio: 29/12/2021 13:57:24.675

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Galiza, namentres o Servizo de Explotacións Agrarias centra o seu labor administrativo case exclusivamente nas tarefas inspectoras, auditoras e sancionadoras.

A Consellería de Medio Rural descoidou o papel que exerceron as antigas Axencias de Extensión Agraria ou as Axencias de Desenvolvemento Gandeiro, que tiveron a súa orixe nos anos 50 e 60 e que agromaron coa finalidade de modernizar o agro galego, a través da transferencia de coñecemento e dos avances técnicos ás explotacións agrogandeiras, grazas a unha administración próxima e coñecedora da problemática rural e produtiva, que derivaron a súa función principal cara as xestións agrarias, especialmente a tramitación e cobro das axudas públicas procedentes da PAC.

Progresivamente abandonamos deste xeito o servizo público de formación e acompañamento para os proxectos que se presentan nas sucesivas convocatorias para axudas á incorporación da xuventude, centrando única e exclusivamente no cumprimento dos requirimentos das bases recollidas na convocatoria da axuda, no control da fiscalización da execución do investimento, e no seguimento dun plan empresarial estandarizado, "encorsetado" e en moitas ocasións irreal e afastado da especificidade e características singulares en cada iniciativa emprendedora.

Deste xeito, os mozos e as mozas tropezan con todo tipo de atrancos que van dende a creación do propio plan empresarial o máis real posible, o pago de impostos, a xestión técnico-económica da empresa e todo este periplo fano na máis absoluta soidade debido a que para a Xunta de Galicia o éxito das novas incorporacións mídese pola correcta execución das axudas e non pola viabilidade e "perdurabilidade" no tempo do proxecto empresarial.

Por todo isto:



CSV: BOPGDSPG-8egKxqH80-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/12/2021 13:57:24
Nº Rexistro: 26821
Data envio: 29/12/2021 13:57:24.675

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O Plan Integral para o asesoramento das novas incorporacións da mocidade á actividade agrogandeira debe realizarse cunha perspectiva máis ampla que a actual. É preciso que teña en conta o pasado, presente e futuro das persoas que forman a gandería.

Na actualidade o sector agrogandeiro está inmerso nun contexto de incerteza e volatilidade que esixe ser cautos e estudar detidamente cada investimento. As decisións estratéxicas deben de tomarse de forma pausada, sopesando os pros e contras de cada elección.

Cando un agricultor/a e/ou gandeiro/a está a executar un novo investimento, está definindo unha estratexia de produción, baseada na tipoloxía de alimentación, ou no manexo (p.e. alimento conservado, con posibilidades ou non de implementar un robot de muxido,…).

Cando pensamos nas explotacións agrogandeiras, concibímolas unicamente nos animais, na terra, na maquinaria, nos alimentos; en resumo, no sistema de produción e en como melloralo técnica e economicamente. Esquecemos, na maioría dos casos, ás persoas que conforman a gandería e que dependen dela (propietarias, parellas, traballadoras, todas elas relacionadas á gandería e que inflúen na súa viabilidade no tempo).

Por outra banda, as ganderías dispoñen a día de hoxe dunha ampla oferta de profesionais que os asesoran: agrónomos/as, nutrólogos/as, comerciais de casas de pensos, de xenética, de fertilizantes e casas de sementes, técnicos en xestión económica e de aconsellamento, veterinarios/as, e todo un longo etcétera de persoas que achegan coñecementos e tamén intereses. Estas relacións tamén deben ser tidas en conta á hora de valorar a estratexia dunha gandería.



CSV: BOPGDSPG-8egKxqH80-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/12/2021 13:57:24
Nº Rexistro: 26821
Data envio: 29/12/2021 13:57:24.675

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Este plan estratéxico debe ordenar todos estes factores e as súas interaccións en perfecta conxunción coas entidades públicas de asesoramento agrario (OACs e Servizo de Explotacións Agrarias), permitindo analizar as estratexias dos proxectos empresariais dos/as mozos/as de xeito individual ou en grupo.

En Galiza compre introducir a xestión estratéxica para encadrar os diferentes asesoramentos técnicos (agrícola, gandeiro, alimentación, veterinario, económico, etc…) que reciben as ganderías para que todos sigan cara unha mesma dirección: a viabilidade técnica e económica do proxecto empresarial da mocidade que se incorpora á actividade agrogandeira para asegurar a fixación de poboación no noso rural.

A Consellería de Medio Rural debe incorporar certas modificacións na orde de axudas que convoca con carácter anual para favorece-la incorporación da mocidade á actividade agrogandeira:

1.- Dotación orzamentaria suficiente para fornecer dos medios materiais e recursos humanos suficientes para a xestión eficiente das axudas de incorporación.

2.- Implantación dun plan estratéxico de recuperación do asesoramento público ás incorporacións, executado dende as OACs e os Servizos de Explotacións Agrarias.

3.- Oferta de formación específica para o persoal da Consellería de Medio Rural encargado do asesoramento, centrado na xestión técnico-económica de explotacións agrogandeiras, técnicas de mercado, comercialización e márketing.

4.- Realización e seguimento dun plan empresarial real e adaptado ás especificades de cada proxecto de emprendemento achegado na convocatoria de incorporacións á Consellería.



CSV: BOPGDSPG-8egKxqH80-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/12/2021 13:57:24
Nº Rexistro: 26821
Data envio: 29/12/2021 13:57:24.675

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

5.- Simplificación no modelo de contas de explotación, balance real de ingresos e gastos reais, e coincidencia de datos no balance de perdas e ganancias aportado a Facenda.

6.- Establecemento de incorporacións progresivas e/ou por obxectivos cando a situación de partida así o aconselle, baseadas nun plan de incorporación (é dicir, as persoas beneficiarias incorpóranse e van paso a paso, recibindo a axuda segundo vaia precisando financiamento até un tope establecido na resolución).

7.- Adianto modulable do anticipo do importe das axudas en función das necesidades de cada plan empresarial, para realizar os investimentos precisos, sen necesidade de recorrer a préstamos bancarios.

8.- Fomento de incorporacións tuteladas que fomenten o relevo xeracional nas granxas nas que non existe.

9.- Convocatoria aberta con carácter anual: débese habilitar unha entrega da solicitude ao longo de todo o ano, prolongando o espazo temporal no que se pode iniciar a tramitación da solicitude e ao mesmo tempo facilitar a incorporación dunha solicitude subrogada cara a anualidade posterior, de xeito que non inflúa de xeito decisivo a idade de nacemento do/a mozo/a ou a idade de xubilación do cesante no caso dun relevo xeracional ou fronte da granxa.

10.- Prioridade a proxectos agroecolóxicos, baseados na sustentabilidade, na economía local e no comercio de proximidade. Apoio preferente e decidido a proxectos baseados na multifuncionalidade do proxecto empresarial, o complemento de rendas agrarias e a diversificación produtiva.

CSV: BOPGDSPG-8egKxqH80-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/12/2021 13:57:24
Nº Rexistro: 26821
Data envio: 29/12/2021 13:57:24.675

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

11.- Consideración de inclusión na orde de axudas de modelos de incorporacións que se inician coa modalidade de incorporación a tempo parcial, pero que establecen un marco temporal para converterse en incorporacións a tempo completo na actividade agraria e/ou gandeira.

12.- Establecemento de uniformidade de criterios normativos e legais iguais e coincidentes con outras administracións ou consellerías (p.e. Patrimonio, Medio Ambiente, a fin de facilitar a tramitación administrativa).

13.- Establecemento de convenios de colaboración con outras entidades xestoras dos expedientes administrativos dos interesados/as e futuros/as beneficiarios/as (p.e. Confederación Hidrográfica do Norte, Augas de Galicia, Sección de Urbanismo dos Concellos – FEGAMP), a fin de priorizar a revisión dos expedientes obxecto da orde de axudas de incorporación para evitar que se incumpran os prazos de entrega de permisos, licencias, etc...

14.- Ampliación de entrega do prazo de permisos de proxecto, licencias urbanísticas, etc...ata o 1 de Novembro de cada ano, para evitar ter que aprobar de xeito sistemático todos os anos unha prórroga no prazo de entrega da documentación máis aló do 15 de Setembro, a fin de evitar a incerteza xerada sobe o mozo/a e facilitar a súa posterior tramitación.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Considera a Xunta de Galiza arbitrar os mecanismos programáticos e orzamentarios precisos para dotar tanto ás OAC como as delegacións provinciais do



CSV: BOPGDSPG-8egKxqH80-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/12/2021 13:57:24
Nº Rexistro: 26821
Data envio: 29/12/2021 13:57:24.675

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Servizo de Explotacións Agrarias da Consellería de Medio Rural, do persoal suficiente para facer un asesoramento e seguimento das novas explotacións e da súa viabilidade?

Santiago de Compostela, 29 de decembro de 2021

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

**Carmen Aira Díaz**

**María González Albert**

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Xosé Luis Rivas Cruz na data 29/12/2021 13:56:40**

**María del Carmen Aira Díaz na data 29/12/2021 13:56:44**

**María González Albert na data 29/12/2021 13:56:51**

CSV: BOPGDSPG-8egKxqH80-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2021 09:30:00
Nº Rexistro: 26823
Data envio: 29/12/2021 14:10:28.159

grupo parlamentario popular de galicia

**Á Mesa do Parlamento**

**Alberto Pazos Couñago, Teresa Egerique Mosquera, Ovidio Rodeiro Tato, Elena Súarez Sarmiento, Carlos Gómez Salgado, José Luis Ferro Iglesias, Moisés Rodríguez Pérez e María Felisa Rodríguez Carrera** deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario Popular, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte Pregunta oral en Pleno.

O proceso de recuperación de Meirás iniciouse hai case tres anos, grazas ao gran consenso acadado por todos os galegos. En 2017, o Parlamento solicitou á Xunta de Galicia que iniciase un estudo xurídico, en colaboración coas tres universidades, para estudar a posibilidade e os mecanismos xurídicos máis adecuados para a recuperación das Torres de Meirás.

Cumprindo o mandato do Parlamento, o Goberno galego crea unha Comisión de Expertos que elabora dito estudo, concluíndo que a Administración Xeral do Estado estaba lexitimada para o exercicio dunha acción reivindicatoria fronte á familia Franco.

A Xunta entregou o estudo no Parlamento, que por unanimidade instou ao Goberno do Estado a iniciar un proceso civil para que Meirás se reintegre ao patrimonio público. Como resultado de todo este proceso, foi posible poñer en marcha os trámites para a súa recuperación a través da vía xudicial.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta oral en pleno:

Que valoración fai o Goberno galego do proceso de restitución ao patrimonio público do Pazo de Meirás?

Santiago de Compostela, 29 de decembro 2021.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-8egKxqH80-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2021 09:30:00
Nº Rexistro: 26823
Data envio: 29/12/2021 14:10:28.159

grupo parlamentario popular de galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**José Alberto Pazos Couñago  na data 29/12/2021 14:05:43**

**Teresa Egerique Mosquera na data 29/12/2021 14:05:54**

**Ovidio Rodeiro Tato  na data 29/12/2021 14:06:07**

**María Elena Suárez Sarmiento na data 29/12/2021 14:06:19**

**Rodríguez Pérez, Moisés na data 29/12/2021 14:06:31**

**Gómez Salgado, Carlos na data 29/12/2021 14:06:41**

**María Felisa Rodríguez Carrera na data 29/12/2021 14:06:48**

**José Luis Ferro Iglesias na data 29/12/2021 14:06:59**

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-8egKxqH80-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2021 09:30:00
Nº Rexistro: 26834
Data envio: 29/12/2021 16:41:11.393

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Xosé Luis Rivas Cruz**, **Mercedes Queixas Zas**, **Maria González Albert** e **Carmen Aira Díaz**, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo (CIAM) procede da Granxa-Escola Experimental da Coruña, creada en 1888 e ten, por tanto unha linga historia de máis de 130 anos. Superou dúas guerras mundiais e unha guerra civil até chegar a hoxe.

Nos anos 70 do pasado século (1973-75) coa axuda dun préstamo do Banco Mundial establécense en Mabegondo, contando cunha finca de 300 ha, edificios, laboratorios e instalacións gandeiras. Está dentro do esquema do organismo autónomo INIA (Instituto Nacional de Investigacións Agrarias), formando parte da rede de CRIDAS (Centro Regionales de Investigación y Desarrollo Agrario), distribuídos polo territorio español. O CRIDA 01 era o CIAM e o obxectivo fundamental asignado era a investigación e desenvolvemento en sistemas de produción de carne e leite de vacún na España húmida.

O estudo de sistemas de produción, desde un punto de vista aplicado, é complexo, xa que integra disciplinas relacionadas co estudo dos solos, da fertilización, das sementes, das técnicas de cultivo, mellora xenética, mecanización, ensilado, valor

CSV: BOPGDSPG-8egKxqH80-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2021 09:30:00
Nº Rexistro: 26834
Data envio: 29/12/2021 16:41:11.393

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

nutricional das forraxes, alimentación animal, calidade dos produtos animais, custos de produción e economía das explotacións, etc.

A finalidade do CIAM estaba orientada á mellora das producións gandeiras baseándose no aproveitamento dos forraxes propios da España húmida por medio dunha investigación de alta calidade científica.

Para poder cumprir este obxectivo fíxose unha selección de mozos e mozas titulados/as de grao superior e medio en áreas agrarias e enviáronse a prestixiosas institucións estranxeiras onde se formaron nas diversas disciplinas e adquirindo os máis deles, títulos de post-grao (PhD. ou doutoramento, Master of Science...) e constituíron un conxunto de investigadores altamente especializados que regresaron a Galiza.

O seu traballo xunto co da Agencia de Desarrollo Ganadero e co Servizo de Extensión Agraria foron os verdadeiros motores do desenvolvemento e especiallización gandeira do rural galego de fins do século XX

O mantemento da investigación en sistemas de produción require contar con persoal auxiliar de laboratorio e de campo, para atender á diversidade de tarefas realizadas: o laboreo do terreo, fertilización, sementeira dos cultivos, colleita, ensilado, manexo dos animais, muxido do leite, etc.

Por iso as instalacións do CIAM eran e son únicas no estado español para realizar traballos de investigación en produción de cultivos, conservación de forraxes, alimentación de vacún e calidade dos produtos animais, desenvolvendo sistemas de produción de baixo input externo, optimizando o uso de forraxes propias, reducindo custo económico e minimizando o impacto ambiental e as emisións de gases de efecto invernadoiro.



CSV: BOPGDSPG-8egKxqH80-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2021 09:30:00
Nº Rexistro: 26834
Data envio: 29/12/2021 16:41:11.393

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O deseño do estado das autonomías e as transferencias de competencias á Xunta de Galicia integran o CIAM coma unha unidade con categoría de servizo integrada na Consellería de Medio Rural, o persoal investigador ten a condición de funcionario transferido á comunidade autónoma e por tanto forma parte do cadro de persoal funcionario da Xunta.

A cortedade de miras e a escasa valoración de parte dos sucesivos gobernos, (case monopolizados pola dereita), do papel decisivo que xoga a investigación pública ó servizo dun sector, o agrogandeiro, en plena transformación, traen consigo unha escasa incorporación de persoal investigador ó CIAM, producíndose por medio de convocatorias xeralistas de corpos de funcionarios da Administración, que non sempre foron exitosas, toda vez que o paso polo CIAM era unha forma de achegar-se á capital, en determinados casos.

As escasas veces en que esta se producía, a cobertura de postos onde non había especialistas implicaba unha formación autodidacta e pouco efectiva, toda vez que non existía o recurso á formación especializada como na etapa preautonómica.

Transcorridos 35 anos da entrada en funcionamento do CRIDA-01, aquel persoal investigador formado nos mellores centros do mundo acada a idade de xubilación cunha frecuencia moi superior á rexistrada en calquera outro servizo, empezando a producir-se unha marcada redución do cadro de persoal.

Os recursos para investigación son cada vez máis difíciles de conseguir, esixíndose unha maior especialización, competitividade e tamaño dos grupos nas convocatorias públicas, incluídas as do INIA, abertas agora a universidades e CSIC. Os fondos, ademais, son progresivamente redirixidos a empresas (moitas delas PEMES) procurando unha maior participación e implicación do sector privado na I+D+i e

CSV: BOPGDSPG-8egKxqH80-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2021 09:30:00
Nº Rexistro: 26834
Data envio: 29/12/2021 16:41:11.393

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

asegurando unha maior taxa de transferencia das investigacións aos usuarios finais. Ambas actividades requiren unha alta calidade científica nos grupos de investigación.

Durante o goberno bipartito, desde a consellaría do Medio Rural, dirixida polo BNG toma-se a decisión de recuperar a capacidade investigadora dos centros e posicionar definitivamente ao CIAM como centro de referencia en investigación en materia de produción animal baseado en pastos e forraxes.

Realízase un proceso de selección de persoal investigador en determinadas áreas, gran parte do cal estaba formado nos centros (doutores e doutoras dos programas INIA). Ao CIAM se incorporan 4 doutores/as e 2 tecnólogos como persoal laboral do INGACAL, en base ao orzamento de postos vacantes de persoal funcionario. Neses momentos o cadro de persoal investigador fixo do CIAM (entre persoal funcionario e laboral) é dunhas 30 persoas.

Este proceso de rexuvenecemento, recuperación e modernización vese interrompido pola entrada do PP no goberno tras as eleccións de 2009 comezando de novo esa lenta agonía e deterioro no que se encontra dez anos despois.

O goteo de xubilacións continúa e a pesar das incorporacións producidas en 2009, empezan a quedar desertas áreas chave de investigación, como a mellora xenética de millo, pasando o CIAM de ter un alto prestixio en Europa ao peche de facto desta área.

O persoal doutor, especialistas formados polos investigadores que se xubilaron no CIAM, non ten forma de continuar no centro, tendo que marchar do mesmo.

O INIA perde gran parte da súa capacidade de xestión ao saír da esfera do ministerio de Agricultura e pasar ao ministerio competente en ciencia e innovación, co



CSV: BOPGDSPG-8egKxqH80-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2021 09:30:00
Nº Rexistro: 26834
Data envio: 29/12/2021 16:41:11.393

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

cal a competencia polos fondos estatais é cada vez máis acentuada e a capacidade do CIAM de obter recursos por esta vía, cada vez máis limitada.

Non se ten acceso ós fondos manexados polo GAIN, rompendo o compromiso adquirido coa creación da Secretaría xeral de I+D producíndose unha redución na dotación de fondos propios libres para gasto corrente. Baixo a dependencia do CIAM do estamento forestal por primeira vez na súa historia, os fondos baixan de aproximadamente 450 mil euros a 150 mil, insuficientes para pagar a electricidade e os combustíbeis de calefacción, maquinaria e transporte.

**Xosé Luis Rivas Cruz, María González Albert** e **Carmen Aira Díaz**, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

E van aló polo menos 8 anos desde que se detectou a presenza da chamada nesperiña do castiñeiro no ano 2014, e a súa poboación vai en aumento e os danos son considerables tanto no referente á produción de froito coma á saúde das árbores.

Nos artigos 115 e 116 da actual Lei 7/2012, de Montes de Galiza, di que lle corresponde á Administración forestal a vixilancia, localización e estudo das pragas e enfermidades forestais, así como os labores de prevención, control e erradicación das mesmas. E debemos entender por Administración forestal aquel órgano con rango de Dirección Xeral con competencias en materia de montes, que, en canto ás competencias específicas de control de saúde das masas forestais se exercen, actualmente, a través da Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal, Servizo de Saúde e Vitalidade do Monte.

No Plan de Actuacións de Loita contra as Pragas e Enfermidades do Castiñeiro no 2020 establécese dentro do Procedemento Operativo para o Control Biolóxico, un Novo Plan de Solta Torymus 2020 con tres tipos de actuacións:

CSV: BOPGDSPG-8egKxqH80-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2021 09:30:00
Nº Rexistro: 26841
Data envio: 29/12/2021 17:34:54.096

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Establecer como época de solta idónea o momento da brotación nas masas onde o ano anterior había infestación.

- Determinar as zonas e o momento de solta máis adecuados, en base a ese criterio.

- Recollida de bugallos para comprobar a parasitación.

A falta do estudo de prevalencia sobre a recolla de mostras no pasado outono e tomando os resultados das análises de parasitación das soltas da primavera de 2019, no Plan de Actuación último faise unha valoración triunfalista en exceso ao constatarse que en 68 das 142 cuadrículas se recuperan torymus e que en 54 se supera o límite do 3%, e en base a este dato establécese que o torymus está xa asentado no territorio.

Nada se fala neste plan da necesaria divulgación entre os cultivadores e interesados nos soutos e na explotación da castaña, das medidas complementarias ás accións de solta como poden ser a non utilización de pesticidas, a non eliminación de bugallos ou o necesario abonado para o fortalecemento das árbores afectadas. Medidas estas adoptadas desde hai xa anos noutras Comunidades Autónomas co gallo de favorecer a instalación e permanencia de poboacións activas de Torymus sinensis.

Nada vimos, entre as medidas tomadas pola Consellería, e dentro da necesaria continuación das soltas de torymus para reforzar a súa presencia en todo o territorio, do fomento da cría deste parasito nos centros públicos de investigación dependentes da Xunta de Galiza.



CSV: BOPGDSPG-8egKxqH80-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2021 09:30:00
Nº Rexistro: 26841
Data envio: 29/12/2021 17:34:54.096

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Cal é o estado sanitario dos soutos en Galiza a respecto da presenza do Dryocosmus kuriphilus, tamén chamado nesperiña do castiñeiro e medidas tomadas para o seu control ?

Santiago de Compostela, 29 de decembro de 2021

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

**María González Albert**

**Carmen Aira Díaz**

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**María del Carmen Aira Díaz na data 29/12/2021 17:34:23**

**María González Albert na data 29/12/2021 17:34:26**

**Xosé Luis Rivas Cruz na data 29/12/2021 17:34:34**

CSV: BOPGDSPG-8egKxqH80-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2021 09:30:00
Nº Rexistro: 26846
Data envio: 29/12/2021 17:56:29.628

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Montserrat Prado Cores, Olalla Rodil Fernández** e **Iria Carreira Pazos**, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativa á urxencia de tomar medidas para salvar a Atención Primaria.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Atención Primaria está exhausta tras anos de facer de trincheira do sistema sanitario, situación que a pandemia veu a tensionar máis e máis, até situala nunha agonía permanente.

A Atención Primaria, baseada na proximidade, na accesibilidade, na relación directa profesionais-doentes e na continuidade da asistencia está en risco. O PP ten feito saltar polos aires os seus alicerces.

A degradación progresiva da AP é a consecuencia das decisións políticas que foi tomando. Unha política baseada no desmantelamento da Sanidade Pública, doce anos continuados de xubilacións das/os profesionais sen proceder á súa substitución, de contratación en precario, de recortes nos orzamentos, de desmantelamento das estruturas directivas para secundarizala a respecto da hospitalaria, de soberbia sen escoitar as/os profesionais que denunciaban esta situación, e que esixían poder traballar en condicións dignas, negándose a incorporar novos profesionais á atención primaria para garantir unha atención sanitaria integral. Doce anos de populismo xestionando a sanidade con titulares de prensa.



CSV: BOPGDSPG-8egKxqH80-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2021 09:30:00
Nº Rexistro: 26846
Data envio: 29/12/2021 17:56:29.628

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A situación de colapso é máis que patente e o descontento non fai máis que medrar, non queda ninguén por facer pública a alarma, a preocupación e o malestar pola situación.

Voces de alarma pola falta de persoal, pola falta de presencialidade, polo cansazo e escaseza de perspectivas de mellora.

Profesionais que están abandonando porque non queren traballar sen manter unha calidade mínima, sen poder atender ben aos doentes, que marchan fora, á privada ou solicitan excedencias. Facultativos de Familia e Comunitaria que non queren traballar exercendo a súa especialidade, en Atención Primaria.

Alarma pola redución de cadros de persoal, tensionados permanentemente, en moitos casos sen relevo, que deixan a centros de saúde cunha mínima porcentaxe d@s profesionais e a concellos enteiros, ou barrios urbanos sen profesionais para atender á poboación durante días enteiros. Falta de atención que aumenta gravemente a presión nos servizos de urxencias, poñendo en risco tamén a súa operatividade.

Voces de alarma pola constatación de que este deterioro é terreo aboado para o medre da sanidade privada.

O PP non só non toma nota, senón que moi ao contrario está aproveitando a pandemia para acelerar a súa política de deterioro da sanidade pública, de non repoñer profesionais, sumíndoa nun pozo máis e máis profundo, e os orzamentos para o ano 2022 son un claro exemplo.

Non hai unha estratexia que permita normalizar a Atención Primaria, que non é o mesmo que volver á situación previa á pandemia, de axendas interminábeis e masificación, senón que permita dispoñer d@s profesionais, recursos e capacidade de

CSV: BOPGDSPG-8egKxqH80-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2021 09:30:00
Nº Rexistro: 26846
Data envio: 29/12/2021 17:56:29.628

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

tomar decisións, que permitan atender todas as necesidades e demandas da poboación, unha atención sanitaria de calidade.

Se falla a Atención Primaria, o fallo esténdese a todo o sistema. A este ritmo de deterioro estamos a un paso do colapso xeneralizado, a necesidade de fortalecemento da Atención Primaria non permite máis demoras.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Cal é a planificación da Xunta de Galiza para garantir que a Atención Primaria poida atender as necesidades sanitarias da poboación?

Santiago de Compostela, 29 de decembro de 2021

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

**Olalla Rodil Fernández**

**Iria Carreira Pazos**

Deputadas do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**María Montserrat Prado Cores na data 29/12/2021 17:54:48**

CSV: BOPGDSPG-8egKxqH80-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2021 09:30:00
Nº Rexistro: 26846
Data envio: 29/12/2021 17:56:29.628

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Olalla Rodil Fernández na data 29/12/2021 17:54:52**

**Iria Carreira Pazos na data 29/12/2021 17:55:02**

CSV: BOPGDSPG-8egKxqH80-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2021 09:30:00
Nº Rexistro: 26855
Data envio: 29/12/2021 18:29:08.987

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Montserrat Prado Cores** e **Luis Bará Torres,** deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre as medidas a tomar para solucionar os vertidos ao río Asneiro procedente da depuradora de Botos.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A pasada semana detectouse un vertido no río Asneiro, era visíbel unha espesa capa de escuma branca apreciábel en todo o caudal do río. A escuma está a percorrer unha longa distancia e non só chegou ao río Deza, senón que augas abaixo chegou ao Ulla e á súa desembocadura na ría de Arousa.

Segundo a información publicada nos medios de comunicación a escuma ten a súa orixe na depuradora de Botos. Pasada unha semana desde a primeira voz de alarma sobre este vertido, o mesmo continúa e segue depositándose nas veiras do río, sen que se teña información das medidas tomadas.

O BNG considera necesario que se esclareza o sucedido, que se investigue a orixe, que ocasionou esta escuma, a repercusión sobre o conxunto do ecosistema do río, se depuren responsabilidades e que se informe sobre as medidas que se están tomando.

Este vertido ven a poñer en evidencia as deficiencias desta depuradora, que non responde ás necesidades das empresas instaladas neste polígono, máis alá do mal uso que se poida realizar.



CSV: BOPGDSPG-8egKxqH80-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2021 09:30:00
Nº Rexistro: 26855
Data envio: 29/12/2021 18:29:08.987

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Non se poden consentir a continuidade destes vertidos, o acontecido non é un caso illado, senón que son recorrentes e crónicos os que se producen ao Asneiro e que logo continúan polos ríos Deza, Ulla e chegan á ría de Arousa. É grave esta situación pola afectación ao conxunto dos ecosistemas e porque augas abaixo hai diversas captacións de auga para uso da poboación.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

A que agarda a Xunta de Galiza para adoptar medidas que rematen con estes vertidos desde a depuradora de Botos?

Santiago de Compostela, 29 de xullo de 2021

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

**Luis Bará Torres**

Deputada e deputado do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**María Montserrat Prado Cores na data 29/07/2021 12:34:42**

CSV: BOPGDSPG-8egKxqH80-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2021 09:30:00
Nº Rexistro: 26855
Data envio: 29/12/2021 18:29:08.987

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Xosé Luis Bará Torres na data 29/07/2021 12:34:51**

CSV: BOPGDSPG-8egKxqH80-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2021 09:30:00
Nº Rexistro: 26869
Data envio: 29/12/2021 19:46:46.550

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Mercedes Queixas Zas, Daniel Castro García** e **Manuel Lourenzo Sobral**, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a necesidade dunha nova planificación escolar en Culleredo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Como en cursos anteriores, a comunidade escolar de Culleredo vén manifestando a insuficiente atención educativa por parte do goberno do PP a un concello que presenta un crecemento demográfico continuado, así como unha importante dispersión dos seus núcleos de poboación.

Unhas demandas sociais que en diferentes ocasións foron canalizadas desde o grupo municipal do BNG.

Este mes de novembro a comunidade educativa de Culleredo recibía a boa nova de que o Consello escolar municipal conseguira o compromiso da Xunta para "revisar a planificación escolar e o catálogo do profesorado", tal e como informa a web do concello.

Asemade, a inspectora de educación responsábel recoñeceu que a planificación de Culleredo "está obsoleta", e que cabería revisala antes do 1 de marzo, que é cando entra en vigor a nova Planificación Xeral de Culleredo.



CSV: BOPGDSPG-8egKxqH80-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2021 09:30:00
Nº Rexistro: 26869
Data envio: 29/12/2021 19:46:46.550

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Unha afirmación tan rotunda sobre un problema que vén sendo reivindicado desde hai tempo, proporciona unha oportunidade que non se debe deixar escapar, polo que cómpre activar a coordinación precisa entre os axentes sociais e educativos para dar resposta a unha demanda de solución ao problema por fin recoñecido pola autoridade da Xunta.

Neste sentido, desde o grupo municipal do BNG en Culleredo xa se ten atendido a comunidade escolar da zona rural do concello, que se ten organizado para reivindicar a creación dunha oferta de Ensino Secundario Obrigatorio (ESO) na zona rural.

A nova planificación escolar debería refacer o mapa de distribución e asignación das zonas de residencia do alumnado aos centros de referencia en función dos centros existentes a día de hoxe, mais tamén, recoller unha valoración en función dun futuro centro que imparta a ESO na zona rural, xa que isto permitiría unha reconfiguración dos centros de secundaria e, en particular, a desconxestión do IES Eduardo Blanco Amor, que permitiría unha compensación do reparto de alumnado entre este e o IES Rego de Trabe. A mellora no servizo ao alumnado redundaría ademais nun menor tempo no transporte daquel que se despraza desde a zona rural ata o centro de Vilaboa, co conseguinte incremento do tempo para o descanso, o lecer e o estudo.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que medidas vai activar a Xunta de inmediato para a elaboración dunha nova planificación escolar no concello de  Culleredo antes do 1 de marzo?

Santiago de Compostela, 30 de novembro de 2021



CSV: BOPGDSPG-8egKxqH80-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2021 09:30:00
Nº Rexistro: 26869
Data envio: 29/12/2021 19:46:46.550

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

**Daniel Castro García**

**Manuel Lourenzo Sobral**

Deputada e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Mercedes Queixas Zas na data 30/11/2021 10:04:07**

**Daniel Castro García na data 30/11/2021 10:04:11**

**Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 30/11/2021 10:04:20**

CSV: BOPGDSPG-8egKxqH80-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2021 09:30:00
Nº Rexistro: 26871
Data envio: 29/12/2021 19:49:17.690

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Mercedes Queixas Zas** e **Luis Bará Torres**, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a demanda de actuacións en materia de seguridade viaria en Dorneda-Oleiros ( A Coruña).

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A veciñanza da parroquia de Dorneda no Concello de Oleiros (A Coruña) está a demandar unha solución á inseguridade viaria que senten para desenvolver as tarefas do día a día.

Na actualidade, despois de diferentes iniciativas, cada luns concéntranse neste lugar para facer publica unha gran preocupación: a inseguridade viaria coa que conviven no cruce da Avenida República Arxentina (AC-173), coa Rúa da Proba e a Rúa do Río Couto.

A veciñanza vén demandando unha solución que calme a velocidade do elevado tránsito de circulación que se produce diariamente e en horario continuado neste punto, á vista das súas características como zona de paso de transeúntes. Unha pequena observación in situ permite comprobar a continua circulación de utilitarios, autobuses e camións, en ocasións a velocidades elevadas.

Neste sentido, destacan que o transporte escolar que realiza o servizo do CEIP Isidro Parga Pondal, do CEIP Luis Seoane e do IES María Casares utiliza as paradas do



CSV: BOPGDSPG-8egKxqH80-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2021 09:30:00
Nº Rexistro: 26871
Data envio: 29/12/2021 19:49:17.690

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

transporte público que hai neste cruce, en ambas as dúas marxes da vía. Nestas paradas, dúas veces ao día, cruzan esta estrada mesmo nenos pequenos (de 3 anos), sen un paso de peóns e con evidente risco de atropelo.

Asemade, os usuarios d´O Couto e d´A Proba que diariamente utilizan o transporte público, en moitos casos persoas de idade avanzada, tamén se ven con dificultades para cruzar a vía con garantías de seguridade, pois os pasos de peóns máis próximos están situados a 300m, en dirección a Santa Cruz, e a 1200m en dirección a Arillo.

Logo de se ter dirixido ao Concello de Oleiros solicitando a mellora da seguridade nesta vía ao seu paso polo cruce da Avenida República Arxentina (AC-173), coa Rúa da Proba e a Rúa do Río Couto, a resposta do goberno municipal é que xa reclamou en varias ocasións á Xunta de Galiza, titular da estrada, a realización dun paso de peóns nese lugar e tamén á altura do cemiterio.

A resposta da Xunta foi negativa por non se tratar dun treito urbano, mais sen achegar ningunha proposta de mellora á veciñanza nin garantía de seguridade viaria.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que accións vai pór en andamento o goberno para mellorar a seguridade dos peóns neste cruce da Avenida República Arxentina (AC-173), coa Rúa da Proba e a Rúa do Río Couto?

Santiago de Compostela, 30 de novembro de 2021



CSV: BOPGDSPG-8egKxqH80-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2021 09:30:00
Nº Rexistro: 26871
Data envio: 29/12/2021 19:49:17.690

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

**Luis Bará Torres**

Deputada e deputado do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Mercedes Queixas Zas na data 30/11/2021 09:45:37**

**Xosé Luis Bará Torres na data 30/11/2021 09:45:40**

CSV: BOPGDSPG-8egKxqH80-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2021 10:38:00
Nº Rexistro: 26876
Data envio: 30/12/2021 10:38:00.552

grupo parlamentario popular de galicia

**A Mesa do Parlamento**

**Begoña Freire Vázquez, Carmen Pomar Tojo, Ramón Carballo Páez, José Manuel Balseiro Orol, Diego Calvo Pouso, Marisol Díaz Mouteira** e **Rubén Lorenzo Gómez,** deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno.**

Despois de moitos meses de anuncios nos medios de comunicación, o pasado 26 de outubro o Consello de Ministros do Goberno de España tomou en consideración o Anteproxecto de Lei polo Dereito á Vivenda, iniciándose polo Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana a tramitación do texto.

Dende o Grupo Parlamentario Popular vemos con preocupación que o anteproxecto da futura Lei de Vivenda se iniciase sen consenso nin consulta previa coas distintas Comunidades Autónomas, e concretamente con Galicia.

Sen ter en conta que son as que teñen as competencias en materia de vivenda e as que deben xestionar as medidas propostas.

Ademais, dunha primeira análise do texto despréndese que se entra a regular cuestións tan importantes como a ocupación de vivendas, o concepto de vivenda baleira ou que se chega a incorrer na invasión de competencias autonómicas.

Polo exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Que primeira valoración fai o Goberno galego do anteproxecto da futura Lei de Vivenda?

Santiago de Compostela, 30 de decembro de 2021

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-8egKxqH80-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2021 10:38:00
Nº Rexistro: 26876
Data envio: 30/12/2021 10:38:00.552

grupo parlamentario popular de galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Freire Vázquez, María Begoña na data 30/12/2021 10:25:58**

**Carmen María Pomar Tojo na data 30/12/2021 10:26:10**

**Ramón Carballo Páez na data 30/12/2021 10:26:26**

**José Manuel Balseiro Orol  na data 30/12/2021 10:26:48**

**Diego Calvo Pouso na data 30/12/2021 10:27:01**

**María Sol Díaz Mouteira  na data 30/12/2021 10:27:13**

**Rubén Lorenzo Gómez na data 30/12/2021 10:27:26**

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-8egKxqH80-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2021 10:38:11
Nº Rexistro: 26877
Data envio: 30/12/2021 10:38:11.615

grupo parlamentario popular de galicia

**A Mesa do Parlamento**

**Begoña Freira Vázquez, Marisol Díaz Mouteira, José Manuel Balseiro Orol, Ramón Carballo Páez, Diego Calvo Pouso, Rubén Lorenzo Gómez** e **Carmen Pomar Tojo,** deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para o súa resposta oral en Pleno.**

O pasado mes de decembro de 2020 aprobouse no Parlamento de Galicia a nova Lei de Ordenación do Territorio de Galicia, que supón o último fito que se enmarca no proceso levado a cabo polo Goberno galego para a renovación do marco normativo en materia de urbanismo.

Son xa máis de 10 anos de traballo nos que se foron dando importantes pasos para a renovación do marco lexislativo urbanístico e no que a máxima é “ningún concello sen PXOM”.

Dada a importancia que ten para a ordenación urbanística e mesmo paisaxística da nosa Comunidade, desde o Grupo Parlamentario Popular consideramos necesario facer balance dos últimos dez anos en materia de planeamento xeral municipal, co obxectivo de coñecer a situación actual e as perspectivas de futuro.

Tendo en conta esta situación, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Que balance fai a Xunta de Galicia do estado do planeamento xeral municipal na última década?

Santiago de Compostela, 30 de decembro de 2021

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-8egKxqH80-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2021 10:38:11
Nº Rexistro: 26877
Data envio: 30/12/2021 10:38:11.615

grupo parlamentario popular de galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Freire Vázquez, María Begoña na data 30/12/2021 10:28:57**

**María Sol Díaz Mouteira  na data 30/12/2021 10:29:09**

**José Manuel Balseiro Orol  na data 30/12/2021 10:29:21**

**Ramón Carballo Páez na data 30/12/2021 10:29:36**

**Diego Calvo Pouso na data 30/12/2021 10:29:54**

**Rubén Lorenzo Gómez na data 30/12/2021 10:30:07**

**Carmen María Pomar Tojo na data 30/12/2021 10:30:27**

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-8egKxqH80-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2021 10:38:33
Nº Rexistro: 26879
Data envio: 30/12/2021 10:38:33.458

grupo parlamentario popular de galicia

**A Mesa do Parlamento**

**Begoña Freire Vázquez, Marisol Díaz Mouteira, Corina Porro Martínez, Teresa Egerique Mosquera, José Manuel Balseiro Orol, Ramón Carballo Páez, Diego Calvo Pouso, Rubén Lorenzo Gómez** e **Carmen Pomar Tojo** deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno.**

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda vén de presentar neste mes de maio ante o Concello de Vigo os proxectos de urbanización necesarios para acometer a ampliación de San Paio de Navia e ampliar a oferta de vivenda protexida na cidade de Vigo.

Deste xeito, o Concello dispón xa da documentación correspondente ás tres fases nas que se divide a urbanización e, polo tanto, pode continuar coa súa tramitación e aprobación, un paso indispensable para poder licitar as obras.

Cómpre lembrar que a ampliación do solo residencial neste ámbito permitirá a construción dunhas 1.600 novas vivendas protexidas na cidade de Vigo, o que suporá un investimento de 250 millóns de euros por parte de promotores públicos e privados.

E que se actuará, en total, sobre unha superficie de 265.000 metros cadrados que, ademais de vivendas, acollerá zonas verdes, superficies de uso terciario, máis de 1.000 prazas de aparcamento e un carril bici de dous quilómetros.

Tendo en conta a importancia deste proxecto para a cidade de Vigo, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Cales son as principais características do proxecto de urbanización para acometer a ampliación de San Paio de Navia e ampliar a oferta de vivenda protexida na cidade de Vigo?

Santiago de Compostela, 30 de decembro de 2021

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-8egKxqH80-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2021 10:38:33
Nº Rexistro: 26879
Data envio: 30/12/2021 10:38:33.458

grupo parlamentario popular de galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Freire Vázquez, María Begoña na data 30/12/2021 10:34:50**

**María Sol Díaz Mouteira  na data 30/12/2021 10:35:01**

**María Corina Porro Martínez  na data 30/12/2021 10:35:15**

**Teresa Egerique Mosquera na data 30/12/2021 10:35:28**

**José Manuel Balseiro Orol  na data 30/12/2021 10:35:39**

**Ramón Carballo Páez na data 30/12/2021 10:35:53**

**Diego Calvo Pouso na data 30/12/2021 10:36:11**

**Rubén Lorenzo Gómez na data 30/12/2021 10:36:24**

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-8egKxqH80-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2021 10:38:33
Nº Rexistro: 26879
Data envio: 30/12/2021 10:38:33.458

grupo parlamentario popular de galicia

**Carmen María Pomar Tojo na data 30/12/2021 10:36:35**

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-8egKxqH80-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2021 11:36:02
Nº Rexistro: 26886
Data envio: 30/12/2021 11:36:02.052

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Montserrat Prado Cores** e **Iria Carreira Pazos**, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativa ao sistema de rastrexo de persoas positivas por Covid-19 e os seus contactos.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Diante dunha situación de extrema gravidade como a que estamos vivindo a causa da Covid 19, o que se precisa é que o Goberno asuma responsabilidades e tome as medidas precisas, o mellor plan de continxencia para evitar o incremento de casos é a prevención e a contención.

Se en algo hai unanimidade é en que na loita contra a COVID-19 é vital actuar con rapidez, detectar persoas positivas, identificalas, illalas e facer rastrexo de contactos, sobre todo diante dunha situación de extrema gravidade como a actual cunha evidente transmisión comunitaria, onde unha porcentaxe moi elevada dos contaxios non teñen orixe coñecida, é preciso tomar as medidas axeitadas.

Facer ben esa labor é fundamental para parar a cadea de contaxios. Non se pode parar a pandemia se non se sabe onde está o virus, a clave é ser proactivxs, planificar, anticiparse... para ir por diante do virus e non por detrás.

Por iso dende o BNG queremos mostrar a nosa preocupación coa xestión que a Xunta está a realizar no rastrexo de positivos, máis destinada ao titular de prensa e non para solucionar o problema, caracterizada pola improvisación e o



CSV: BOPGDSPG-8egKxqH80-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2021 11:36:02
Nº Rexistro: 26886
Data envio: 30/12/2021 11:36:02.052

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

comportamento errático, que poñen en risco a saúde e a vida das galegas e galegos.

Estamos nunha situación explosiva de contaxios e cunha transmisión comunitaria descontrolada, e lamentamos que de novo non se tivera preparado o dispositivo con anticipación, malia existir a certeza de que unha nova onda de contaxios se ía producir. A variante Ómicron está presente en Galiza desde principios de novembro, e sábese da súa altísima capacidade de contaxio e propagación.

Neste contexto vimos de coñecer que a empresa  á que a Xunta lle ten adxudicado o servizo de rastrexo publicou neste mes de decembro dous anuncios para a contratación de persoal "debido á alta incidencia de contaxios e a necesidade de incrementar de forma urxente os servizos de teleoperadores/as para traballar no proxecto Rastrexadores Covid". Ofertan un contrato de fin de semana, por  un mes, cun salario bruto que apenas supera os sete euros a hora e unha formación de catro horas no primeiro caso e de seis horas no segundo. Os requisitos son persoal moi empático, capaz de identificar como doentes cada unha das chamadas, habilidade para descubrir información, gran xestión da emoción, que saiba manter a calma ante situacións de estrés...

Estas "ofertas de traballo" precario e mal pagado son un claro espello da improvisación e a falta de planificación que ten caracterizado ao Goberno de Núñez feixó durante toda a pandemia e que volve pórse de manifesto.

CSV: BOPGDSPG-8egKxqH80-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2021 11:36:02
Nº Rexistro: 26886
Data envio: 30/12/2021 11:36:02.052

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Consideramos necesario que por parte da Xunta se facilite toda a información a respecto sistema de rastrexo, e por esa razón o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, a través das deputadas asinantes, presenta as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

Considera a Xunta que Galiza que conta cun sistema de rastrexo de persoas positivas por Covid 19 ben dotado e eficiente para actuar con rapidez e parar a cadea de contaxios?

Parécelle responsábel que as persoas que realizan unha labor tan importante como as de rastrexo de persoas positivas por covid 19 teñan un contrato de fin de semana, por un mes, cun salario bruto que apenas supera os sete euros a hora e unha formación dunhas horas?

Considera que diante da situación explosiva de contaxios e cunha transmisión comunitaria descontrolada pode ter un sistema de rastrexo caracterizado pola improvisación e a falta de planificación ?

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Considera a Xunta que Galiza que conta cun sistema de rastrexo de persoas positivas por Covid 19 ben dotado e eficiente para actuar con rapidez e parar a cadea de contaxios?

Santiago de Compostela, 30 de decembro de 2021

CSV: BOPGDSPG-8egKxqH80-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2021 11:36:02
Nº Rexistro: 26886
Data envio: 30/12/2021 11:36:02.052

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

**Iria Carreira Pazos**

Deputadas do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**María Montserrat Prado Cores na data 30/12/2021 11:07:14**

**Iria Carreira Pazos na data 30/12/2021 11:07:24**

CSV: BOPGDSPG-8egKxqH80-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2021 12:29:05
Nº Rexistro: 26893
Data envio: 30/12/2021 12:29:05.849

grupo parlamentario popular de galicia

**A Mesa do Parlamento**

**Teresa Egerique Mosquera, José Manuel Balseiro Orol, Begoña Freire Vázquez, Ana Belén García Vidal, Manuel Santos Costa, Elena Suárez Sarmiento** e **Daniel Vega Pérez,** deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno.**

O sector da pesca constitúe un sector estratéxico para o desenvolvemento da nosa comunidade, que ten o reto de contribuír á consecución de determinados obxectivos temáticos do Marco estratéxico común. Ademais, este sector ten que aproveitar ao máximo os fondos deste marco para acadar os novos retos que se formulan e, neste senso, tanto o sector extractivo coma o sector transformador terán que aproveitar todas as posibilidades que brindan estes instrumentos para acadar o obxectivo de sector competitivo, sustentable e respectuoso co ambiente.

Dada a importancia social e o gran peso específico das industrias de transformación dos produtos procedentes da pesca dentro do tecido empresarial da Comunidade Autónoma de Galicia, ditouse a Orde do 18 de decembro de 2020 pola que se establecen as bases e se regula o procedemento tramitado como expediente anticipado de gasto, para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de axudas para investimentos en pemes de transformación dos produtos pesqueiros e de acuicultura, cofinanciadas co Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP) e se convocan para o ano 2021.

Así, o DOG do 28 de decembro de 2021 publica a orde de axudas para investimentos en pemes de transformación dos produtos pesqueiros e de acuicultura, cofinanciadas co Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP), e se convocan para o ano 2022.

Por todo o anterior, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Cal é a finalidade das axudas para investimentos en pemes de transformación dos produtos pesqueiros e de acuicultura e o orzamento destinado para 2022?

Santiago de Compostela, 30 de decembro de 2021

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-8egKxqH80-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2021 12:29:05
Nº Rexistro: 26893
Data envio: 30/12/2021 12:29:05.849

grupo parlamentario popular de galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Teresa Egerique Mosquera na data 30/12/2021 12:21:59**

**José Manuel Balseiro Orol  na data 30/12/2021 12:22:11**

**Freire Vázquez, María Begoña na data 30/12/2021 12:22:24**

**Ana Belén García Vidal na data 30/12/2021 12:22:35**

**Manuel Santos Costa na data 30/12/2021 12:22:45**

**María Elena Suárez Sarmiento na data 30/12/2021 12:22:57**

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-8egKxqH80-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2021 12:29:05
Nº Rexistro: 26893
Data envio: 30/12/2021 12:29:05.849

grupo parlamentario popular de galicia

**Daniel Vega Pérez na data 30/12/2021 12:23:13**

CSV: BOPGDSPG-8egKxqH80-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2021 12:46:21
Nº Rexistro: 26898
Data envio: 30/12/2021 12:46:21.130

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**María González Albert, Carmen Aira Díaz** e **Xosé Luis Rivas Cruz,** deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a protección da propiedade colectiva das Comunidades de Montes Veciñais en Man Común no dominio marítimo-terrestre.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Organización Galega de Comunidades de Montes Veciñais en Man Común (ORGACCMM) ten trasladado ao BNG a súa fonda preocupación pola situación que se está a xerar ante as actuacións levadas a cabo desde as Xerencias Territoriais do Catastro que atentan directamente aos intereses das comunidades de montes.

Así, as oficinas territoriais ou xerencias están a remitir comunicacións aos órganos directivos das comunidades de montes informando de que os terreos propiedade da comunidade, terras de monte veciñal en man común, situadas dentro da demarcación marítimo-terrestre pasan a considerarse de titularidade do Estado.

Aínda que nos escritos remitidos o Catastro concede un prazo de alegacións, as resolucións estanse a demostrar inamovíbeis, o que equivale a unha incautación ou expropiación encuberta destas terras de propiedade colectiva que funcionan en beneficio da comunidade.

Para a toma destas resolucións Catastro ampárase no artigo 9 da Lei 22/1988, de 28 de xullo, de Costas que estabelece que non poderán existir terreos de propiedade



CSV: BOPGDSPG-8egKxqH80-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2021 12:46:21
Nº Rexistro: 26898
Data envio: 30/12/2021 12:46:21.130

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

distinta da demanial do Estado en ningunha das pertenzas do dominio público marítimo-terrestre, nin aínda no suposto de terreos gañados ao mar ou desecados na súa ribeira.

En primeiro lugar cabe destacar que o artigo citado trata por igual a todo tipo de propiedades. Sen embargo, desde o BNG entendemos que no momento actual deberíase afrontar unha revisión do mesmo para permitiren que na zona de dominio público marítimo-terrestre, que como indica o seu nome debe ser de titularidade pública, poidan coexistir outras titularidades que respecten ese carácter demanial e non privado.

Así, proponse a posibilidade de permitiren a titularidade municipal ou autonómica, non só a estatal como se reclama en moitos concellos costeiros, máis tamén, neste caso, a titularidade colectiva ou veciñal, en beneficio da comunidade que, aínda que tratada como privada habitualmente, ten características diferentes.

Non é en ningún caso axeitada a equiparación dos montes veciñais en man común a bens de titularidade privada pois a súa natureza é colectiva tal e como recoñece o artigo 3 da vixente Lei 13/1989, de 10 de outubro, de montes veciñais en man común.

Polo tanto, e recollendo as reclamacións da ORGACCMM, entendemos que non deberían ter encaixe legal nas detentacións privadas, senón seren considerados como propiedades colectivas como corresponde á súa natureza e réxime xurídico.

En ningún momento o mantemento da titularidade pública ou colectiva afectaría á obriga de respectar os límites que a Lei de Costas estabelece neste momento ao respecto das actividades a desenvolver na zona de dominio público marítimo e das preceptivas autorizacións da Demarcación de Costas.

CSV: BOPGDSPG-8egKxqH80-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2021 12:46:21
Nº Rexistro: 26898
Data envio: 30/12/2021 12:46:21.130

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

É importante neste sentido lembrar que a normativa de costas actual xa permite manter os dereitos de uso e aproveitamento, polo que sería perfectamente posíbel manter este aspecto mais respectando a titularidade das comunidades de montes.

En segundo lugar temos de lembrar que a pesares de que a previsión do artigo 9 foi publicada en 1988, tras a aprobación a Lei de Montes Veciñais en Man Común procedeuse a inscribir e rexistrar propiedades a nome desas mancomunidades incluíndo os terreos afectados pola zona de dominio público marítimo-terrestre, probándose así a compatibilidade de manter a titularidade e o respecto da normativa que impón restrinxir os usos nesas zonas afectadas.

Tamén pode alegarse a favor da reforma lexislativa que permita conciliar ambas titularidades que a necesaria protección que se dá a outros bens público-demaniais como son as bacías fluviais ou humidais, por exemplo (que poderían ser equiparábeis) non impide a titularidade sobre eses terreos mais si que limita os seus usos.

Desde o BNG entendemos que é preciso revisar a lexislación vixente para que recolla de xeito clara a realidade: a existencia de montes veciñais en man común como unha forma colectiva de propiedade, non equiparábel á pública nin á privada, de marcado carácter xermánico.

A Xunta de Galiza non pode ficar alleo a este ataque por parte de Catastro a unha forma de propiedade propia de Galiza xa que ten unha responsabilidade na defensa deste modelo de propiedade comunitaria que ten unha importancia capital no noso país no que ocupan aproximadamente unha cuarta parte do territorio: máis de 700.000 hectáreas xestionadas por 2.800 comunidades de montes. Un volume que proba que estas comunidades son un sinal de identidade e da cultura galegas, ademais dun motor económico e produtivo decisivo. Este tipo característico e diferenciado de copropiedade



CSV: BOPGDSPG-8egKxqH80-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2021 12:46:21
Nº Rexistro: 26898
Data envio: 30/12/2021 12:46:21.130

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

colectiva, cuxas características se teñen mantido e teñen evolucionado en Galiza desde tempos inmemoriais, ha de ser preservado, mantido e protexido.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que accións ten iniciado a Xunta de Galiza para asesorar e guiar ás Comunidades de Montes en Man Común situadas en dominio marítimo-terrestre afectadas polas notificacións de Catastro?

Santiago de Compostela, 30 de decembro de 2021

Asdo.: **María González Albert**

**Carmen Aira Díaz**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Xosé Luis Rivas Cruz na data 30/12/2021 12:45:52**

**María González Albert na data 30/12/2021 12:45:56**

CSV: BOPGDSPG-8egKxqH80-1
PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2021 13:37:02
Nº Rexistro: 26912
Data envio: 30/12/2021 13:37:02.068

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **María González Albert**,

**Carmen Aira Díaz**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Luis Bará Torres**

Deputados e deputadas do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Xosé Luis Rivas Cruz na data 30/12/2021 13:36:20**

**María González Albert  na data 30/12/2021 13:36:24**

**Xosé Luis Bará Torres  na data 30/12/2021 13:36:32**

**María del Carmen Aira Díaz  na data 30/12/2021 13:36:39**

CSV: BOPGDSPG-8egKxqH80-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2021 13:38:58
Nº Rexistro: 26913
Data envio: 30/12/2021 13:38:58.193

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**María González Albert**, **Carmen Aira Díaz** e **Xosé Luis Rivas Cruz**, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Cando a severidade e frecuencia dos incendios é elevada o lume conduce ao medio natural cara un proceso de degradación debido á perda da cuberta vexetal. Esta situación podería desembocar nun proceso de empobrecemento ou perda do potencial biolóxico do solo, proceso global definido como desertificación.

Unha vez calcinada a terra nos solos prodúcense escorrentías que afectan directamente aos recursos produtivos, con especial afección aos recursos hídricos, á flora, a fauna, as infraestruturas...

Os voluntarios e voluntarias, os veciños e veciñas poden realizar algunhas accións de restauración e recuperación dos ecosistemas calcinados; mais estes traballos son unha obriga das distintas Administracións públicas, obrigas e prioridades recollidas nas súas normativas legais, directivas, consellos...

Unha vez afectado un monte por un incendio forestal é preciso e urxente levar adiante intervencións a curto prazo realizando os traballos precisos –segundo o caso- que eviten a erosión, o estragamento dos solos, a perda de biodiversidade, a protección das infraestruturas...

CSV: BOPGDSPG-8egKxqH80-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2021 13:38:58
Nº Rexistro: 26913
Data envio: 30/12/2021 13:38:58.193

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A máis longo prazo, tanto Goberno central como a Xunta de Galiza, teñen a obriga de aprobar planos especiais aplicando as medidas de restauración-recuperación dos montes afectados por incendios forestais que sexan precisos, pondo en marcha planos de restauración hidrolóxico-forestais co fin de minimizar os danos e para recuperar, na medida do posíbel, os ecosistemas afectados.

É bo lembrar que os estudos científicos reflicten que as perdas medias de solo, dependendo da orografía e estado da vexetación, poden acadar até 50 toneladas por hectárea e ano. No conxunto da Península Ibérica calcúlase que o 44% do territorio está afectado por algún tipo de perda de solo por erosión e máis de 9 millóns de hectáreas están afectadas por eivas erosivas graves.

Na actualidade, é múltiple e diversa a lexislación aplicábel para a recuperación de áreas queimadas; lexislación de ámbitos estatal e europeo máis tamén galego como a Lei 3/2007, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galiza e a Lei 7/2012 de Montes de Galiza.

Así, o artigo 49 da **Lei 3/2007, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galiza,** fala en relación ao mantemento e restauración dos terreos incendiados:

*1. ...unha vez rematada a época de perigo alto de incendios forestais, a Administración autonómica galega promoverá a elaboración dun mapa de riscos, asociados aos incendios forestais do último período, no que se concretarán as zonas sensibles á erosión, a afección sobre os cursos e recursos hídricos, forestais e pesqueiros e as infraestruturas.*

*Así mesmo promoverá a adopción de mediadas urxentes e de colaboración cos afectados polos incendios forestais para levar a cabo nas zonas de actuación*



CSV: BOPGDSPG-8egKxqH80-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2021 13:38:58
Nº Rexistro: 26913
Data envio: 30/12/2021 13:38:58.193

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

*prioritaria e que serán acometidas polos diferentes departamentos ou consellerías competentes...Actuacións para a conservación dos ecosistemas naturais, dos recursos forestais, hídricos e do solo e en medidas destinadas a*

*rexeneración dos terreos...*

*2. Este mapa de riscos será elaborado por unha comisión de carácter interdepartamental, na que estarán representadas as diferentes consellerías con competencias nos sectores afectados polos incendios forestais...*

*3. O Consello da Xunta de Galiza poderá declarar de utilidade pública...así como para a realización de calquera actuación destinada a protección hidrolóxica...*

Mentres que o ***Artigo 64 da Lei 7/2012, de montes de Galiza; medidas de restauración.***

*A Administración forestal establecerá, en caso necesario, medidas de obrigado cumprimento encamiñadas a restaurar os montes afectados por incendios forestais, catástrofes naturais, vendavais, pragas, enfermidades ou outros eventos...As ditas actuacións de restauración terán consideración de interese xeral, e poderán declararse de utilidade pública cando concorran razóns de urxencia que así o xustifiquen...*

E o ***Artigo 65*** da mesma ***lei de Montes*** fai referencia á ***Restauración hidroloxicoforestal.***

*1. A restauración hidrolóxico-forestal terá como fins prioritarios a recuperación da funcionalidade dos ecosistemas forestais, a loita contra erosión, a xestión, conservación e mellora dos recursos hídricos, a estabilidade dos terreos e a protección de infraestruturas de interese xeral.*



CSV: BOPGDSPG-8egKxqH80-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2021 13:38:58
Nº Rexistro: 26913
Data envio: 30/12/2021 13:38:58.193

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

*2. A Administración forestal poderá declarar zonas prioritarias de actuación en materia de control da erosión e da restauración hidrolóxico-forestal atendendo preferentemente aos montes protectores, así como os terreos forestais, que se atopen nalgún dos seguintes supostos:*

*a) Terreos afectados por incendios...*

*b) Terreos que xeren ou se atopen en risco de desprendementos...*

*c) Terreos que se atopen en risco de sufrir graves episodios de erosión...*

*d) Terreos procedentes de explotacións mineiras históricas...*

*e) Outros terreos afectados por fenómenos ou causas meteorolóxicas*

*antrópicas, bióticas...*

*3. Os plans, proxectos, obras e traballos de corrección ou restauración hidrolóxico-forestal que sexan precisos para a recuperación das zonas prioritarias de actuación poderán ser declarados de utilidade pública...*

Tendo en consideración todo o anterior, observando a inacción dos últimos anos nas que tanto a Xunta de Galiza como o Estado non levaron adiante ningún plano específico para as zonas calcinadas polos incendios forestais, diante dunha evidente falla do cumprimento da lexislación básica por parte das Administracións públicas, o desleixo, a falla de medidas urxentes, o incumprimento legal das obrigas ao non por en marcha plans de restauración/recuperación das zonas afectadas polos incendios forestais. Tendo en consideración a anomia institucional e o esquecemento dos gobernantes, temos asistido unha e outra vez a situacións nas que a sociedade concienciada do país realiza actuacións urxentes de forma voluntaria intentando



CSV: BOPGDSPG-8egKxqH80-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2021 13:38:58
Nº Rexistro: 26913
Data envio: 30/12/2021 13:38:58.193

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

minimizar os efectos erosivos, a destrución dos solos, a contaminación dos ecosistemas fluviais, a protección da biodiversidade, do patrimonio natural...

Mais dada a superficie calcinada/estragada polos incendios forestais as labores realizadas de forma voluntaria polas comunidades propietarias de montes e por distintas asociacións non é suficiente, resulta imposíbel actuar en todos os ecosistemas afectados polo que é urxente que a Xunta de Galiza abandone a súa política de inacción e abandono.

Por todo o anteriormente exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Está a Xunta de Galiza, a través da Consellaría do Medio Rural, a cumprir coa lexislación vixente en materia de recuperación de zonas queimadas e está polo tanto a aplicar algún plan específico de recuperación destas zonas queimadas con proxecto a medio/longo prazo e dotado orzamentariamente?

Santiago de Compostela, 30 de decembro de 2021

Asdo.: **María González Albert**

**Carmen Aira Díaz**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

Deputadas e deputado do G.P. do B.N.G.

CSV: BOPGDSPG-8egKxqH80-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2021 13:38:58
Nº Rexistro: 26913
Data envio: 30/12/2021 13:38:58.193

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**María del Carmen Aira Díaz na data 30/12/2021 13:38:26**

**María González Albert na data 30/12/2021 13:38:30**

**Xosé Luis Rivas Cruz na data 30/12/2021 13:38:38**

CSV: BOPGDSPG-8egKxqH80-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2021 13:44:39
Nº Rexistro: 26914
Data envio: 30/12/2021 13:44:39.740

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

# Á Mesa do Parlamento

**María González Albert**, **Montserrat Prado Cores**, **Iria Carreira Pazos**, **Noa Presas Bergantiños** e **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a perda de servizos e o deterioro da atención sanitaria no Hospital Público de Valdeorras.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde a desaparición da área sanitaria de Valdeorras os veciños e veciñas desta comarca do oriente ourensán teñen asistido a un paulatino deterioro dos seus servizos asistenciais dentro da sanidade pública que se teñen visto acrecentados gravemente no último ano.

Así, no último terzo de 2020 vimos como o servizo de radiodiagnóstico sufría unha merma importante tras a execución do concurso de traslados o 25 de novembro; día a partires do cal o Hospital Público de Valdeorras perdeu dous dos catro radiólogos cos que contaba o que implica que a día de hoxe só queden dúas persoas traballando no servizo de Radiodiagnóstico, estando unha delas exenta das gardas localizadas.

Esta situación xa foi traída polo BNG ao Parlamento de Galiza sen que a resposta dada no seu momento polo conselleiro coa convocatoria de contratos de



CSV: BOPGDSPG-8egKxqH80-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2021 13:44:39
Nº Rexistro: 26914
Data envio: 30/12/2021 13:44:39.740

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

"longa duración" subsanase o problema que a día de hoxe semella xa enquistado mentres que a Xunta de Galiza dá por amortizada a contestación social.

Agora a atención sanitaria da comarca agrávase aínda máis e estamos a asistir, ante a impasibilidade e inacción absolutas da Consellaría de Sanidade, a unha situación na que Valdeorras fica 11 días de xullo sen ambulancia UVI coa única argumentación por parte do goberno galego da "falta de persoal".

Usuarias, profesionais, sindicatos e partidos políticos teñen denunciado esta situación na que de novo se deixa a Valdeorras sen un servizo imprescindíbel; moito máis se temos a conta a carencia no HPV doutros servizos básicos como UCI ou cardioloxía que fan habituais os traslados deste tipo ao centro de referencia en Ourense.

É importante sinalar que o CHUO se atopa a 120 km do HPV e que un traslado normal en UCI móbil xa ronda as 2 horas polo que na situación actual estes tempos son duplicados no mellor dos casos.

En todo caso a aludida escaseza de persoal por parte da Consellaría de Sanidade vaise reproducir de novo en agosto no que non semella senón unha burla aos dereitos da cidadanía de Valdeorras a acceder a unha sanidade gratuíta, pública e universal.

Por todo o anteriormente exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:



CSV: BOPGDSPG-8egKxqH80-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2021 13:44:39
Nº Rexistro: 26914
Data envio: 30/12/2021 13:44:39.740

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Que medidas estruturais vai tomar a Consellaría de Sanidade para que estas situacións de falta de servizos, nomeadamente de radioloxía e UCI Móbil, non se volvan producir no Hospital Público de Valdeorras?

Santiago de Compostela, 30 de decembro de 2021

Asdo.: **María González Albert**

**Noa Presas Bergantiños**

**Iria Carreira Pazos**

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

**Montserrat Prado Cores**

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**María González Albert na data 30/12/2021 13:42:53**

**Iria Carreira Pazos na data 30/12/2021 13:43:00**

**María Montserrat Prado Cores na data 30/12/2021 13:43:18**

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 30/12/2021 13:43:27**

CSV: BOPGDSPG-8egKxqH80-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2021 13:44:39
Nº Rexistro: 26914
Data envio: 30/12/2021 13:44:39.740

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Noa Presas Bergantiños na data 30/12/2021 13:44:25**

CSV: BOPGDSPG-8egKxqH80-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2021 13:59:40
Nº Rexistro: 26920
Data envio: 30/12/2021 13:59:40.333

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Iria Carreira Pazos** e **Luis Bará Torres**, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nos últimos anos estamos asistindo no noso País a unha verdadeira invasión de parques eólicos. Baixo a premisa da xeración de enerxía sustentable, estanse a presentar proxectos para a construcións de novos parques eólicos de xeito masivo e indiscriminado. Esta situación ademais vese favorecida por unha normativa obsoleta e permisiva coas grandes empresas, o que provoca que a poboación se atope nunha situación de indefensión e en desigualdade de condicións á hora de contestar a estas grandes corporacións multinacionais.

A comarca de Compostela atópase rodeada por multitude destes proxectos que ameazan de xeito flagrante ao medio rural e á xente que vive alí e da explotación deste medio. É o caso do que está a suceder co parque eólico de Vilartoxo, de 27MWm¡, proxectado no concello de Val do Dubra e que supón unha ameaza para a poboación de varias parroquias deste concello. Este parque eólico, promovido pola empresa Green Capital Power, viría a provocar unha importante catástrofe natural e paisaxística, tanto polo seu impacto a nivel de superficie, mais sen dúbida polas consecuencias que tería tamén sobre as augas do subsolo. Por unha banda, esta zona conta cun importante afloramento de mananciais que se verían afectados no caso de efectivizarse o proxecto, ademais de existiren numerosas captacións de auga que abastecen ás aldeas que non dispoñen de traída de auga municipal. Por outra banda, este parque suporía a afectación



CSV: BOPGDSPG-8egKxqH80-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2021 13:59:40
Nº Rexistro: 26920
Data envio: 30/12/2021 13:59:40.333

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

severa e prexuízos irreversibles para humidais, brañas, diversos leitos innominados e fontes. Estas consecuencias tamén implicarían unha afectación do patrimonio cultural, ao atoparse na zona varios elementos de especial protección como mámoas, túmulos e un petróglifo, algúns deles aínda sen catalogar, pero de grande importancia arqueolóxica.

A maiores destas afectacións, non se pode obviar que os parques eólicos proxectados nesta zona suporían un freo ao desenvolvemento económico e social da localidade e do conxunto da comarca, ao limitar o aproveitamento agrogandeiro que se podería dar (non se pode obviar a importancia que o sector primario ten na economía local), mais tamén outros coma o cultural ou incluso o turístico atendendo ao valor arqueolóxico e paisaxístico da contorna.

Ademais dos inconvenientes sinalados, no caso do parque eólico de Vilartoxo, estamos ante a fragmentación e tramitación independente en varios proxectos do que conformaría un único Plan eólico industrial. A través desta figura, ademais de axilizar e simplificar a tramitación administrativa, tamén se diminúe a capacidade de actuación da cidadanía ao non dar a coñecer o impacto ambiental que tería o conxunto de todas as infraestruturas porque só  someterse a exposición pública unha parte concreta de todo o megaproxecto e durante un tempo limitado, polo que non permite coñecer a totalidade das infraestruturas que se proxectan (demais parques e solucións de evacuación).

Asemade, tan só se somete a exposición pública a solución de evacuación conxunta dos parques eólicos Barrosino e Vilartoxo, promovido por Green Capital Power, pero non a totalidade da infraestrutura común de evacuación nin os propios parques, que foron obxecto dunha avaliación ambiental separada e independente, ao marxe deste proxecto. Deste xeito, sométese a exposición pública e como proxecto independente, a evacuación da enerxía xerada en só tres parques eólicos do mesmo



CSV: BOPGDSPG-8egKxqH80-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2021 13:59:40
Nº Rexistro: 26920
Data envio: 30/12/2021 13:59:40.333

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

grupo empresarial (parque eólico Barrosino, de 13,5 MW, parque eólico Vilartoxo, de 27,0 MW, e parque eólico Troitomil, de 30,0 MW), e eliminándose deste trámite de exposición pública e de avaliación ambiental o resto dos proxectos de parques eólicos e solución de evacuación conxunta e común para os parques eólicos de Vilartoxo, Barrosino e Troitomil, mais tamén para outros 10 proxectos da zona.

Tal é a preocupación existente entre a poboación polo temor de que se cheguen a efectivizar estes proxectos, que a corporación municipal de Val do Dubra chegou a manifestar o rexeitamento a este parque eólico no pleno celebrado no mes de outubro.

Por todo o exposto anteriormente formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Dada a situación, considera o Goberno galego a paralización do Parque Eólico Vilartoxo e un estudo en maior profundidade do impacto que terá en conxunto co resto de parques proxectados na zona?

Santiago de Compostela, 30 de decembro de 2021

Asdo.: **Iria Carreira Pazos**

**Luis Bará Torres**

Deputada e deputado do G.P. do BNG

CSV: BOPGDSPG-8egKxqH80-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2021 13:59:40
Nº Rexistro: 26920
Data envio: 30/12/2021 13:59:40.333

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**Xosé Luis Bará Torres na data 30/12/2021 13:56:05**

**Iria Carreira Pazos na data 30/12/2021 13:56:10**

CSV: BOPGDSPG-8egKxqH80-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/12/2021 10:00:00
Nº Rexistro: 26921
Data envio: 30/12/2021 14:10:20.203

grupo parlamentario popular de galicia

**Á Mesa do Parlamento**

**Teresa Egerique Mosquera, Ovidio Rodeiro Tato, María Elena Súarez Sarmiento, María Felisa Rodríguez Carrera, Carlos Gómez Salgado, Moisés Rodríguez Pérez e José Luis Ferro Iglesias,** abeiro do disposto No artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte Pregunta oral para o seu debate en Pleno.

A punto de cumprir 30 anos de funcionamento, o Centro Galego de Arte Contemporánea (CGAC) constitúe un espazo público de referencia para a investigación, o fomento e a difusión da creación artística contemporánea de Galicia.

Desde os seus inicios en 1993, con exposicións dedicadas a Maruja Mallo ou a Laxeiro, o CGAC foi despregando una liña de programación centrada na difusión da creación artística galega e na mostra e diálogo coa arte internacional.

Nas súas case tres décadas, esta institución foi configurando unha colección artística excepcional, a colección CGAC, o fondo artístico público máis importante de arte contemporánea da nosa comunidade, con presenza dos principais artistas galegos e internacionais, que dan conta das máis sobranceiras tendencias da arte contemporánea na segunda metade do século XX e do XXI.

A pesar do impacto da pandemia durante o ano 2020, o CGAC foi un dos primeiros museos de arte contemporáneo de España en retomar a actividade presencial. Desde ese momento, vén desenvolvendo unha ampla programación, desde Santiago de Compostela para toda Galicia, á que se suman un bo número de actividades didácticas e de divulgación.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta oral en pleno:

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-8egKxqH80-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/12/2021 10:00:00
Nº Rexistro: 26921
Data envio: 30/12/2021 14:10:20.203

grupo parlamentario popular de galicia

Como valora a Xunta de Galicia o papel da programación do CGAC no panorama cultural galego actual e no horizonte do 30º aniversario da inauguración deste centro

Santiago de Compostela, 30 de decembro 2021.

**Asinado dixitalmente por:**

**Teresa Egerique Mosquera na data 30/12/2021 14:02:46**

**Ovidio Rodeiro Tato  na data 30/12/2021 14:02:58**

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-8egKxqH80-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/12/2021 10:00:00
Nº Rexistro: 26921
Data envio: 30/12/2021 14:10:20.203

grupo parlamentario popular de galicia

**María Elena Suárez Sarmiento na data 30/12/2021 14:03:14**

**Rodríguez Pérez, Moisés na data 30/12/2021 14:03:29**

**Gómez Salgado, Carlos na data 30/12/2021 14:03:36**

**María Felisa Rodríguez Carrera na data 30/12/2021 14:03:42**

**José Luis Ferro Iglesias na data 30/12/2021 14:03:51**

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-8egKxqH80-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/12/2021 10:00:00
Nº Rexistro: 26923
Data envio: 30/12/2021 14:19:48.118

grupo parlamentario popular de galicia

**Á Mesa do Parlamento**

**Ovidio Rodeiro Tato, Teresa Egerique Mosquera, María Elena Súarez Sarmiento, María Felisa Rodríguez Carrera, Carlos Gómez Salgado, Moisés Rodríguez Pérez e José Luis Ferro Iglesias,** abeiro do disposto No artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte Pregunta oral para o seu debate en Pleno.

A Xunta de Galicia leva máis dunha década comprometida coa estabilización do persoal educativo no ensino non universitario galego, a través da convocatoria de numerosas prazas en diferentes ofertas públicas de emprego (OPEs).

No ano 2021 realizáronse as probas da OPE de 2020, que fora aprazada pola aparición da pandemia sanitaria por covid. Esta convocatoria significou unha oferta de 3.894 prazas en distintas especialidades para reforzar a estabilización do persoal docente e reducir a interinidade.

Con motivo da presentación dos orzamentos autonómicos de 2022, a Consellería de Cultura, Educación e Universidade explicou que nese ano está prevista a celebración das probas da OPE convocada no 2021, na que hai máis de 1.600 prazas ofertadas; xunto coas correspondentes á nova convocatoria da OPE de 2022.

No seu día, as estimacións feitas polo Goberno galego situaban unha oferta total de arredor de 3.000 prazas de oposicións no ensino galego, froito da ofertas públicas de emprego de 2021 e 2022.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-8egKxqH80-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/12/2021 10:00:00
Nº Rexistro: 26923
Data envio: 30/12/2021 14:19:48.118

grupo parlamentario popular de galicia

Tendo en conta a necesaria aplicación da normativa vixente e dos procedementos a seguir, o Grupo Parlamentario Popular formula á Consellería de Cultura, Educación e Universidade a seguinte pregunta en pleno:

En que situación está actualmente o procedemento para as oposicións no ensino galego?

Santiago de Compostela, 30 de decembro de 2021

CSV: BOPGDSPG-8egKxqH80-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/12/2021 10:00:00
Nº Rexistro: 26923
Data envio: 30/12/2021 14:19:48.118

grupo parlamentario popular de galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Ovidio Rodeiro Tato  na data 30/12/2021 14:17:34**

**Teresa Egerique Mosquera na data 30/12/2021 14:17:50**

**María Elena Suárez Sarmiento na data 30/12/2021 14:18:05**

**Rodríguez Pérez, Moisés na data 30/12/2021 14:18:18**

**Gómez Salgado, Carlos na data 30/12/2021 14:18:49**

**María Felisa Rodríguez Carrera na data 30/12/2021 14:18:56**

**José Luis Ferro Iglesias na data 30/12/2021 14:19:14**

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-8egKxqH80-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/12/2021 10:00:00
Nº Rexistro: 26935
Data envio: 30/12/2021 16:48:10.852

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Pablo Arangüena Fernández e Paloma Castro Rey, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara presenta ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

O artigo 8 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, dispón no parágrafo segundo do seu punto 1 que se deberán publicar datos estatísticos sobre a porcentaxe en volume orzamentario de contratos adxudicados a través de cada un dos procedementos previstos na lexislación de contratos do sector público. Na páxina *web* de transparencia da Xunta de Galicia, estes datos figuran ata o ano 2018, pero, sorprendentemente, a día de hoxe, a piques de rematar o ano en curso, non figuran os correspondentes aos anos 2019 e 2020, un retraso que lonxe de ser puntual se repite ano tras ano.

Por iso, o deputado e a deputada que asinan, preguntan:

Considera o Goberno galego que se deu cumprimento en prazo á lexislación vixente en materia de publicidade dos datos estatísticos de contratos?

Pazo do Parlamento, 30 de decembro de 2021

**Asinado dixitalmente por:**

**Pablo Arangüena Fernández na data 30/12/2021 16:00:48**

**Paloma Castro Rey na data 30/12/2021 16:01:03**

CSV: BOPGDSPG-8egKxqH80-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/12/2021 10:00:00
Nº Rexistro: 26937
Data envio: 30/12/2021 16:52:41.587

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Pablo Arangüena Fernández e Paloma Castro Rey, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara presenta ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

O artigo 8 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, dispón no parágrafo segundo do seu punto 1 que se deberán publicar datos estatísticos sobre a porcentaxe en volume orzamentario de contratos adxudicados a través de cada un dos procedementos previstos na lexislación de contratos do sector público. Na páxina *web* de transparencia da Xunta de Galicia, estes datos figuran ata o ano 2018, pero, sorprendentemente, a día de hoxe, a piques de rematar o ano en curso, non figuran os correspondentes aos anos 2019 e 2020, un retraso que lonxe de ser puntual se repite ano tras ano.

Por iso, o deputado e a deputada que asinan, preguntan:

Considera o Goberno galego que se deu cumprimento en prazo á lexislación vixente en materia de publicidade dos datos estatísticos de contratos?

Pazo do Parlamento, 30 de decembro de 2021

**Asinado dixitalmente por:**

**Pablo Arangüena Fernández na data 30/12/2021 16:00:48**

**Paloma Castro Rey na data 30/12/2021 16:01:03**

CSV: BOPGDSPG-8egKxqH80-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/12/2021 10:00:00
Nº Rexistro: 26943
Data envio: 30/12/2021 17:51:47.540

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Ramón Fernández Alfonzo, Noa Presas Bergantiños** e **Daniel Pérez López**, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a reclamación de REGANOSA contra o Concello de Mugardos polo pago do IAE.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O alcalde do Concello de Mugardos ven de facer público que a empresa REGANOSA presentou unha reclamación xudicial contra o Concello, demandando o que a empresa considera pagos indebidos en concepto do tributo IAE.

O propio alcalde manifesta tamén publicamente a súa preocupación polo montante da reclamación, próxima aos 6 millóns de euros, así como pola paralización de certos investimentos e colaboracións económicas da empresa que viñan sendo habituais no concello.

Salienta a difícil situación económica na que se atoparía o Concello de Mugardos de ter éxito esta reclamación, xa que a cantidade reclamada equivale ao orzamento anual do Concello. E salienta tamén a parálise de eses investimentos e colaboracións, como medida de presión para conseguir do Concello o pago das cantidades reclamadas.

CSV: BOPGDSPG-8egKxqH80-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/12/2021 10:00:00
Nº Rexistro: 26943
Data envio: 30/12/2021 17:51:47.540

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Pero unha das cuestións que máis chama a atención, que máis preocupación e indignación ten provocado no Concello de Mugardos é a ameaza de tributar a partir de agora en Madrid.

Nin que dicir ten que esta indignación trae causa en dous feitos públicos e notorios, primeiro, o feito de ter a empresa a súa sede e o centro principal de actividades no Concello de Mugardos, e o segundo, o feito de ter a Xunta de Galiza unha porcentaxe importante do capital social da empresa.

É dicir, os veciños e veciñas do Concello de Mugardos, e de toda a contorna da ría, non so conviven cos riscos asociados á realización da actividade propia da gaseira, senón que ademais son co-partícipes, a través da Xunta, do capital da empresa, e non chegan a comprender, como trasladan a través dos representantes de todos os grupos políticos do Concello, como podería a Xunta de Galiza permitir que a empresa en cuestión poña en risco as contas e o financiamento municipais.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que vai facer a Xunta de Galiza para evitar as reclamacións de REGANOSA contra o Concello de Mugardos?

Santiago de Compostela, 30 de decembro de 2021

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonzo**

**Noa Presas Bergantiños**



CSV: BOPGDSPG-8egKxqH80-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/12/2021 10:00:00
Nº Rexistro: 26943
Data envio: 30/12/2021 17:51:47.540

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Daniel Pérez López**

Deputada e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Ramón Fernández Alfonzo na data 30/12/2021 17:50:47**

**Noa Presas Bergantiños na data 30/12/2021 17:51:00**

**Daniel Pérez López na data 30/12/2021 17:51:14**

CSV: BOPGDSPG-8egKxqH80-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/12/2021 10:00:00
Nº Rexistro: 26945
Data envio: 30/12/2021 20:40:16.433

grupo parlamentario popular de galicia

**Á Mesa do Parlamento**

**José Manuel Balseiro Orol, Miguel Tellado Filgueira, Elena Candia López, Daniel Vega Pérez, Marta Nóvoa Iglesias, Cristina Sanz Arias, Borja Verea Fraiz, José Antonio Armada Pérez, Adrián Pardo López e Moisés Rodriguez Pérez,** deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno.**

Desde o Grupo Parlamentario Popular entendemos que a paralización da produción de aluminio primario na planta de Alcoa San Cibrao durante dous anos non é boa noticia para a Mariña de Lugo, e evidencia as consecuencias dunha política enerxética do Goberno totalmente equivocada, que está xerando o desmantelamento de tecido industrial e empresarial, afectando de maneira especial a Galicia e a determinadas comarcas, como esta, polo peso específico que teñen na economía e no emprego as grandes empresas electrointensivas.

Segundo o Barómetro Enerxético de publicado por AEGE, ó prezo eléctrico final que paga a industria electrointensiva en España sitúase, nesta semana, en 121,19€/MWh, mentres que as súas competidoras pagan menos da metade en Francia,50,90 €/MWh, e un 42% menos en Alemaña, 85,33€/MWh). Para entender o impacto que ten este sobrecusto en empresas siderúrxicas, metalúrxicas e químicas, entre outras, basta con recordar que a enerxía pode chegar a supoñer o 60% dos costes totais.

Polo tanto, é momento de que Goberno e Alcoa se impliquen realmente para reactivar as cubas canto antes - se é en 2022 mellor que en 2024 – adoptando as medias necesarias para poder contar cun prezo eléctrico competitivo e levar a cabo os investimentos comprometidos para reactivar a única planta en España que produce aluminio primario para a súa produción..

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes, formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Que información dispón a Xunta de Galicia sobre o acordo adoptado e os compromisos adquiridos polo Goberno de España e Alcoa para garantir o futuro da planta de San Cibrao?

Santiago de Compostela, 30 de decembro de 2021.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-8egKxqH80-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/12/2021 10:00:00
Nº Rexistro: 26945
Data envio: 30/12/2021 20:40:16.433

grupo parlamentario popular de galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**José Manuel Balseiro Orol  na data 30/12/2021 20:37:30**

**Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 30/12/2021 20:37:46**

**María Elena Candia López na data 30/12/2021 20:37:56**

**Daniel Vega Pérez na data 30/12/2021 20:38:09**

**Marta Nóvoa Iglesias na data 30/12/2021 20:38:25**

**Cristina Sanz Arias na data 30/12/2021 20:38:34**

**Borja Verea Fraiz na data 30/12/2021 20:38:46**

**José Antonio Armada Pérez na data 30/12/2021 20:39:01**

**Pardo López, Adrián na data 30/12/2021 20:39:16**

**Rodríguez Pérez, Moisés na data 30/12/2021 20:39:43**

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-8egKxqH80-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/12/2021 10:00:00
Nº Rexistro: 26947
Data envio: 30/12/2021 20:55:13.932

grupo parlamentario popular de galicia

**Á Mesa do Parlamento**

**Teresa Egerique Mosquera, Miguel Tellado Filgueira, Marta Nóvoa Iglesias, Cristina Sanz Arias, Borja Verea Fraiz, José Antonio Armada Pérez, Adrián Pardo López e Moisés Rodriguez Pérez,** deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno.**

Para Galicia, o sector naval é un sector estratéxico que da emprego a máis de 9.500 persoas e que aposta pola innovación, a competitividade e a formación, para atender aos grandes retos que afronta no actual escenario de transformación dixital e verde. De feito, a nosa Comunidade Autónoma mantense como líder na construción naval, coa maior actividade ponderada durante o terceiro trimestre deste ano e cunha carteira de pedidos formada por 15 contratos, con 105.458 CGT (toneladas de arqueo bruto compensado) a nivel nacional, segundo o último informe publicado pola Secretaría Xeral da Industria e Peme.

Neste contexto, a instancia do Grupo Parlamentario Popular, a Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo, na súa sesión do pasado 1 de decembro, adoptou o acordo de instar á *"Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para que impulse e notifique ante a Comisión Europea a correspondente proposta de modificación do Real decreto de delimitación da zona de promoción económica para Galicia, e así incluír o naval entre os sectores promocionables conforme á normativa de axudas rexionais. E, unha vez obtida a autorización da Comisión, aprobe o novo real decreto no que se faga constar o sector naval como promocionable*".

Con esta media se incrementarían notablemente as posibilidades de apoiar de forma efectiva o investimento empresarial nas actividades de construción, transformación e reparación naval que se leven a cabo en Galicia, facilitando un futuro ao conxunto dos estaleiros, tamén daqueles que como Barreras precisan, nestes momentos, dun plan sólido que ofreza unha segunda vida e achegue certezas, especialmente aos traballadores e á industria auxiliar.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes, formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Que información dispón a Xunta de Galicia sobre o proceso de venta de Barreras e as oportunidades para dar a continuidade necesaria ao estaleiro?

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-8egKxqH80-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/12/2021 10:00:00
Nº Rexistro: 26947
Data envio: 30/12/2021 20:55:13.932

grupo parlamentario popular de galicia

Santiago de Compostela, 30 de decembro de 2021.

**Asinado dixitalmente por:**

**Teresa Egerique Mosquera na data 30/12/2021 20:52:05**

**Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 30/12/2021 20:53:14**

**Marta Nóvoa Iglesias na data 30/12/2021 20:53:28**

**Cristina Sanz Arias na data 30/12/2021 20:54:01**

**Borja Verea Fraiz na data 30/12/2021 20:54:11**

**José Antonio Armada Pérez na data 30/12/2021 20:54:21**

**Pardo López, Adrián na data 30/12/2021 20:54:29**

**Rodríguez Pérez, Moisés na data 30/12/2021 20:54:39**

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-8egKxqH80-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/01/2022 13:04:04
Nº Rexistro: 26985
Data envio: 03/01/2022 13:04:04.978

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

# Á Mesa do Parlamento

**Paloma Castro Rey, Martín Seco García e Leticia Gallego Sanromán,** deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno.**

O goberno da Xunta de Galicia volve renderse novamente ás eléctricas, nesta ocasión coa adaptación e ampliación do proxecto de parque eólico que a empresa Tiraventos S.L. dispón dende o ano 2010.

No mes de outubro a Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais declarou este proxecto como iniciativa empresarial prioritaria o que implica a tramitación urxente, reducíndose os prazos do procedemento ordinario.

E o pasado día 24 de decembro, día de Noiteboa, o Diario Oficial de Galicia anunciou que somete a información pública o estudo de impacto ambiental e as solicitudes de autorización administrativa previa e de construción, proxecto sectorial e a solicitude de declaración de utilidade pública, concedendo un prazo de 15 días para facer alegacións.

O plan actual aspira a instalar una potencia de 30 megawatios con seis aeroxeneradores que producirían unha potencia anual de 120.459 megawatios por hora e cun orzamento de 20.888.394,55 euros, situaríase nos montes das parroquias cotobadesas de Viascón, Carballedo, Loureiro, Borela e Rebordelo, e contarían con 125 metros de altura cada un e 150 metros de diámetro de rotor.

Este proxecto inclúe a construción dunha subestación de transformación así como unha rede de media tensión que comunicaría coa liña de derivación, que atravesa varias parroquias do Concello de Ponte Caldelas.

Neste momento atópase o proxecto en fase de alegacións e existe unha preocupación por parte da veciñanza derivada do descoñecemento e da falla de información tanto por parte do Goberno municipal como por parte da Xunta de Galicia.

CSV: BOPGDSPG-8egKxqH80-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/01/2022 13:04:04
Nº Rexistro: 26985
Data envio: 03/01/2022 13:04:04.978

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Dende o Partido Socialista apostamos polas enerxías renovables pero sempre que se produza un equilibrio entre a instalación das mesmas e o respecto a singularidade do noso territorio, ao medio ambiente e a calidade de vida da veciñanza.

O Grupo Municipal Socialista de Cerdedo Cotobade, reuniuse co alcalde deste municipio para solicitar a convocatoria dun Pleno extraordinario para tratar a estratexia a seguir en relación a este proxecto.

Ademais vanlle pedir ao alcalde que solicite aos técnicos municipais un informe sobre a viabilidade deste parque, e se faciliten á veciñanza os coñecementos técnicos e os medios para poder levar a cabo unha estratexia conxunta de alegacións como se fixo no seu día co proxecto do campo das rosas.

Dende o Grupo Parlamentario Socialista compartimos esta preocupación, e por iso esiximos ao goberno da Xunta de Galicia que leve a cabo medidas para corrixir este abuso.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Porque dende o goberno da Xunta de Galicia se declarou prioritario este proxecto, recortando os prazos de tramitación?

Pazo do Parlamento, 3 de xaneiro do 2022

Asdo.: Paloma Castro Rey
Martín Seco García
Leticia Gallego Sanromán
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

CSV: BOPGDSPG-8egKxqH80-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/01/2022 13:04:04
Nº Rexistro: 26985
Data envio: 03/01/2022 13:04:04.978

**Paloma Castro Rey  na data 03/01/2022 13:01:50**

**Martín Seco García  na data 03/01/2022 13:01:58**

**María Leticia Gallego Sanromán na data 03/01/2022 13:02:09**

CSV: BOPGDSPG-8egKxqH80-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/01/2022 13:45:14
Nº Rexistro: 26999
Data envio: 03/01/2022 13:45:14.135

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Carmen Aira Díaz, María González Albert** e **Xosé Luis Rivas Cruz**, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Recentemente Europa mudou a súa definición de territorio despoboado o que supón un reforzo económico para estas zonas máis castigadas demograficamente. Esta definición recolle que un territorio despoboado é unha provincia, unha comarca ou un concello cunha densidade de poboación por baixo de 12,5 habitantes/Km2 ou cun descenso interanual do 1% na súa poboación entre o 2007 e o 2017. Isto podería beneficiar a 185 concellos galegos, que poderían acceder a unha liña de axudas no próximo marco financeiro comunitario que vai ata o 2027.

Ao tempo desta "boa nova" podemos ler outras como que o despoboamento nunca se tratou con rigor na Galiza e que non se executaron unha importante parte dos fondos Feder que poderían ir destinados á paliar a despoboación, tanto como o 48% destes fondos. Tampouco se executaron tódolos fondos dedicados á fixación de poboación como se pode ver no grao de execución destas partidas no Agader, quedando o 30% sen executar no ano 2020. Todo o cal indica unha falta evidente de planificación.

Ninguén pode negar a caída da poboación no oriente e no interior galego, o interior das provincias de Lugo e Ourense teñen cada vez menos poboación e esta ten

CSV: BOPGDSPG-8egKxqH80-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/01/2022 13:45:14
Nº Rexistro: 26999
Data envio: 03/01/2022 13:45:14.135

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

unha media de idade elevadísima, de modo que non é infrecuente que máis do 50% da poboación teña por riba dos 65 anos.

Isto unido a unha perda de servizos nestas zonas que vai en caída libre chega a levalas á inviabilidade para que as persoas mozas se queden ou asenten nelas e as persoas maiores se manteñan habitándoas.

O dobre discurso do goberno galego que teoricamente pula por fixar poboación con ideas como o fracasado intento de facilitar vivendas para aluguer da consellería de medio ambiente, ou as aldeas modelo da consellería de medio rural, que a pesares de figurar como unha medida estrela de dinamización do rural son de facto un fracaso, isto demóstrao a falta de transparencia nos datos dos resultados das que xa están en funcionamento e no canto de que o goberno se pare para a reflexión esta idea continúase con fuxida cara adiante coa promoción das aldeas intelixentes, o que supón enterrar fondos nestes lugares, mentres as aldeas vivas carecen ao completo destes servizos.

Todo isto supón que grandes investimentos destinados a grandes ideas que perden sentido máis alá dun mero feito promocional, pensamos que pequenos investimentos destinados a pequenas boas ideas achegadas á poboación podería salvar pouco a pouco a perda de poboación no rural da Galiza interior.

Dá a impresión que a chegada de fondos europeos nubla a vista do goberno da Xunta de Galiza que llos vai entregar as grandes empresas que xa teñen grandes ganancias mentres igual o máis efectivo é achegar as axudas ás persoas que están dispostas a apostar polo rural como medio de vida e non como fonte exclusiva de recursos.



CSV: BOPGDSPG-8egKxqH80-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/01/2022 13:45:14
Nº Rexistro: 26999
Data envio: 03/01/2022 13:45:14.135

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o anteriormente exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Vai a Xunta catalogar os concellos que casen coa definición de territorio despoboado e polo tanto susceptibles de recibir axudas para captar poboación?

Santiago de Compostela, 3 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Carmen Aira Díaz**

**Maria González Albert**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**María del Carmen Aira Díaz na data 03/01/2022 13:44:47**

**María González Albert na data 03/01/2022 13:44:50**

**Xosé Luis Rivas Cruz na data 03/01/2022 13:44:58**

CSV: BOPGDSPG-8egKxqH80-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/01/2022 13:46:21
Nº Rexistro: 27001
Data envio: 03/01/2022 13:46:21.759

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Carmen Aira Díaz, María González Albert** e **Xosé Luis Rivas Cruz**, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

É esta a terceira iniciativa da serie relativa ao desenvolvemento rural, xa que dende o BNG consideramos imprescindible aproveitar tódolos recursos para darlle un pulo real ao rural, para fixar poboación nel, para que permaneza vivo e non quede como un mero exotismo.

O rural non só consiste en explotacións relacionadas coas actividades do sector agropecuario e as súas manufacturas en tódalas súas diversidades, que son extremadamente importantes pero non o son todo.

É importante achegar o rural ás cidades poñéndoo en valor para que efectivamente se considere unha reserva de biodiversidade que garanta a pervivencia do planeta e polo tanto a propia existencia do ser humano con saúde.

Quizá non sexa no noso territorio no que máis intensamente se percibe o cambio climático, pero si que é certo que cada vez os recursos hídricos son menores e as pragas e enfermidades da nosa vexetación son máis numerosas, afectan a numerosas árbores autóctonas, como son por exemplo as novas enfermidades e pragas que invaden os nosos soutos de castiñeiros.

CSV: BOPGDSPG-8egKxqH80-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/01/2022 13:46:21
Nº Rexistro: 27001
Data envio: 03/01/2022 13:46:21.759

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Tamén vemos que a microfauna está desaparecendo, especies anfibias, reptís, aves, quirópteros e outras que minguan en entornos rurais, nin que dicir ten nos urbanos ou periurbanos.

Este momento é óptimo para a utilización dos fondos precisos en darlle un pulo ao medio rural por ser o garante do mantemento das boas condicións climáticas, pero tamén para fortalecelo para que se fixe poboación e outra que acuda poida quedarse nel para un futuro.

É por tanto imprescindible a diversificación económica no desenvolvemento rural, e por todo o anteriormente exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Ten previsto a Xunta procurar unha planificación integral sobre o desenvolvemento rural e impulsar a diversificación económica no rural que permita fixar poboación de xeito inmediato pero tamén a medio prazo?

Santiago de Compostela, 3 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Carmen Aira Díaz**

**Maria González Albert**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

CSV: BOPGDSPG-8egKxqH80-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/01/2022 13:46:21
Nº Rexistro: 27001
Data envio: 03/01/2022 13:46:21.759

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**Xosé Luis Rivas Cruz na data 03/01/2022 13:44:03**

**María González Albert  na data 03/01/2022 13:44:06**

**María del Carmen Aira Díaz  na data 03/01/2022 13:44:13**

CSV: BOPGDSPG-8egKxqH80-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/01/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 27006
Data envio: 04/01/2022 09:24:45.882

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Ramón Fernández Alfonzo**, **Daniel Castro García**, **Mercedes Queixas Zas** e **Manuel Lourenzo Sobral**, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a supresión da ESA no IES Concepción Arenal do concello de Ferrol.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No transcurso de esta semana, e xa unha vez iniciado o curso, a Consellaría de Educación ven de comunicar o "traslado" da educación secundaria para adultos (ESA) que ven impartíndose no IES Concepción Arenal á EPAU de Caranza.

Esta decisión contravén a normativa de aplicación, que fixa en 15 as persoas matriculadas necesarias para impartir esa modalidade de ensino, existindo no momento no que se comunica a decisión un número amplamente superior, que ademais, historicamente, medra unha vez avanza o curso.

Esta modalidade de ensino, coñecida en Ferrol como "o nocturno", leva impartíndose no centro Concepción Arenal desde hai 50 anos, sendo sempre moi demandada.

A decisión do traslado en realidade significa a supresión da modalidade, porque ademais de cambiar o centro de ensino, elimina o horario de 18h a 22h.

O traslado de centro xa supón un prexuízo en si mesmo, xa que o Concepción Arenal está cabo da Estación de autobuses, o que facilita a matricula de moitas persoas de diferentes lugares da comarca.

CSV: BOPGDSPG-8egKxqH80-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/01/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 27006
Data envio: 04/01/2022 09:24:45.882

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A supresión do horario "nocturno" implica a retirada dun servizo moi específico e amplamente demandado por colectivos de persoas que teñen que compatibilizar traballo e/ou obrigas familiares cos estudos.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Por que a Xunta de Galiza traslada a ESA do Concepción Arenal no Concello de Ferrol e suprime o horario nocturno obviando todos os prexuízos que esta decisión significa?

Santiago de Compostela, 4 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonzo**

**Mercedes Queixas Zas**

**Daniel Castro García**

**Manuel Lourenzo Sobral**

Deputados e deputada do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Ramón Fernández Alfonzo na data 04/01/2022 09:21:43**

**Mercedes Queixas Zas na data 04/01/2022 09:22:01**

**Daniel Castro García na data 04/01/2022 09:22:13**

CSV: BOPGDSPG-8egKxqH80-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/01/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 27006
Data envio: 04/01/2022 09:24:45.882

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 04/01/2022 09:22:22**

CSV: BOPGDSPG-8egKxqH80-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/01/2022 10:22:18
Nº Rexistro: 27012
Data envio: 04/01/2022 10:22:18.628

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Noa Presas Bergantiños, Ramón Fernández Alfonzo** e **Daniel Pérez López**, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativa ás previsións respecto das condicións para a declaración da renda do exercicio 2021, ás actuacións que debe impulsar a Xunta e ás que debe demandar do Estado.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A situación socioeconómica, marcada polo impacto da pandemia da covid-19, a inflación e a evolución do mercado laboral condiciona a capacidade económica das persoas. Nesa capacidade económica xoga un papel fundamental o cumprimento das súas obrigas tributarias e que as normas coas que debe desenvolverse teñan un verdadeiro carácter redistributivo ou non.

É necesario recordar que o Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas é un tributo cedido parcialmente de carácter persoal e directo que grava a renda das persoas físicas segundo diferentes parámetros das súas circunstancias persoais e familiares. Este imposto ten unha importancia capital na repartición das rendas e na contribución da cidadanía ao sostemento dos servizos públicos.

A normativa que o regula é de carácter estatal e recóllese a través fundamentalmente da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das Persoas Físicas e de modificación parcial das leis dos Impostos sobre Sociedades sobre a Renda de non Residentes e sobre o Patrimonio. Este texto legal ten en conta a



CSV: BOPGDSPG-8egKxqH80-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/01/2022 10:22:18
Nº Rexistro: 27012
Data envio: 04/01/2022 10:22:18.628

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

capacidade normativa propia das Comunidades Autónomas cuxo alcance se determina no artigo 46 da Lei 22/2008, do 18 de decembro, pola que se regulan as medidas fiscais e administrativas do novo sistema de financiamento das Comunidades Autónomas de réxime común e Cidades con Estatuto de Autonomía. Ao abeiro desta capacidade normativa, as comunidades poden arbitrar deducións e diferentes beneficios.

Este reparto de competencias podería verse reformulado de negociarse un novo sistema de financiamento, máis ao non desenvolverse este extremo, pendente desde 2014, non houbo unha actualización do marco nin Galiza defendeu máis cotas de autogoberno baixo os mandatos de Núñez Feijoo. Tampouco se coñece, a día de hoxe, proposta algunha por parte do goberno galego.

Para o exercicio da Renda do ano 2020 (a declarar en 2021) no uso das competencias normativas que lle corresponden, a Xunta de Galiza aprobou, en síntese, as seguintes deducións:

• Dedución por nacemento ou adopción de fillos/as

• Dedución por familia numerosa

• Dedución por acollemento

• Dedución por coidado de fillos menores

• Dedución por suxeitos pasivos discapacitados, de idade igual ou superior a sesenta e cinco anos, que precisen axuda de terceiras persoas

• Dedución por aluguer de vivenda habitual

• Dedución por gastos dirixidos ao uso de novas tecnoloxías nos fogares galegos



CSV: BOPGDSPG-8egKxqH80-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/01/2022 10:22:18
Nº Rexistro: 27012
Data envio: 04/01/2022 10:22:18.628

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

• Dedución por investimento na adquisición de accións ou participacións sociais en entidades novas ou de recente creación

• Dedución por investimento na adquisición de accións ou participacións sociais en entidades novas ou de recente creación e o seu financiamento

• Dedución por inversión en accións de entidades que cotizan no segmento de empresas en expansión do Mercado Alternativo bolsista

• Dedución por doazóns con finalidade en investigación e desenvolvemento científico e innovación tecnolóxica

• Dedución por investimento en instalacións de climatización e/ou auga quente sanitaria que empreguen enerxías renovables na vivenda habitual e destinadas exclusivamente ao autoconsumo

• Dedución por rehabilitación de bens inmobles situados en centros históricos

• Dedución por investimento en empresas agrarias e sociedades cooperativas agrarias ou de explotación comunitaria da terra

• Dedución da cota íntegra autonómica por determinadas subvencións e/ou axudas obtidas a consecuencia dos danos causados polos incendios que se produciron en Galicia durante o mes de outubro do ano 2017

• Deducións da cota íntegra autonómica para paliar os danos causados pola explosión de material pirotécnico que tivo lugar en Tui durante o mes de maio do 2018

• Dedución na cota íntegra autonómica por obras de mellora de eficiencia enerxética en edificios de vivendas ou en vivendas unifamiliares



CSV: BOPGDSPG-8egKxqH80-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/01/2022 10:22:18
Nº Rexistro: 27012
Data envio: 04/01/2022 10:22:18.628

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

• Dedución na cota íntegra autonómica polas axudas e subvencións recibidas polos deportistas de alto nivel de Galiza

É de salientar que, malia as promesas electorais e no discurso de investidura, finalmente, un ano máis, a Xunta de Galiza non arbitrou reducións para as familias monoparentais, malia que son un dos sectores máis vulnerábeis da nosa sociedade tal e como sinalan numerosos indicadores, como por exemplo, os informes anuais da Rede Galega contra a pobreza.

Así mesmo, malia que algunhas das deducións incorporadas para o exercicio 2020, como a desgravación por doazóns á investigación, sinalan un dos camiños e necesidades derivadas da pandemia do coronavirus, non é menos certo que en xeral as deducións formuladas teñen unha adaptación insuficiente ao novo contexto que viven os galegos e galegas.

De forma especial, cómpre sinalar a insuficiencia deste marco normativo e da formulación concreta da Xunta de Galiza para atender e paliar mediante este exercicio do autogoberno o impacto sobre a clase traballadora da crise económica agudizada pola covid-19. Singularmente, a Xunta de Galiza desaproveita a oportunidade de protexer mediante algunha dedución autonómica no IRPF aqueles traballadores e traballadoras máis castigados pola precariedade laboral e que no ano 2021 foron afectados por un ERTE, polo desemprego ou por varios contratos de diferentes empregadores por necesidade de complementar rendas moi cativas.

O impacto da pandemia da covid-19 nas capas máis vulnerábeis da sociedade non será unha cuestión que remate no exercicio fiscal do ano 2021, senón que se alongará nos próximos anos. Sen ir máis lonxe, 2022 será un ano marcado pola renuncia do goberno do Estado de PSOE e Unidas Podemos a derrogar os aspectos máis lesivos



CSV: BOPGDSPG-8egKxqH80-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/01/2022 10:22:18
Nº Rexistro: 27012
Data envio: 04/01/2022 10:22:18.628

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

da reforma laboral, de impacto da crise da suba dos prezos e de dificultades económicas nun contexto de incerteza. Polo tanto, é necesario valorar o impacto das desgravacións arbitradas para o exercicio 2020 e tomar medidas para adaptar as desgravacións do ano 2021 ás necesidades sociais.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Vai exercer o goberno galego a súa capacidade de autogoberno en materia fiscal para axudar aos colectivos afectados pola pandemia, desemprego e contratos precarios que se ven prexudicados polos limiares que esixen a declaración da renda?

Santiago de Compostela, 4 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

**Ramón Fernández Alfonzo**

**Daniel Pérez López**

Deputada e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Presas Bergantiños na data 04/01/2022 10:19:25**

CSV: BOPGDSPG-8egKxqH80-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/01/2022 10:22:18
Nº Rexistro: 27012
Data envio: 04/01/2022 10:22:18.628

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Ramón Fernández Alfonzo na data 04/01/2022 10:19:30**

**Daniel Pérez López na data 04/01/2022 10:19:38**

CSV: BOPGDSPG-8egKxqH80-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/01/2022 11:21:45
Nº Rexistro: 27018
Data envio: 04/01/2022 11:21:45.268

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Noa Presas Bergantiños, Ramón Fernández Alfonzo** e **Daniel Pérez López**, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativa ao impacto económico e laboral en Galiza da xeración de enerxía eólica e ás medidas que debe impulsar a Xunta de Galiza para evitar a constante perda de emprego por peches e deslocalizacións das empresas do sector.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Un semestre máis, os últimos datos de Red Eléctrica de España certifican o papel de potencia enerxética de Galiza. Galiza exportou no primeiro semestre de 2021 o 35% da electricidade producida, superando en máis de 8% a enerxía xerada no mesmo período do pasado exercicio. Ao mesmo tempo, cómpre sinalar que se confirma a tendencia de 2020 sobre a xeración de orixe renovábel, que segue en aumento até superar en 26% o consumo interno do país.

Porén, esta situación de potencia contrasta co reducido retorno económico que ten no noso país e con graves procesos de destrución de emprego. No marco da profunda crise industrial que vive Galiza observamos como malia non ter xerado nunca tanta enerxía eólica e experimentar un boom de solicitudes de novos parques, destrúese e deslocalízase emprego, como o caso de Siemens Gamesa e, máis recentemente, Vestas na Mariña.

Así mesmo, vemos como diferentes informes, como os elaborados polo Observatorio eólico da Vigo, alertan do reducido retorno para persoas e comunidades



CSV: BOPGDSPG-8egKxqH80-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/01/2022 11:21:45
Nº Rexistro: 27018
Data envio: 04/01/2022 11:21:45.268

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

propietarias así como para as entidades municipais. Neste sentido, é necesario tamén sinalar como a recadación do canon eólico non para de baixar, ademais de ser un modelo eivado.

Este é o resultado dun modelo que renunciou á participación e á planificación pública e que non impulsa medidas como a esixencia de que unha compoñente mínima sexa de fabricación galega, que non destina recursos á vinculación co sistema innovador e que tampouco esixe o desenvolvemento de Plans industriais asociados aos novos parques.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Como valora o goberno galego o insuficiente retorno económico que ten a xeración líder de eólica de Galiza?

Santiago de Compostela, 4 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

**Ramón Fernández Alfonzo**

**Daniel Pérez López**

Deputada e deputados do G.P. do BNG

CSV: BOPGDSPG-8egKxqH80-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/01/2022 11:21:45
Nº Rexistro: 27018
Data envio: 04/01/2022 11:21:45.268

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Presas Bergantiños na data 04/01/2022 11:19:18**

**Ramón Fernández Alfonzo na data 04/01/2022 11:19:21**

**Daniel Pérez López na data 04/01/2022 11:19:31**

CSV: BOPGDSPG-8egKxqH80-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/01/2022 11:45:27
Nº Rexistro: 27027
Data envio: 04/01/2022 11:45:27.445

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Noa Presas Bergantiños, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Ramón Fernández Alfonzo** e **Daniel Pérez López**, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativa ás actuacións do goberno galego para defender a soberanía financeira e política de Galiza diante da inxerencia ao autogoberno que supón a aprobación da Lei 11/2021, de 9 de xullo, de medidas de prevención e loita contra a fraude fiscal.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A aprobación da Lei 11/2021, de 9 de xullo, de medidas de prevención e loita contra a fraude fiscal, de transposición da Directiva (UE) 2016/1164, do Consello, de 12 de xullo de 2016, pola que se estabelecen normas contra as prácticas de elisión fiscal que inciden directamente no funcionamento do mercado interior, de modificación de diversas normas tributarias e en materia de regulación do xogo trae canda si unha fragrante vulneración do dereito civil galego e do autogoberno do noso país. Durante a tramitación foron moitas as voces que alertaron da tremenda confusión na que o goberno central estaba a incorrer e o propio Parlamento Galego pronunciouse maioritariamente, aínda que a diferenza de ocasións anteriores non de forma unánime, contra dita vulneración.

Así as cousas, en xuño de 2021 a Comisión Superior de Dereito Civil alertaba dos efectos dos cambios normativos. Na mesma liña, o pasado mes de xullo a Xunta de Galiza avanzaba en sede parlamentar novamente, en palabras de Valeriano Martínez,



CSV: BOPGDSPG-8egKxqH80-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/01/2022 11:45:27
Nº Rexistro: 27027
Data envio: 04/01/2022 11:45:27.445

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

conselleiro de Facenda, que estaba a estudar as vías legais oportunas para defender ante os tribunais os dereitos e os intereses de todos os galegos e galegas.

En setembro de 2021 coñecíase pola prensa que o goberno central, a través do Ministerio de Política Territorial accedía a iniciar negociacións coa Xunta de Galiza para resolver as discrepancias existentes.

En novembro de 2021 publicábase no Diario Oficial de Galiza o acuerdo da Comisión Bilateral, punto de partida para a creación dun grupo de traballo.

Con independencia das fondas discrepancias que este Grupo Parlamentario ten co Grupo de goberno e coa política fiscal da Xunta de Galiza respecto da imposición no ámbito das transmisións e do patrimonio, resulta a todas luces inxusto considerar que realizar un acto lexítimo segundo o Dereito Civil Galego e respectando as normas tributarias propias, sexa unha práctica de evasión fiscal. Trátase dun debate diferenciado e é evidente que, de manterse o texto actual, malia a lixeira mellora producida durante a súa tramitación, vai supor un grave prexuízo para moitos e moitas galegas, máis aínda nun momento de crise económica onde o uso dos bens que posúen as familias para saír adiante é máis do que esperábel.

Ademais destas cuestións, é necesario que Galiza defenda o seu autogoberno e rexeite a inxerencia do Estado neste ámbito e desafortunadamente Galiza conta cunha ampla experiencia na que o diálogo co goberno central non funcionou, como foi o caso do IVE de 2017, e foi preciso recorrer á vía xudicial.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

CSV: BOPGDSPG-8egKxqH80-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/01/2022 11:45:27
Nº Rexistro: 27027
Data envio: 04/01/2022 11:45:27.445

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Cal é o resultado das negociacións da Xunta co Estado para facer respectar o desenvolvemento propio do dereito civil galego respecto dos pactos sucesorios?

Santiago de Compostela, 4 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

**Ramón Fernández Alfonzo**

**Daniel Pérez López**

Deputada e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Presas Bergantiños na data 04/01/2022 11:42:46**

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 04/01/2022 11:42:50**

**Ramón Fernández Alfonzo na data 04/01/2022 11:42:58**

**Daniel Pérez López na data 04/01/2022 11:43:08**

CSV: BOPGDSPG-8egKxqH80-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/01/2022 12:12:55
Nº Rexistro: 27032
Data envio: 04/01/2022 12:12:55.364

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

# Á Mesa do Parlamento

**Paloma Castro Rey, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Pablo Arangüena Fernández e Leticia Gallego Sanromán,** deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno.**

O último informe de análise dos gastos de persoal do período 2014-2020, cuestiona a xestión da función pública por parte do goberno da Xunta de Galicia.

O Consello de Contas advirte da falla de control na contratación de persoal da Xunta de Galicia e as súas entidades dependentes descentralizadas.

A maiores cuestiona que os nomeamentos levados a cabo pola Xunta de Galicia se adecúe ás regras de garantía, control e transparencia.

Dende o Grupo Parlamentario Socialista condenamos estas actitudes arbitrarias e de abuso que son contrarias ao principio de igualdade que ten que rexer nunha administración propia dun país democrático.

O goberno do PP non pode utilizar a súa capacidade, para designar discrecionalmente persoal da Administración co fin de situar en distintas posicións de poder a persoas afines ao Partido Popular de Galicia cuxo mérito más destacable sobre o resto de candidatos sexa a súa proximidade a esa formación.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Como xustifica o goberno da Xunta de Galicia o informe do Consello de Contas no que se alerta da súa arbitrariedade e falla de transparencia na contratación de persoal da Xunta e as súas entidades dependentes descentralizadas?

Pazo do Parlamento, 4 de xaneiro do 2022

**Asinado dixitalmente por:**

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSV: BOPGDSPG-8egKxqH80-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/01/2022 12:12:55
Nº Rexistro: 27032
Data envio: 04/01/2022 12:12:55.364

**Paloma Castro Rey  na data 04/01/2022 12:10:56**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo  na data 04/01/2022 12:11:04**

**Pablo Arangüena Fernández  na data 04/01/2022 12:11:16**

**María Leticia Gallego Sanromán na data 04/01/2022 12:11:25**

CSV: BOPGDSPG-8egKxqH80-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/01/2022 12:13:30
Nº Rexistro: 27034
Data envio: 04/01/2022 12:13:30.770

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

# Á Mesa do Parlamento

**Leticia Gallego Sanromán, Noelia Otero Lago e Marina Ortega Otero,** deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno.**

Nos últimos anos incrementouse de forma notable a demanda de prazas públicas nas escolas infantís. A conciliación familiar e laboral constitúe unha problemática na sociedade actual e un dos elementos fundamentais para facilitala é a oferta de prazas públicas.

Unha vez máis a Xunta de Galicia non está a cumprir coas súas obrigas nunha materia tan sensible como é a educación infantil. O Concello de Vigo é o que está a asumir, moi por enriba do que lle corresponde formalmente, o compromiso de dar resposta ás necesidades dos vigueses e viguesas nesta materia.

Nesta cidade a última escola infantil que puxo en funcionamento a Xunta de Galicia data do ano 2012. Neste mesmo período de tempo os gobernos socialistas municipais da cidade de Vigo, abriron cinco novas escolas infantís municipais: Navia, Mestres Goldar, Tomás Alonso, Bouzas e Bembrive.

Ante o referido aumento da demanda de prazas públicas, e pese a aposta do Goberno municipal polo aumento da oferta de escolas infantís nos derradeiros anos, aínda resultan insuficientes.

A Administración municipal é a única que está apostando pola conciliación e pola creación de novas escolas infantís ofertando máis prazas que a Xunta de Galicia, e creando novas escolas infantís para intentar solucionar a alta demanda dos vigueses e viguesas, algo que debería asumir o Executivo autonómico.

A irrupción da COVID-19 a principios do ano 2020 provocou un forte impacto sobre a economía española e da Unión Europea. O Goberno de España despregou dende o primeiro momento un importante paquete de medidas co fin de mitigar o impacto económico e social.
Por iso, ponse en marcha `por parte do Executivo central o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia. Neste contexto

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSV: BOPGDSPG-8egKxqH80-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/01/2022 12:13:30
Nº Rexistro: 27034
Data envio: 04/01/2022 12:13:30.770

aparecen os fondos Next Generation EU que proporcionan unha ocasión extraordinaria para o desenvolvemento deste plan.

O Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia está fundamentado en catro eixos: transformación ecolóxica, transformación dixital, cohesión territorial, social e igualdade de xénero. Estes catro eixos orientan as dez políticas panca que determinan a evolución do noso país. Unha desas dez políticas panca é "Educación e coñecemento, formación continua e desenvolvemento de capacidades", que no seu punto número 21 fala da creación de prazas no primeiro ciclo de educación infantil de titularidade pública co fin de reducir as desigualdades de acceso e participación asociados ao nivel socioeconómico da familia. Outro aspecto fundamental é o papel que os equipamentos de educación infantil xogan para facilitar a conciliación familiar e a incorporación ao mercado laboral.

O Consello de Ministros vén de aprobar, o pasado mes de novembro, o reparto de 670,1 millóns de euros entre as comunidades autónomas para a creación de máis de 65.000 prazas públicas de educación infantil de 0-3 anos. A Xunta de Galicia recibirá un total de 34.845.042 millóns de euros para a creación de 3.417 novas prazas de educación infantil entre os anos 2021e 2023.

Dende o Concello de Vigo xa teñen iniciado todos os trámites para a creación dunha nova escola infantil na cidade. Esta escola estará situada na Praza da Industria e dará servizo a máis de 70 familias.

Ante a chegada a Galicia dos fondos aprobados polo Goberno de España, dentro do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, desde o Grupo Parlamentario Socialista solicitamos que sexa a Xunta de Galicia a que financie a través destes fondos a creación desta nova escola infantil na cidade de Vigo.

CSV: BOPGDSPG-8egKxqH80-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/01/2022 12:13:30
Nº Rexistro: 27034
Data envio: 04/01/2022 12:13:30.770

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Vai a Xunta de Galicia a financiar na súa totalidade a nova escola infantil da Praza da Industria en Vigo cos fondos que recibirá o Executivo autonómico da nosa comunidade autónoma do Goberno de España para a creación en Galicia de 3.417 prazas públicas de educación infantil de 0-3 anos?

Pazo do Parlamento, 4 de xaneiro do 2022

Asdo.: Leticia Gallego Sanromán
Noelia Otero Lago
Marina Ortega Otero
Deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**María Leticia Gallego Sanromán na data 04/01/2022 11:51:11**

**Noelia Otero Lago na data 04/01/2022 11:51:18**

**Marina Ortega Otero na data 04/01/2022 11:51:31**

CSV: BOPGDSPG-8egKxqH80-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/01/2022 12:14:20
Nº Rexistro: 27036
Data envio: 04/01/2022 12:14:20.442

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

# Á Mesa do Parlamento

**Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero,** deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno.**

En novembro de 2017 o Grupo Socialista no Parlamento de Galicia rexistraba unha batería iniciativas pola preocupación existente en Vilaxoán (Vilagarcía) sobre a perda de asistencia sanitaria en atención primaria nesta vila, debido á non cobertura continuada da baixa do profesional facultativo que ofrecía servizo no consultorio da localidade. Esta situación viña repetíndose de maneira cada vez máis habitual, e os colectivos veciñais amosaban a súa preocupación pola ineficiencia do Sergas para garantir a súa atención.

O consultorio de Vilaxoán podería, por situación xeográfica, atender a unha certa parte do sur de Vilagarcía. Incluso durante recentes épocas, o propio goberno local 2011-2015 formulou a proposta de que Vilagarcía podería non necesitar un gran centro de saúde senón que Vilaxoán podería acoller un centro que atendese a unha parte relevante da poboación vilagarciá. Isto dá idea de que a relevancia da vila é notoria, e o consultorio que estaba sendo utilizado ata o de agora era avaliado incluso para crecer por parte do entón goberno local, do Partido Popular.

Dende este ano 2017 a situación non deu en mellorar de maneira sostida. Algunhas veces existiron intencións de repoñer parcialmente a atención no consultorio, mentres que noutras ocasións seguían sen cubrirse as ausencias do facultativo por vacacións ou ausencias.

A chegada da pandemia provocada pola COVID motivou a desaparición do servizo. Novamente existiu unha relevante mobilización cidadá, que dende o Grupo Socialista se trasladou ao Parlamento de Galicia para esixir respostas ante a nova ausencia que, sen explicación, non tiña marco temporal de regreso. A proposta defendida na Comisión de Sanidade do Parlamento por parte do Grupo Socialista no ano 2020 foi rexeitada polos votos do Grupo Popular, maioritario, argumentando que a pandemia provocou unha alteración do servizo pero que estaría reposto en canto a preocupación pola COVID diminuíse. A realidade é que terminou o estado de emerxencia sanitaria, recuperouse a práctica totalidade dos servizos públicos adaptándose á nova realidade pero o consultorio de Vilaxoán segue pechado.

CSV: BOPGDSPG-8egKxqH80-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/01/2022 12:14:20
Nº Rexistro: 27036
Data envio: 04/01/2022 12:14:20.442

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Por se a situación non fose difícil de entender para os colectivos sociais, a Consellería de Sanidade vén de enviar mensaxes contraditorios sobre a súa previsión. En primeiro lugar comunicou aos colectivos veciñais que se interesaron pola situación a súa decisión definitiva de non retornar a asistencia a Vilaxoán froito de que considera, agora, que non reúne as condicións necesarias (contra o que anteriormente defendera en 2020 de que cando diminuíse o impacto da pandemia retornaría). Non en tanto, e por se fose pouco, breves días despois ven de ser coñecido que a agrupación do partido popular local anuncia que Sanidade, contra o que ven de comunicar aos veciños, agora volve a asumir a necesidade de abrir o consultorio e retorna á súa idea inicial de que abrirá cando termine a pandemia.

Este caos de argumentacións e o constante cambio de posturas, utilizando vías non formais nalgúns dos casos, amosa unha completa desatención da realidade e unha confusa idea do que realmente se desexa facer coa situación.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Que prazo marca a Consellería de Sanidade para reabrir o consultorio de Vilaxoán coa atención sanitaria que viña estando asignada previamente á pandemia?

Pazo do Parlamento, 4 de xaneiro do 2022

**Asinado dixitalmente por:**

**Julio Torrado Quintela na data 04/01/2022 12:07:40**

**Marina Ortega Otero na data 04/01/2022 12:07:48**

CSV: BOPGDSPG-8egKxqH80-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/01/2022 12:15:43
Nº Rexistro: 27040
Data envio: 04/01/2022 12:15:43.426

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Montserrat Prado Cores** e **Iria Carreira Pazos** e **Ramón Fernández Alfonzo**, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O consultorio que o Sergas mantiña na rúa Manuel Comellas do concello de Ferrol, situada no barrio de Ferrol Vello, continua pechado tras a decisión da Area Sanitaria de Ferrol de pechalo coa escusa da pandemia da covid-19 en marzo do ano pasado, trasladando o servizo ao centro de saúde Fontenla Maristany.

O consultorio de Ferrol Vello tiña asignadas ao redor dun milleiro de tarxetas sanitarias. A situación actual, co consultorio pechado, é rexeitada enerxicamente pola veciñanza do barrio que reclama que se poña de novo en funcionamento. Hai que ter en conta que unha boa parte das persoas usuarias que vive no barrio son xente de avanzada idade, e ter que desprazarse até o Fontenla Maristany supón un trastorno para elas.

A Xunta de Galiza ven reducindo e concentrando servizos en detrimento dun modelo asistencial de proximidade e presencial, absolutamente necesario desde o punto de vista preventivo, e agora o consultorio de Ferrol Vello parece ter o mesmo futuro que o consultorio que existía na Graña e que atendía á veciñanza dunha parte da zona rural de Ferrol.

Para o BNG a Xunta debera reforzar a sanidade pública no seu conxunto e nomeadamente os servizos de atención primaria, reabrindo os consultorios pechados, e

CSV: BOPGDSPG-8egKxqH80-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/01/2022 12:15:43
Nº Rexistro: 27040
Data envio: 04/01/2022 12:15:43.426

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

dotándoos dos recursos humanos e técnicos necesarios para recuperar definitivamente as consultas presenciais. Un servizo sanitario próximo ás persoas usuarias é preciso para unha correcta prestación da asistencia.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Como xustifica a Xunta de Galiza o peche do consultorio médico de Ferrol Vello?

Santiago de Compostela, 4 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonzo**

**Montserrat Prado Cores**

**Iria Carreira Pazos**

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Iria Carreira Pazos na data 04/01/2022 12:14:39**

**María Montserrat Prado Cores na data 04/01/2022 12:14:43**

**Ramón Fernández Alfonzo na data 04/01/2022 12:15:00**

CSV: BOPGDSPG-8egKxqH80-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/01/2022 12:22:50
Nº Rexistro: 27042
Data envio: 04/01/2022 12:22:50.105

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

Galiza

falecemento en 2016 do propietario da finca. Neste senso, urxen a intervención da administración pública, nomeadamente da Xunta de Galiza, para garantir a conservación e posta en valor da fonte mais, en xeral, do conxunto patrimonial e histórico-artístico que constitúen o castro e a fonte de Corvazal e o santuario de Santalla de Bóveda, situada a escasos metros e declarada Ben de Interese Cultural desde 1985.

A finais de 2020 a Xunta de Galiza aseguraba a través dos medios de comunicación que tiña vontade de arranxar a fonte e tamén adecentar o lugar no que se atopa mais sinalaba que dependía das persoas propietarias do predio para facelo. Así as cousas, isto non aconteceu.

Porén, en xaneiro deste ano o Goberno galego anunciou a elaboración dun Plan Director para o santuario de Santalla de Bóveda coincidindo co noventa aniversario do seu recoñecemento como monumento artístico estatal. A elaboración deste plan foi sacada a licitación por un valor de 122.400 euros mais non contempla a ampliación do espazo de protección cuestión que, para o Grupo parlamentario do BNG sería un erro.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Valora a Xunta de Galiza ampliar o BIC do santuario de Santalla de Bóveda para abranxer o castro e a fonte de Corvazal garantindo así un maior nivel de protección e conservación deste espazo?

Santiago de Compostela, 5 de xaneiro de 2022



CSV: BOPGDSPG-8egKxqH80-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/01/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 27140
Data envio: 05/01/2022 17:23:20.686

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

**Mercedes Queixas Zas**

Deputadas do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Olalla Rodil Fernández na data 05/01/2022 17:22:50**

**Mercedes Queixas Zas na data 05/01/2022 17:22:57**

CSV: BOPGDSPG-8egKxqH80-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/01/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 27141
Data envio: 05/01/2022 17:31:15.599

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Olalla Rodil Fernández, Iria Carreira Pazos** e **Montserrat Prado Cores**, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a ampliación da rede de Puntos de Encontro Familiar e a actualización da normativa que os regula especialmente nos casos de violencia machista.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En Galiza existe na actualidade unha rede de Puntos de Encontro Familiar (PEF) conformada por sete centros situados nas sete principais cidades galegas (A Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, Ferrol, Vigo e Compostela). Un número claramente insuficiente porque deixa sen servizo de proximidade a moitas comarcas do país obrigando as persoas usuarias dos mesmos, especialmente crianzas, a percorrer máis de cen quilómetros nalgúns casos para acceder a el.

Recentemente a Xunta de Galiza licitou a construción dun novo Punto de Encontro Familiar no Concello de Ribeira que dará servizo á comarca da Barbanza. Porén, sendo un avance, o certo é que resulta imprescindíbel ir máis alá e garantir este servizo noutras comarcas.

De acordo coa normativa que os regula, nomeadamente o Decreto 94/2014, do 3 de xullo os Puntos de Encontro Familiar son un "servizo que facilita, preserva a relación entre as e os menores e as persoas das súas familias en situación de crise, procura a

CSV: BOPGDSPG-8egKxqH80-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/01/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 27141
Data envio: 05/01/2022 17:31:15.599

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

seguridade e o benestar das e dos menores, favorece a relación coas súas familias e facilita o cumprimento do réxime de visitas"

Neste senso, "os puntos de encontro familiar constitúen un equipamento social, de carácter neutral, especializado para o cumprimento do réxime de visitas establecido pola autoridade competente, que ten por obxecto favorecer a relación entre as e os menores e as súas familias cando nunha situación de separación, divorcio, nulidade, tutela ou calquera outro suposto de interrupción da convivencia familiar, o exercicio do dereito de visitas se vexa interrompido ou o seu cumprimento resulte difícil ou conflitivo".

Os Puntos de Encontro Familiar (PEF) son un servizo esencial para o conxunto da poboación mais xogan un papel aínda máis relevante nos casos de violencia machista polo que é urxente revisar os procedementos de intervención e os protocolos que rexen nos centros para garantir a máxima protección das crianzas e das nais que se atopen ou poidan atopar nesta situación.

A violencia vicaria é unha forma máis de violencia machista. O Grupo parlamentario do Bloque Nacionalista Galego preocupado por esta cuestión impulsou unha proposición de lei encamiñada ao recoñecemento legal deste tipo de violencia exercida contra as mulleres a través das súas fillas/os e outras persoas próximas, porén, á par que se modifica o marco lexislativo é necesario impulsar tamén outras medidas que permitan actuar na prevención, detección e intervención nestes casos.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

CSV: BOPGDSPG-8egKxqH80-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/01/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 27141
Data envio: 05/01/2022 17:31:15.599

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Como valora a Xunta de Galiza a situación actual da rede de Puntos de Encontro Familiar?

Santiago de Compostela, 5 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

**Iria Carreira Pazos**

**Montserrat Prado Cores**

Deputadas do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Olalla Rodil Fernández na data 05/01/2022 17:30:35**

**Iria Carreira Pazos na data 05/01/2022 17:30:44**

**María Montserrat Prado Cores na data 05/01/2022 17:30:53**

CSV: BOPGDSPG-8egKxqH80-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/01/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 27142
Data envio: 05/01/2022 17:34:37.033

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores** e **Iria Carreira Pazos**, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno,** sobre a listaxe de persoas que integran o Programa de Asignación de Recursos (PAR).

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En Galiza reducíronse de maneira notábel nos últimos anos as listaxes de agarda nos procesos de tramitación e valoración do grao de dependencia.

Porén, o feito de contar coa valoración non significa que unha persoa dependente acceda ao servizo que precisa e ao que ten dereito. Neste senso, en 2020 no noso país situábanse en 67.467 as persoas con dereito recoñecido a prestación por dependencia das que 6.923 non estaban ao finalizar ese ano atendidas.

No marco da normativa en materia de dependencia a Xunta de Galiza e, no concreto, a Consellaría de Política Social, conta co Programa de Asignación de Recursos (PAR), unha sorte de listaxe de agarda na que se atopan aquelas persoas que, por exemplo, tendo recoñecido formalmente o dereito a unha praza de residencia nun centro público non poden acceder a el por falta de prazas.

Malia que a Xunta de Galiza utiliza como argumento nos sucesivos pregos de licitación para a concertación de prazas na privada o número de persoas que agardan no

CSV: BOPGDSPG-8egKxqH80-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/01/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 27142
Data envio: 05/01/2022 17:34:37.033

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PAR por este recurso público, descoñécese o número exacto de persoas que o compoñen así como o tempo de espera medio que permanecen nel.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Cantas persoas integran o Programa de Asignación de Recursos (PAR)?

Santiago de Compostela, 5 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

**Montserrat Prado Cores**

**Iria Carreira Pazos**

Deputadas do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**María Montserrat Prado Cores na data 05/01/2022 17:33:58**

**Iria Carreira Pazos na data 05/01/2022 17:34:02**

**Olalla Rodil Fernández na data 05/01/2022 17:34:11**

CSV: BOPGDSPG-8egKxqH80-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/01/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 27143
Data envio: 05/01/2022 17:38:00.544

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Olalla Rodil Fernández, Mercedes Queixas Zas, Manuel Lourenzo Sobral** e **Daniel Castro García**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre o impulso en Galiza dun programa de retención e captación de talento forte.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A aposta na xeración de coñecemento como motor de desenvolvemento social, económico e cultural está fóra de toda dúbida, máis aínda despois da crise sanitaria provocada pola Covid-19 e as implicacións que esta tivo e está a ter máis aló da saúde.

A I+D+i non é só un ámbito estratéxico para a modernización e diversificación do tecido produtivo, tamén constitúe un sector produtivo en si propio cuxa achega reporta unha enorme riqueza ao conxunto da economía e da sociedade. Así o demostran os datos daqueles países, algúns deles da nosa contorna, que levan anos investindo en ciencia, investigación e innovación.

Se tomamos como referente o Regional Innovation Scoreboard 2019 (o último dispoñíbel) publicado pola Comisión Europea vemos como Galiza se sitúa entre os territorios cunha innovación moderada baixa (Moderate – Innovator) fronte a Euskadi ou Catalunya que se sitúan dous chanzos por riba como rexións europeas Moderate + e aínda máis afastado está o norte portugués que é definido en termos comunitarios como unha rexión innovadora forte (Strong -).

CSV: BOPGDSPG-8egKxqH80-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/01/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 27143
Data envio: 05/01/2022 17:38:00.544

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza




Malia o inmenso potencial que posúe Galiza nesta materia, estanse a desaproveitar recursos e a perder oportunidades ao carecer, entre outras cousas, dun investimento forte –tanto público como privado-- e dun programa de recursos humanos completo.

Neste senso, para o Grupo parlamentario do Bloque Nacionalista Galego hai dúas cuestións urxentes que deben abordarse se queremos apostar, de maneira real e non só retórica, na I+D+i como motor de desenvolvemento.

Dunha banda, incrementar o investimento en I+D+i até o situar, progresivamente, no 2,5% do PIB. Actualmente e de acordo cos últimos datos oficiais dos que dispomos (IGE, 2019), o investimento en Galiza en materia de I+D+i apenas se sitúa no 0,97%, unha cifra pírrica que está por baixo do investido no país hai pouco máis dunha década (1,04% en 2008).

CSV: BOPGDSPG-8egKxqH80-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/01/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 27143
Data envio: 05/01/2022 17:38:00.544

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Doutra, o deseño dun programa de retención e captación de talento forte dentro dun plan de recursos humanos que aposte no máis importante que ten calquera sistema investigador, as persoas. Dentro del debe existir unha carreira investigadora completa e definida en todas as súas etapas –desde a formativa até a profesional-- garantindo certeza, estabilidade e capacidade de previsión ao persoal investigador.

Aí, xoga un papel esencial a etapa de consolidación da carreira investigadora que permita quedar ao persoal formado en Galiza que así o desexe e retornar a aquel outro que se formou total ou parcialmente no estranxeiro evitando a denominada fuga de talento.

E é que, a inexistencia na práctica dun programa forte de retención e captación de talento no noso país está a provocar a expulsión de ducias de persoas investigadoras cada ano e impide retornar a outras. Isto, ademais da enorme perda de capital humano que representa, supón unha enorme perda económica para Galiza. Cómpre lembrar o importante esforzo colectivo que representa a formación do persoal investigador para o conxunto da sociedade galega, investimento na súa práctica totalidade público que acaba revertendo na xeración de coñecemento e capital humano noutros lugares de Europa e do mundo pola falta de oportunidades aquí.

Na nosa contorna máis próxima temos exemplos de programas de retención e captación de talento exitosos que situaron a territorios como Euskadi ou Catalunya na vangarda da investigación e innovación dentro do Estado español e da Unión Europea.

As fundacións ikerbasque e iCrea, coas súas diferenzas, supuxeron un enorme impulso á política de I+D+i vasca e catalá amosando o enorme retorno que a ciencia e a investigación teñen para o conxunto da sociedade e, especialmente, para o desenvolvemento económico, social e cultural de calquera país.



CSV: BOPGDSPG-8egKxqH80-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/01/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 27143
Data envio: 05/01/2022 17:38:00.544

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

As cifras así o avalan. O ikerbasque conta cun orzamento anual de 19 millóns de euros, en 2020 obtiveron 35,3 millóns de euros en fondos captados por 290 investigadoras e investigadores que traballan en 812 proxectos. O retorno directo é de dous euros por cada euro que invisten.

Estes resultados non son flor dun día senón dun traballo de anos mais sobre todo dunha aporta estratéxica pola I+D+i.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Valora a Xunta de Galiza impulsar un programa de retención, retorno, consolidación e captación de talento investigador semellante ao ikerbasque e/ou o iCrea?

Santiago de Compostela, 5 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

**Mercedes Queixas Zas**

**Daniel Castro García**

**Manuel Lourenzo Sobral**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

CSV: BOPGDSPG-8egKxqH80-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/01/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 27143
Data envio: 05/01/2022 17:38:00.544

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**Olalla Rodil Fernández na data 05/01/2022 17:37:10**

**Mercedes Queixas Zas na data 05/01/2022 17:37:15**

**Daniel Castro García na data 05/01/2022 17:37:27**

**Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 05/01/2022 17:37:39**

CSV: BOPGDSPG-8egKxqH80-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/01/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 27144
Data envio: 05/01/2022 17:42:05.587

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Olalla Rodil Fernández, Noa Presas Bergantiños, Iria Carreira Pazos** e **Montserrat Prado Cores**, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre o bono de alugueiro social nos casos de mulleres en situación de violencia machista.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei 11/2007 galega para a prevención e tratamento integral da violencia de xénero recolle nos seus artigos 44 e 45 o dereito de acceso á vivenda e acceso prioritario ás vivendas de promoción pública das mulleres en situación de violencia machista.

Neste senso, a Xunta de Galiza despregou, dentro do Programa do bono de alugueiro social, axudas específicas para vítimas de violencia de xénero.

Porén, ao Grupo parlamentario do Bloque Nacionalista Galego cónstanos que mulleres nesta situación están a atopar enormes dificultades para acceder a unha vivenda en aluguer mesmo sendo beneficiarias desta axuda pois, axencias e persoas propietarias rexeitan alugarlles. Isto está a provocar que mulleres acaben alugando vivendas moi lonxe de garantir as condicións de habitabilidade mínima por non poder pagar un aluguer maior.

Dunha banda ese rexeitamento baséase na escasa contía do bono (entre 175€ e 225€ ao mes en función da localidade), unha cantidade que fica lonxe de cubrir o custe mensual do alugueiro. Doutra, na complexa situación económica na que se atopan



CSV: BOPGDSPG-8egKxqH80-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/01/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 27144
Data envio: 05/01/2022 17:42:05.587

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

moitas destas mulleres, sen ingresos estables. Todo isto serve ás axencias e propietarias/os para se negaren a garantir o acceso a un dereito, como a vivenda.

Porén, a situación agrávase pola falta de vivenda pública en Galiza. As cifras así o evidencian, tanto na enorme listaxe de agarda para acceder a unha vivenda de promoción pública como polo feito de adxudicárense apenas 5 en todo o ano 2020 a mulleres en situación de violencia machista.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que medidas pensa adoptar o Goberno galego para garantir o dereito a vivenda especialmente das mulleres en situación de violencia machista?

Santiago de Compostela, 5 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

**Noa Presas Bergantiños**

**Iria Carreira Pazos**

**Montserrat Prado Cores**

Deputadas do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

CSV: BOPGDSPG-8egKxqH80-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/01/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 27144
Data envio: 05/01/2022 17:42:05.587

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Olalla Rodil Fernández na data 05/01/2022 17:41:13**

**Noa Presas Bergantiños na data 05/01/2022 17:41:23**

**Iria Carreira Pazos na data 05/01/2022 17:41:33**

**María Montserrat Prado Cores na data 05/01/2022 17:41:47**

CSV: BOPGDSPG-8egKxqH80-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/01/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 27145
Data envio: 05/01/2022 17:43:53.491

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Olalla Rodil Fernández, Iria Carreira Pazos** e **Montserrat Prado Cores**, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a incompatibilidade da Risga coa percepción doutras prestacións e a obriga de devolución dos importes percibidos para aquelas persoas que beneficiarias do Ingreso Mínimo Vital.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde que o Goberno español aprobou o Real Decreto-lei 20/2020, de 29 de maio, polo que se estabelece o Ingreso Mínimo Vital advertiuse de maneira reiterada á Xunta de Galiza da incompatibilidade desta prestación coa percepción da Risga.

Isto é así de acordo co disposto na Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galiza e o decreto que desenvolve a Renda de inclusión social que fixa, de maneira clara, o carácter incompatíbel desta con calquera outra prestación ou pensión non contributiva.

Neste senso, desde o Grupo parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, sempre valoramos positivamente que o Goberno galego decidise –como demandaban e demandan as entidades sociais-- manter a Risga para aquelas persoas beneficiarias que solicitasen o Ingreso Mínimo Vital, até o momento en que o percibisen de maneira efectiva.

CSV: BOPGDSPG-8egKxqH80-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/01/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 27145
Data envio: 05/01/2022 17:43:53.491

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Porén, transcorrido un ano desde a aprobación do devandito Real Decreto-lei 20/2020 e case o mesmo tempo desde a posta en funcionamento do IMV, diversas entidades sociais que traballan con persoas en situación de pobreza ou risco de exclusión social, denunciaron publicamente que se está a esixir a devolución das contías percibidas pola Risga a aquelas persoas que comezan a percibir o IMV.

O Goberno español está a ingresar ás persoas perceptoras os meses con carácter retroactivo, isto é, a contía correspondente ao tempo transcorrido entre a solicitude e a aprobación da prestación polo que a Xunta considera que se percibiron de maneira simultánea as dúas prestacións, algo que a lei prohibe.

Sendo certo, en termos legais, na práctica a reclamación de cantidades que ascenden, como trascendeu a través dos medios, por exemplo, a 5.000 euros supón un importante problema económico.

Cómpre lembrar que as persoas perceptoras da Risga e/ou do IMV teñen unha situación económica moi delicada e, ás veces, mesmo débedas polo que afrontar unha devolución destas características as prexudica enormemente.

A este grupo parlamentario cónstalle que a Xunta de Galiza non é allea a esta problemática e que mesmo procurou fórmulas para paliar os prexuízos ocasionados pola incompatibilidade de ambas as dúas prestacións.

Así, e logo da intervención das entidades sociais, acordou aprazar a devolución até cando se solicite a Risga de novo ou 30 meses como máximo e a condonación de até o 50% do IPREM naqueles casos en que existan menores na unidade familiar previo informe da traballadora social.

Porén, estas medidas son un parche temporal para tentar mitigar o problema mais non o resolve.



CSV: BOPGDSPG-8egKxqH80-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/01/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 27145
Data envio: 05/01/2022 17:43:53.491

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

É evidente que urxe levar a cabo a necesaria reforma normativa da Renda de inclusión social de Galiza (Risga) para resolver, dunha vez por todas, a incompatibilidade de ambas as dúas prestacións (ou outras de idéntica natureza) procurando, como ten defendido e reclamado o Bloque Nacionalista Galego en reiteradas ocasións, transitar cara á unha prestación única de inclusión social e laboral.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Cando vai abordar a Xunta de Galiza a necesaria reforma da lexislación vixente para rematar con esta situación de incompatibilidade e os problemas que carrexa?

Santiago de Compostela, 5 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**
**Iria Carreira Pazos**
**Montserrat Prado Cores**
Deputadas do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**María Montserrat Prado Cores na data 05/01/2022 17:43:17**

CSV: BOPGDSPG-8egKxqH80-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/01/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 27145
Data envio: 05/01/2022 17:43:53.491

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Iria Carreira Pazos na data 05/01/2022 17:43:21**

**Olalla Rodil Fernández  na data 05/01/2022 17:43:34**

CSV: BOPGDSPG-8egKxqH80-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/01/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 27149
Data envio: 05/01/2022 17:54:49.089

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

# Á Mesa do Parlamento

**Leticia Gallego Sanromán, Julio Torrado Quintela, Noelia Otero Lago, Paloma Castro Rey e Marina Ortega Otero,** deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno.**

A Atención Primaria do sistema sanitario de Galicia está sendo obxecto de debate e discusión por parte de tódolos axentes implicados no deseño e implementación das políticas públicas sanitarias, incluídos por suposto os propios profesionais que traballan no sistema.

Dende hai tempo existen numerosas reivindicacións e queixas sobre a saturación do sistema, dita saturación tivo un maior incremento debido a pandemia da Covid-19. Isto vén dunha ineficiente xestión en termos de recursos materiais e humanos froito das políticas de recortes executadas polo Partido Popular dende a Xunta de Galicia.

As políticas de recortes dos últimos anos levaron, ademais, a que Galicia afronte a situación cun problema de persoal grave no sistema sanitario público. Esta é a terceira peor Comunidade Autónoma de España en ratio de médicos/as por habitante (aproximadamente 450 por cada 100.000 habitantes coa media española en torno a 480, segundo o informe do Consello Xeral de Colexios Médicos de España).

A última decisión nefasta do Goberno autonómico na Atención Primaria da nosa comunidade é que restrinxe a actividade en varios centros de saúde, cuxos facultativos/as só atenderán urxencias e casos de Covid. Así o reflicte unha instrución da Dirección de Atención Primaria, na que se xustifican as medidas ante o "crecemento explosivo do número de contaxios de Covid" e a previsión de que se manteña, e para axudar ás persoas profesionais dos centros de saúde para "facer fronte" á situación.

Segundo o Sergas adóptanse unha serie de medidas para dar resposta á "escaseza de persoal sanitario" que sofren diversas unidades de Atención Primaria da área sanitaria de Vigo. Estas medidas, que afectan só ao persoal sanitario, consisten en "descitar" toda actividade programada que se poida retrasar, bloquear todos os ocos dispoñibles nas axendas de citación, e "traballar só baixo demanda, atendendo só consultas urxentes e relacionadas coa Covid".

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSV: BOPGDSPG-8egKxqH80-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/01/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 27149
Data envio: 05/01/2022 17:54:49.089

Estas medidas aplicaranse nos centros de saúde con escaseza de médicos do 50 % ou máis. As medidas estarán en vigor ata o 10 de xaneiro momento no que se revisará a situación. Esta situación débese a que hai moitos profesionais de baixa, outros de vacacións e prazas vacantes por xubilacións que non se cobren.

A restrición de actividade afecta ás unidades de Primaria do Rosal, A Guarda, Oia, Cangas (en quenda de tarde), Moaña (en quenda de tarde), Ponteareas, O Porriño, Tomiño e en Vigo no centro de saúde de Navia, Nicolás Peña, Beiramar, Casco Vello, Matamá e Teis (en quenda de tarde).

Estas novas medidas son un ataque á sanidade pública, gratuíta e universal. Toda a cidadanía ten dereito a acudir ó seu médico por calquera enfermidade.

A Atención Primaria está totalmente desbordada con xornadas de ata 190 pacientes nalgúns PAC; cuns profesionais esgotados; con cada vez máis cadros de depresión e ansiedade entre os médicos e médicas e cun total desánimo.

Existe unha falta total de coordinación entre rastreadores e centros de saúde e destacar que o número de teléfono de atención ao paciente para notificar os positivos está continuamente colapsado polo que, ao final, a cidadanía ten que recorrer ó centro de saúde engrosando as axendas que xa son inasumibles.

Desde o Grupo Parlamentario Socialista levamos todo o pasado ano denunciando ó colapso da Atención Primaria. Esta é unha mostra máis desa saturación no sistema galego de saúde, saturación que vimos alertando os socialistas durante toda esta lexislatura.

Resulta necesario poñer de maneira urxente á dispor dos centros de saúde os recursos humanos e equipamento suficiente para atender as necesidades de cada municipio conforme a súa poboación, para deste xeito garantir a correcta e plena asistencia sanitaria na Atención Primaria.

CSV: BOPGDSPG-8egKxqH80-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/01/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 27149
Data envio: 05/01/2022 17:54:49.089

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Vai o Sergas a incorporar inmediatamente máis persoas facultativas nestes catorce centros de saúde que lles acaba de restrinxir a actividade que afecta ás unidades de Atención Primaria?

Pazo do Parlamento, 5 de xaneiro do 2022

**Asinado dixitalmente por:**

**María Leticia Gallego Sanromán na data 05/01/2022 17:30:44**

**Julio Torrado Quintela na data 05/01/2022 17:30:52**

**Noelia Otero Lago na data 05/01/2022 17:31:01**

**Paloma Castro Rey na data 05/01/2022 17:31:08**

**Marina Ortega Otero na data 05/01/2022 17:31:17**

CSV: BOPGDSPG-8egKxqH80-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/01/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 27152
Data envio: 05/01/2022 17:56:28.507

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Rosana Pérez Fernández, Carme González Iglesias** e **Daniel Castro García**, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Hai case un ano, o 15 de decembro de 2020, a directora xeral de Acuicultura e Innovación Tecnolóxica respostaba na Comisión de Pesca a unha serie de preguntas efectuadas por este Grupo Parlamentar en relación cos conflitos vividos entre bateeiros e percebeiros na campaña 2019/20.

A directora xeral aseguraba naquela comisión que "neste ano 2020, e precisamente como consecuencia da covid-19, o sector dos percebeiros, viu como a súa actividade quedaba moi limitada, por non dicir impedida, polo peche da canle horeca, destino fundamental das súas capturas. Ao mesmo tempo, foi un ano especialmente malo no que se refire á presenza de semente de mexillón nas pedras e fixo que os bateeiros precisasen acudir nas últimas semanas das súas autorizacións para recoller a mexilla necesaria para non deixar baleiras as súas bateas".

Pois ben, apenas un mes despois desa resposta, volvéronse producir enfrontamentos entre os dous sectores en distintos puntos da nosa costa e seguíronse sucedendo durante toda a campaña sen que a Xunta de Galiza fose capaz de intermediar e de poñer solución a esa situación.



CSV: BOPGDSPG-8egKxqH80-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/01/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 27152
Data envio: 05/01/2022 17:56:28.507

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Preguntada tamén pola existencia, funcionamento e conclusións da mesa de traballo anunciada pola Consellaría do Mar no pasado mes de xuño de 2020, na que se analizarían con ambos sectores distintos aspectos para que os conflitos non volveran ter lugar, a directora xeral respostou que "o grupo de traballo existe e está constituído por tres representantes das asociacións de bateeiros e por tres representantes das confrarías, e tiveron lugar cando menos ata o de agora catro reunións conxuntas nas que se está a analizar toda a normativa e distintas propostas, continuando aínda a día de hoxe as reunións, precisamente porque queremos dar continuidade de futuro a esta regulación, porque non se trata só de regular esta campaña, senón de facelo cara o futuro ..... e non lle podo dicir cando poderemos ter esa solución que esperamos sexa definitiva e que podamos ter incluso algo para poder seguir incrementando medidas, tamén mesmo para esta propia campaña".

É evidente que a mesa de traballo conformouse tarde xa para poder comezar a campaña de 2020/21 cunha regulación acordada, mais durante este ano continuaron as tensións e tamén a falla de atención por parte da Consellería, á que se lle reclamou mediación en varias ocasións por parte das Confrarías sen que fosen escoitadas.

Ata tal punto chegou a falla de resposta que, a finais do mes de xuño, as Confrarías fixeron público un comunicado denunciando que a Consellaría do Mar elaborara un borrador de orde reguladora para a actividade extractiva da mexilla que non fora consultado con elas e que recollía medidas que consideraban lesivas para os seus intereses.

Continuou a desidia da Administración e xa a mediados de xullo o sector dos percebeiros galegos iniciou unha acción de envío de currículos á Consellaría para solicitar traballo xa que "o meu medio de vida se atopa ameazado e en risco de desaparición, sendo a principal responsable deste feito a propia Consellería do Mar, ante



CSV: BOPGDSPG-8egKxqH80-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/01/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 27152
Data envio: 05/01/2022 17:56:28.507

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

a inacción e ineficacia demostradas para tentar solucionar un conflito entre os sectores bateeiro e percebeiro de Galicia e sobre todo por non asumir as súas competencias de garantir a protección e a sustentabilidade do medio mariño".

A vindeira campaña de extracción 2021-22 comeza en apenas 15 días, o 1 de decembro, e un ano e medio despois da constitución da mesa de traballo aínda non existe nova regulación e, o que é peor, o consenso entre os dous sectores parece estar cada vez máis lonxe.

O deterioro da situación é tal que mesmo está derivando nunha recollida de mexilla dende hai días totalmente ilegal e fora de campaña que xa foi interceptada polos gardacostas en varias ocasións. É, pois, evidente que estamos diante, mais unha vez, das condicións que poden levar a novos e graves enfrontamentos.

A última normativa reguladora é do ano 2000 e resulta inexplicábel que, malia a se produciren desacordos entre os dous sectores cada ano, a día de hoxe non exista aínda unha solución definitiva e se continúe a poñer en risco mesmo a integridade dos profesionais do mar.

A Consellaría ten a responsabilidade de mediar e buscar sen dilación un entendemento entre os sectores e debe facelo de xeito urxente para non ter que lamentarse a posteriori.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que actuacións vai levar a cabo a Xunta de Galiza para tentar impedir os conflitos que se veñen dando entre mexilloeiros e percebeiros por mor da extracción da mexilla en bancos naturais?



CSV: BOPGDSPG-8egKxqH80-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/01/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 27152
Data envio: 05/01/2022 17:56:28.507

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 5 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

**Carme González Iglesias**

**Daniel Castro García**

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Rosana Pérez Fernández na data 05/01/2022 17:55:42**

**María do Carme González Iglesias na data 05/01/2022 17:55:51**

**Daniel Castro García na data 05/01/2022 17:56:00**

CSV: BOPGDSPG-8egKxqH80-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/01/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 27153
Data envio: 05/01/2022 18:00:01.113

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Rosana Pérez Fernández, Carme González Iglesias** e **Daniel Castro García**, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O comisario europeo de Pesca vén de facer pública a proposta de cotas para 2022 que, coma todos os anos, terá que validar ou modificar o Consello de ministros de Pesca do vindeiro mes de decembro.

Trátase das cotas xestionadas unicamente pola UE e quedarían aínda pendentes de negociación co Reino Unido e Noruega as cotas compartidas.

A proposta non parece concordar cos datos científicos existentes, cando menos nalgunhas especies, e claramente non ten en consideración, máis unha vez, as variábeis económicas e sociais que se deberan incluír, segundo a propia PPC, á hora da recomendación de capturas.

Albíscanse pois novas e maiores dificultades para a frota galega que virían a reincidir nas decisións xa tomadas nos últimos anos e que veñen supoñendo un esforzo e un impacto económico insostíbel para o sector.

Os recortes propostos van dende o 18% para a pescada do Cantábrico e o incomprensíbel 16% para o xurel na zona 9. Tamén sofren importantísimos recortes o linguado (36% menos nas zonas 8a e 8b e 15% menos nas zonas 8c, d, e, 9, 10 e augas



CSV: BOPGDSPG-8egKxqH80-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/01/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 27153
Data envio: 05/01/2022 18:00:01.113

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

europeas), abadexo (10% menos nas zonas 8c, 9, 10 e augas comunitarias e un 20% menos nas zonas 8a, b, d, e), e de novo pesa a prohibición sobre a pesca da cigala en Galiza, a pesar da existencia de informes que constatan a melloría da poboación.

Aos datos propostos polo comisario de Pesca, hai que engadir a incerteza que neste momento existe respecto das previsións do ICES noutras especies como a robaliza, que suporían un recorte dun 20% no noroeste español, un 12% para o xurel oeste, de Fisterra ao norte incluíndo o Golfo de Bizcaia, un 19% en augas españolas e comunitarias para o lirio ou un 7% de gran parte da xarda da frota de litoral. E aínda, a maiores, habería que agardar polos datos que depare o acordo co Reino Unido e con Noruega.

As previsións insistirían nas reducións xa levadas a cabo no 2021, como as do 5% na pescada do Cantábrico e o 20% no linguado do Cantábrico e unicamente agárdanse incrementos de arredor dun 13% no rapante e no rape que viñan de descender un 11 e un 13% respectivamente no 2021.

De prosperaren os datos avanzados polo Comisario europeo de Pesca, os resultados do Consello de ministros de decembro preséntanse verdadeiramente preocupantes para a nosa frota, máis aínda dos que xa o foran os de 2021, cualificados pola propia conselleira do Mar como de "cativos", e poderían abocar a gran parte dela a seguir a liña sobre a que recentemente alertaba o secretario xeral de CEPESCA e que non é outra que o incremento de peticións de despece de barcos que compromete seriamente o futuro do sector e, no caso galego, tamén da economía do país.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:



CSV: BOPGDSPG-8egKxqH80-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/01/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 27153
Data envio: 05/01/2022 18:00:01.113

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Que actuacións vai levar a cabo o Goberno de Galiza para a defensa do sector pesqueiro galego diante da proposta de cotas para 2022 do comisario europeo de Pesca?

Santiago de Compostela, 5 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

**Carme González Iglesias**

**Daniel Castro García**

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Daniel Castro García na data 05/01/2022 17:59:23**

**María do Carme González Iglesias na data 05/01/2022 17:59:27**

**Rosana Pérez Fernández na data 05/01/2022 17:59:42**

CSV: BOPGDSPG-8egKxqH80-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/01/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 27154
Data envio: 05/01/2022 18:08:28.572

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Rosana Pérez Fernández, Montserrat Prado Cores** e **Iria Carreira Pazos**, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O goberno galego está a aplicar dun xeito xeneralizado, tanto na atención hospitalaria como na atención primaria e no conxunto do territorio, unha política de recortes que está a provocar un deterioro progresivo e xa extremo neste momento do sistema sanitario público. Ademais, os orzamentos que pretende aprobar de cara ao 2022, moi similares aos actuais, tampouco permiten albiscar a melloría que deberá poñer o fin definitivo á precaria situación actual.

Os usuarios e usuarias da sanidade pública son os principais afectados dunha política devastadora que mingua a calidade da atención sanitaria, sobre todo reducindo o persoal, tanto sanitario como non sanitario, e sobrecargando ata a extenuación ao que permanece nos centros.

A asistencia pediátrica é un dos servizos que está a sufrir con maior virulencia esta situación de recortes, con masificación nas consultas e con moita poboación infantil que non é atendida por especialistas en pediatría, o que tamén empeora a calidade asistencial.

CSV: BOPGDSPG-8egKxqH80-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/01/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 27154
Data envio: 05/01/2022 18:08:28.572

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Este é o caso da atención pediátrica no centro de saúde de Outes e, por extensión, noutros centos de saúde da comarca de Muros e Noia, cuxas deficiencias están a ser postas de manifesto nos últimos días polas propias familias afectadas e sen que ata o de agora teñan resposta por parte da Consellaría de Sanidade.

As familias do concello de Outes vense obrigadas a prescindir do único profesional en pediatría do que dispón o centro de saúde, que neste momento atópase desfrutando as vacacións que lle corresponden e cuxa praza non se está a cubrir por substituta ou substituto algún.

Nesta situación, a Consellaría de Sanidade decide derivar aos nenos e nenas de Outes ao centro de saúde de Noia, centro que tampouco dispón do profesional de pediatría por atoparse este de baixa dende antes do verán e que está a ser cuberto por unha médica de familia durante unhas horas en xornada de tarde.

O descontrol e a falla de planificación das autoridades sanitarias tamén a están a sufrir en Noia, onde á médica de familia que fai as función de pediatra non a acompaña o correspondente e necesario persoal de enfermería. No entanto, si existe dotación de enfermería en horario de mañá, mais sen o seu correspondente facultativo.

O feito da inexistencia de persoal de enfermería nas horas de tarde da médica de familia que actúa como pediatra en Noia impide que se poidan realizar, por exemplo, os PNS (programas neno san, control e vacinación) incluso dos bebés máis pequenos. Deste xeito, a situación non lle permite nin sequera atender os cupos, adicándose fundamentalmente aos casos máis urxentes e facendo tamén as funcións de enfermería que non lle corresponden e que, unha vez máis, poñen de manifesto que se a sanidade pública galega funciona e polo labor responsábel que levan a cabo as e os seus profesionais.



CSV: BOPGDSPG-8egKxqH80-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/01/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 27154
Data envio: 05/01/2022 18:08:28.572

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por se non fose aínda suficiente, non remata aquí o periplo dos e das pacientes infantís de cero a tres anos e das súas familias. As circunstancias da atención pediátrica en Noia fan que, finalmente, os nenos e nenas teñan que ser derivados ao centro de saúde de Lousame, que si conta con pediatra en xornada completa de mañá pero que está totalmente desbordada ao ter que atender nestes momentos a tres concellos: Outes, Noia e o propio Lousame, o que supón para calquera profesional unha presión asistencial extrema que mesmo pon en risco a súa saúde  e a atención e seguimento acaído da saúde dos seus pacientes .

Garantir, pois, que se cubran as ausencias nos centros de Outes e de Noia é unha necesidade perentoria que a Xerencia desta área, Santiago-Barbanza, e a Consellaría de Sanidade non poden obviar.

A saúde é un dereito fundamental que neste caso e máis unha vez está a ser vulnerado  gravemente por parte de quen debera garantilo, o goberno galego, ao non permitir que se dispoña do persoal necesario e, polo tanto, que exista atención sanitaria axeitada  e de calidade en cada centro de saúde

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Está disposta a Xunta de Galiza a cubrir de xeito inmediato o servizo de pediatría nos centros de saúde de Outes e Noia e a dotar a este último do correspondente persoal de enfermería?

Santiago de Compostela, 5 de xaneiro de 2022



CSV: BOPGDSPG-8egKxqH80-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/01/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 27154
Data envio: 05/01/2022 18:08:28.572

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

**Montserrat Prado Cores**

**Iria Carreira Pazos**

Deputadas do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Rosana Pérez Fernández na data 05/01/2022 18:07:50**

**María Montserrat Prado Cores na data 05/01/2022 18:07:54**

**Iria Carreira Pazos na data 05/01/2022 18:08:06**

CSV: BOPGDSPG-8egKxqH80-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/01/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 27155
Data envio: 05/01/2022 18:11:24.928

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Rosana Pérez Fernández**, **Paulo Ríos Santomé** e **Luis Bará Torres**, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A posta en marcha do Plan de Transporte de Viaxeiros por Estrada, establecido pola Xunta de Galiza ía supoñer a mellora do transporte público por estrada e contaba cun investimento de 9,3 millóns de euros ao ano.

O pasado 18 de xuño, a conselleira de Infraestruturas e Mobilidade realizaba unha visita ao concello de Ribeira na que incidía, sen ruborizarse, na "renovación integral levada a cabo desde a Xunta de todo o transporte público de Galiza, co obxectivo de ofrecerlle aos cidadáns servizos máis modernos e mellor adaptados ás necesidades da xente". E referíndose á comarca da Barbanza asegurou que "esa completa modernización do transporte público da Xunta permitiu dotar aos veciños de mellores conexións cara a Santiago, pero tamén dunha mellor coordinación dos servizos entre os concellos da comarca da Barbanza e mellores conexións..."

O transporte público é un servizo esencial para garantir que as persoas poidan desprazarse no territorio, poidan acudir ao traballo ou mesmo aos servizos médicos, pero tamén debe ser unha prioridade coa que contribuír a reducir o uso do vehículo privado e reducir a contaminación atmosférica.

CSV: BOPGDSPG-8egKxqH80-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/01/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 27155
Data envio: 05/01/2022 18:11:24.928

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Na Barbanza, lonxe de termos un transporte público de calidade, a situación está sendo moi problemática desde que comezou a funcionar a nova concesionaria. A liña XG-847 correspondente á comarca da Barbanza púxose en marcha de maneira atropelada e descoordinada, provocando un caos ao comezo do funcionamento da nova empresa que presta os servizos de transporte público. Os problemas, lonxe de ir solucionándose estanse a incrementar de maneira alarmante sen que nos conste que os responsábeis da Xunta de Galiza fagan nada por remedialo.

Para empezar, as persoas usuarias do transporte público quéixanse da falta de información xeneralizada que existe, pois non se editou nin un só folleto que recollese as rutas e paradas, moitas marquesiñas carecen de información dos itinerarios e dos horarios e a oficina de información da compañía nunca ten persoal de atención ao público.

A retirada de moitos dos autobuses que prestaban servizo e a súa substitución polos actuais, máis altos e con máis escaleiras, está provocando serios inconvenientes a persoas maiores, persoas que presentan algún grao de discapacidade física ou mesmo a calquera persoa cun carro de crianza ou de compra.

O servizo compartido, onde nas horas escolares os nenos e nenas que se dirixen ou volven dos centros escolares poden viaxar xunto con outras persoas usuarias, non debería ser un problema. Mais o que está a ocorrer é que os autocares ocúpanse na súa totalidade con escolares provocando, na práctica, que as persoas que desexan coller o autobús non poidan facelo. Non son poucas as ocasións nas que as persoas usuarias deben agardar ao seguinte autobús porque o que pasa vai con todas as súas prazas cubertas.

Alén do anterior, en moitos casos os autobuses non teñen a capacidade para trasladar a todo o alumnado e é moi habitual que moitos nenos e nenas e mozos e mozas



CSV: BOPGDSPG-8egKxqH80-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/01/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 27155
Data envio: 05/01/2022 18:11:24.928

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

teñan que agardar outro autobús que, tal e como se recolle nas queixas de numerosos usuarios, moitas veces se retrasa considerabelmente ou mesmo non chega a pasar nos horarios indicados por Monbus porque o tempo estipulado para facer os servizos é totalmente insuficiente.

O exemplo máis ilustrativo de que os tempos estipulados para realizar os servizos son insuficientes é o do traxecto Ribeira-Noia que, segundo o horario establecido por Monbus faise en 45 minutos, reducindo en 15 minutos o tempo no que se facía coa empresa anterior. Un tempo, por certo, autorizado pola Xunta de Galiza, que ignora que 45 minutos é practicamente o que leva facer ese percorrido en coche particular e sen paradas.

As horas punta son outro dos problemas. Nas horas centrais do día, dado o maior volume de vehículos que hai na estrada, os autobuses non son capaces de facer o traxecto no tempo que marca a empresa polo que os retrasos son continuados e considerábeis provocando prexuízos ás persoas usuarias constantemente.

Mención aparte merece a conexión de calquera dos concellos da comarca con Santiago de Compostela. Falta de puntualidade, poucos servizos en xeral e escasísimos servizos directos son as súas características.

Existe, ademais, unha diferencia e unha discriminación inexplicábel entre os autobuses que chegan a Santiago, dende Ribeira ou os que chegan dende Noia. No caso dos de Ribeira, teñen como destino a nova estación intermodal e no caso dos de Noia poden apearse nas Fontiñas ou, por exemplo, en San Caetano. Isto provoca que as persoas procedentes de Ribeira vénse en moitos casos obrigadas a tomar a maiores un autobús urbano para dirixirse a zonas de Santiago distantes da estación intermodal, o que implica maior gasto pero, sobre todo, moitas dificultades para cumprir os seus horarios laborais. Tanto é así que moitos residentes no concello de Boiro, achéganse a



CSV: BOPGDSPG-8egKxqH80-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/01/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 27155
Data envio: 05/01/2022 18:11:24.928

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Noia para viaxar dende alí a Santiago e poder apearse noutras paradas distintas á da estación intermodal que sería a onde irían se tomasen o autobús Ribeira-Santiago.

Hai un importante número de persoas que traballan en Santiago e viven na comarca da Barbanza e que rematan a súa xornada laboral ás 15:00 horas. Neste caso, vense obrigadas a tomar un autobús urbano ata a estación intermodal onde o autobús que viaxa cara a Ribeira sae ás 15.20 horas. É practicamente imposíbel collelo e, polo tanto, é obrigado ter que agardar polo seguinte.

Os sábados non existen autobuses directos Ribeira-Santiago, cando si os había coa anterior concesionaria. A viaxe non directa dura case dúas horas, de maneira que o autobús que sae de Ribeira ás 8:00 da mañá chega a Santiago ás 10:00 horas, con retraso pois para calquera traballo que comece ás 9:00 horas.

En definitiva, os horarios do transporte público non se adaptan ás necesidades das persoas que teñen un horario laboral que cumprir e, ademais, son impuntuais e tamén caros.

Os bonos que pon a disposición a empresa para o traxecto Ribeira-Santiago para as persoas que traballan son mensuais e aínda así son talonarios de 50. É dicir, que todos os que sobran non poden utilizalos no mes seguinte, despois de pagar 150 euros (bonificación incluída) para mercalos. A bonificación é dun 50%, tamén incomprensibelmente menor que noutros percorridos (A Coruña-Santiago, Lugo-Santiago, Ourense-Santiago, Noia-Santiago ...) onde ascende ao 75% e si poden utilizar os que sobran do mes.

Por último, non deixa de ser chamativo o xeito de entender os viaxes de balde a Xunta de Galiza. A Tarxeta Xente Nova, posta en marcha para, supostamente, poder viaxar de balde as persoas menores de 21 anos ten que ser pagada por adiantado e só ao



CSV: BOPGDSPG-8egKxqH80-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/01/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 27155
Data envio: 05/01/2022 18:11:24.928

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

mes seguinte pódense recuperar os cartos das viaxes realizadas nun caixeiro, sistema que dificulta en gran medida esa recuperación.

En definitiva, un servizo deficiente que non atende as necesidades das persoas e que non incentiva o uso do transporte público. Un sistema no que non só perden as persoas usuarias senón tamén os traballadores e traballadoras da empresa que se ven obrigadas a traballar nunhas complicadas condicións e cunha situación laboral moi mellorábel, realizando máis horas das que lle corresponden e poñendo en risco a súa saúde e mesmo a das persoas que transportan.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que medidas vai levar a cabo o goberno galego para garantir un transporte público que resposte ás necesidades das persoas usuarias dentro da comarca da Barbanza e na súa conexión con Noia e Santiago de Compostela?

Santiago de Compostela, 5 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

**Paulo Ríos Santomé**

**Luis Bará Torres**

Deputada e deputados do G.P. do BNG

CSV: BOPGDSPG-8egKxqH80-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/01/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 27155
Data envio: 05/01/2022 18:11:24.928

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**Rosana Pérez Fernández na data 05/01/2022 18:10:41**

**Paulo Ríos Santomé na data 05/01/2022 18:10:55**

**Xosé Luis Bará Torres na data 05/01/2022 18:11:01**

CSV: BOPGDSPG-8egKxqH80-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/01/2022 09:31:41
Nº Rexistro: 27156
Data envio: 07/01/2022 09:31:41.257

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Rosana Pérez Fernández, Mercedes Queixas Zas** e **Manuel Lourenzo Sobral**, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O proxecto de reparación e posta en valor da Ponte Nafonso, entre os concellos de Noia e Outes, que está a levar a cabo a Consellaría de Infraestruturas e Mobilidade non é, malia a se demandar e agardar durante moitos anos, unha actuación integral e de revalorización do noso patrimonio cultural.

A Ponte Nafonso é un ben de orixe medieval e de gran valor patrimonial, que está catalogado e que forma parte do patrimonio histórico-artístico de Galiza. Sen ter isto en conta, o proxecto que está a levar a cabo a Xunta de Galiza exclúe, inexplicabelmente, a reposición do vello peitoril de pedra orixinal, que foi retirado no século XIX para ensanchar a ponte e permitir o paso de vehículos, e non contempla actuacións de revalorización do propio ben nin da súa contorna.

Moi ao contrario, a agresión patrimonial que tivo lugar coa substitución do peitoril de pedra por unha varanda de ferro, perpétrase de novo no proxecto actual e, máis unha vez, non se contempla nin se respecta a importancia que ten a Ponte Nafonso como ben catalogado.

CSV: BOPGDSPG-8egKxqH80-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/01/2022 09:31:41
Nº Rexistro: 27156
Data envio: 07/01/2022 09:31:41.257

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

E por se isto non fose abondo, a desfeita leva camiño de se consumar xa unha vez iniciadas as obras. Logo de retirar o asfaltado que cubría a ponte, saíu á luz a existencia dunha gabia de formigón no centro da mesma que canaliza o cableado de teléfono de toda a comarca.

O BNG obtivo información dos responsábeis das obras de que esa situación non se vai corrixir e que, por tanto, o pavimento adoquinado terá que se elevar uns centímetros, abandonándose así toda posibilidade de reparar este grave dano ao noso patrimonio.

Representantes do BNG na zona, interesados pola execución do proxecto, recibiron hai poucos días unha chamada de "Patrimonio", aclarando que o proxecto era o acaído e non se levarían a cabo modificacións. A persoa que contactou con eles presentouse como arqueóloga e historiadora e aseverou, entre outros desatinos, que a ponte nunca tivera peitoril de pedra, malia a existencia de probas gráficas do contrario. Tamén informou do visto e prace de Patrimonio ao mantemento das tubaxes existentes na ponte ao considerar que é unha estrutura do século XX, afirmación incríbel e absolutamente cuestionábel.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Considera a Xunta de Galiza que as obras que se están a executar na Ponte Nafonso correspóndense cunha actuación integral, coidadosa e respectuosa co patrimonio histórico-artístico?

Santiago de Compostela, 7 de xaneiro de 2022



CSV: BOPGDSPG-8egKxqH80-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/01/2022 09:31:41
Nº Rexistro: 27156
Data envio: 07/01/2022 09:31:41.257

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

**Mercedes Queixas Zas**

**Manuel Lourenzo Sobral**

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Rosana Pérez Fernández na data 07/01/2022 09:30:53**

**Mercedes Queixas Zas na data 07/01/2022 09:31:03**

**Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 07/01/2022 09:31:13**

CSV: BOPGDSPG-8egKxqH80-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/01/2022 09:34:45
Nº Rexistro: 27157
Data envio: 07/01/2022 09:34:45.956

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Rosana Pérez Fernández**, **Carme González Iglesias** e **Daniel Castro García**, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Máis unha vez volveu ocorrer. Despois de que na primeira semana deste mes de agosto o buque galego "Manuel Laura", con tripulación maioritaria da comarca do Morrazo, tivese que voltar do Gran sol a Vigo após detectárense varios casos de covid, é agora outro barco da mesma empresa armadora, o "Nuevo Confurco", quen se vén de atopar nunha situación semellante e, de novo, igual de lamentábel.

O "Nuevo Confurco", cun total de once tripulantes, cinco deles galegos do Morrazo e o resto africanos, atracou en Vigo o pasado día 12, despois de verse na obriga de interromper a súa marea no Gran sol por mor dun posíbel caso de covid a bordo. Todos estaban vacinados, agás un, o cal representa aínda un maior perigo en caso de covid a bordo, tanto para el como para o todos os demais.

Á súa chegada ao porto de Vigo tiveron que vivir a mesma incomprensíbel escena que xa sufrira o "Manuel Laura". Quen os agardaba era un reducido perímetro de seguridade e persoal da armadora. Máis tarde, si, fixo acto de presenza o presidente da Autoridade Portuaria, mais apenas para "quitarse a foto".

CSV: BOPGDSPG-8egKxqH80-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/01/2022 09:34:45
Nº Rexistro: 27157
Data envio: 07/01/2022 09:34:45.956

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

No lugar non había agardando ningún persoal sanitario, ninguén do SERGAS que lles puidese facilitar algún tipo de información sobre as pautas sanitarias a seguir dende ese momento e moito menos que lles indicase cal era o protocolo sanitario establecido nestes casos.

Após o seu atraque, foron varias horas as que se demorou a presenza de sanitarios. Un dos tripulantes foi evacuado e ingresado no hospital con pneumonía e aos restantes efectuóuselles PCRs.

Agardaron o resultado das mesmas durante horas -todos xuntos nun barco de 36 metros de eslora-, que finalmente revelou tres casos positivos e, sobre as 22:00 horas. do mesmo día 12, reciben o aviso de que non se lles permite saír do barco, que lles chega non a través do persoal do SERGAS senón do persoal da empresa armadora.

Esa prohibición obrigaba nada menos que a seguir convivindo a tres persoas contaxiadas co resto da tripulación san, dentro duns espazos reducidísimos, moitos deles comúns, sen camarotes de illamento e sen poder cumprir as distancias entre eles nin tomar ningunha outra medida anti covid con garantías.

Malia a negativa da tripulación a ficar nesas condicións, que supostamente foran ordenadas polo SERGAS, tiveron que pernoctar a bordo o día 12 e non se lles permitiu saír ata o día seguinte ás 15:00 horas, despois de pasar 27 horas convivindo sans e infectados e poñendo en grave risco a súa saúde e a súa vida.

Resulta indignante e claramente temerario que a esta altura, despois de máis de ano e medio de pandemia, os profesionais do mar continúen ao albur de decisións ilóxicas e distintas en cada momento, que siga sen existir un protocolo exhaustivo que permita marcar os pasos exactos a dar nestes casos e que se continúe a someter aos

CSV: BOPGDSPG-8egKxqH80-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/01/2022 09:34:45
Nº Rexistro: 27157
Data envio: 07/01/2022 09:34:45.956

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

mariñeiros a directrices que dependen do entender de persoas distintas, sanitarios ou non, en cada ocasión.

Nesas circunstancias, houbo ata tripulantes que se dirixiron por escrito ao SERGAS expoñéndolle as condicións nas que estaban e solicitándolle instrucións concretas. Aínda hoxe ese requirimento non foi respostado por ninguén.

A falla de interese e a deixadez das consellarías do Mar e de Sanidade respecto aos traballadores do mar é manifesta e despois de tanto meses as cousas seguen como ao principio: Falla de información, retrasos na atención, inexistencia de protocolos e, en definitiva, un abandono total á súa sorte.

O razoábel é que, ao igual que en terra, as persoas embarcadas dispoñan de pautas claras a seguir e de servizos sanitarios inmediatos que as asesoren con dilixencia e que, de ser necesario, lles permitan confinarse en establecementos ao efecto ou nas súas propias casas, illándoas entre si e doutras persoas ás que puidesen contaxiar. O sensato é facerlles un seguimento dende o primeiro momento e manter o contacto con eles ata a final do proceso e non seguir permitindo que cada buque, cada tripulante, cada caso sexa un “sálvese quen poida e como poida”.

As autoridades sanitarias e do Mar veñen amosando en todo este tempo unha despreocupación que roza a neglixencia e que lle está a custar moi cara aos mariñeiros e ás armadoras galegas, que ao único que aspiran é a ser tratados como o resto da cidadanía e a preservar a súa saúde e o seu medio de vida.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:



CSV: BOPGDSPG-8egKxqH80-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/01/2022 09:34:45
Nº Rexistro: 27157
Data envio: 07/01/2022 09:34:45.956

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Está disposta a Xunta de Galiza a poñer a disposición inmediata un protocolo de actuación claro e concreto a seguir en casos de covid-19 que equipare a información, os medios e as garantías sanitarias dos traballadores do mar con calquera outro traballador?

Santiago de Compostela, 7 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

**Carme González Iglesias**

**Daniel Castro García**

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Rosana Pérez Fernández na data 07/01/2022 09:33:38**

**María do Carme González Iglesias na data 07/01/2022 09:33:51**

**Daniel Castro García na data 07/01/2022 09:34:00**

CSV: BOPGDSPG-8egKxqH80-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/01/2022 09:36:49
Nº Rexistro: 27158
Data envio: 07/01/2022 09:36:49.345

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Rosana Pérez Fernández**, **Carme González Iglesias** e **Daniel Castro García**, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A Resolución do 26 de xullo, de Portos de Galiza, "pola que se aproba o levantamento da prohibición da práctica da pesca marítima de recreo en superficie en zonas de servizo portuarias e se aproba o procedemento de declaración responsábel para a súa práctica en portos dependentes da Comunidade Autónoma de Galiza", vén de poñer fin a case 50 anos de proscrición dunha actividade que, malia ás restricións, realizouse sempre en maior ou menor medida nos portos galegos.

Aínda non estando permitida a actividade nas instalacións portuarias, viña atraendo a miles de afeccionados aos distintos peiraos de todo o país, afluencia que en máis dunha ocasión ten causado liortas entre eles pola falla de espazo ou na busca do mellor lugar para a práctica da pesca de lecer.

A pandemia veu a agravar este problema de espazo ao non se poderen manter en todos os casos as distancias establecidas e, sobre todo nalgúns portos, as leas foron a máis e tamén os conflitos entre os afeccionados e os mariñeiros adicados á pesca profesional.

CSV: BOPGDSPG-8egKxqH80-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/01/2022 09:36:49
Nº Rexistro: 27158
Data envio: 07/01/2022 09:36:49.345

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A finais de 2020, as licenzas expedidas en Galiza para a pesca recreativa acadaban arredor das 80.000. Este volume, as circunstancias impostas pola pandemia, os conflitos que xa se remontaban ao 2017 e a detección de feitos en varias localidades onde algúns furtivos comercializaban as súas capturas, levaron á Consellaría do Mar a actuar en dúas frontes: Primeiro, despregando axentes gardacostas en distintos portos que expulsaron a numerosos pescadores dos peiraos e impoñendo sancións por incumprimento da Lei de Pesca de Galiza. E, despois, a anunciar publicamente que Portos estaba estudando a autorización "limitada" nos peiraos.

O 4 de febreiro deste ano debateuse unha proposición non de lei na Comisión de Pesca do Parlamento de Galiza, a iniciativa do Grupo Parlamentario Popular, onde se instaba á Xunta "a estudar e habilitar unha fórmula para facer compatíbel a autorización da práctica da pesca deportiva dende as dársenas portuarias, en condicións de seguridade, normalidade e sustentabilidade, e sempre que non se entorpezan os labores dos profesionais do mar e outras actividades propias dos portos". Dita proposición foi apoiada por todos os Grupos con representación no Parlamento galego, aínda sen coñecermos cal era a fórmula concreta que naquela altura xa estaba a barallar Portos de Galiza, que xa viña tendo contactos coas distintas federacións deportivas e asociacións dende o mes de novembro de 2020. Nomeadamente coa "Federación Gallega de Pesca Marítima Responsable (FEDPEMAR)", coa "Federación Gallega de Pesca y Cásting" e coa "Asociación Galega pola defensa da Pesca Recreativa-AGADPER".

Após varias reunións, e tamén varias mobilizacións de afeccionados reclamando volver aos portos, a finais do mes de xuño Portos de Galiza presenta o documento definitivo para a pesca recreativa nos portos de titularidade autonómica acordado coas distintas entidades asociativas. Nel, recollíase que dos 122 portos galegos, en 103 permitiríase o uso das canas, mais en 76 deles con restricións, acotando espazos



CSV: BOPGDSPG-8egKxqH80-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/01/2022 09:36:49
Nº Rexistro: 27158
Data envio: 07/01/2022 09:36:49.345

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

específicos para non interferir co traballo da pesca profesional. En 19 portos quedaba prohibida totalmente a pesca recreativa.

Segundo se informou, foron varios os criterios técnicos empregados para determinar a aptitude ou non dun peirao para a actividade da pesca de lecer: As dimensións da rada, o grao de uso por parte dos profesionais do mar, as zonas de aparcamento, as ubicacións das lonxas e das fábricas de xeo, os accesos, as escolleras, o tráfico de mercadorías, etc.

Tanto a Federación Galega de Pesca Marítima como a Asociación Galega para a Defensa da Pesca Recreativa cualificaron publicamente o documento como un bo punto de partida mais no que aínda cabían moitas melloras.

Finalmente, o DOG do pasado 6 de agosto autoriza a pesca recreativa en 107 portos galegos. En 79 deles permitirase en zonas especificamente habilitadas, en 28 non haberá restricións e en 15 queda totalmente prohibida, e establece unha serie de condicións aos interesados en practicala: Ademais de contar con licenza de pesca marítima recreativa en superficie, deben darse de alta na sede electrónica da Xunta cunha declaración responsábel, ter un seguro de responsabilidade civil e facer unha declaración xurada na que se comprometen a cumprir coas normas fixadas nas instalacións portuarias. Tamén deberán manter unha distancia de 5 mts. entre eles, levar só un acompañante e depositar os residuos que xeren fóra do porto.

O 7 de agosto, Portos de Galiza publica na súa páxina web os planos dos peiraos onde se pode pescar legalmente. Dende ese momento comeza unha nova “batalla” dos afeccionados provocada por consideraren que moitas das zonas habilitadas son absolutamente inaxeitadas e onde as condicións impostas son imposíbeis de cumprir, como a distancia entre pescadores ou a prohibición incomprensíbel de non poderen usar os contedores portuarios.



CSV: BOPGDSPG-8egKxqH80-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/01/2022 09:36:49
Nº Rexistro: 27158
Data envio: 07/01/2022 09:36:49.345

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Mais a principal polémica derívase das zonas que se habilitaron para a práctica da pesca de lecer. Zonas que en moitos casos son perigosas e inaccesíbeis, noutros onde xa non se ía porque non hai pesca, noutros son inútiles porque quedan en seco coa baixada da marea e noutros tantos onde os tramos son excesivamente pequenos e/ou inaxeitados.

As propias entidades que se reuniron varias veces cos representantes de Portos ao longo dos últimos meses recoñeceron que as zonas delimitadas non estaban acordadas con eles e, deste xeito, o malestar vai *in crescendo* e estendéndose a moitos puntos do país: Anuncios de recursos por parte de afeccionados e entidades, recollidas de sinaturas en contra das zonas, declaracións de alcaldes e alcaldesas que piden a renegociación da norma ...

En definitiva, un traballo de arredor de dez meses que Portos de Galiza vén de tirar pola borda ao non acordar co resto das partes o último extremo. O resultado é malestar, indignación, e creación de máis problemas que os que existían antes da publicación da norma.

Moitos afeccionados, e tamén as asociacións entenden que este non pode ser o punto final a un proceso de ordenación que era necesario mais que se estragou no seu remate. Cren firmemente en que é posíbel compatibilizar a actividade profesional coa de lecer e nese sentido están dispostos a propoñer e a alegar para que os criterios técnicos podan conxugarse co sentido común.

Mentres, Portos de Galiza e a propia Consellaría do Mar continúan a dar pasos totalmente erráticos e incomprensíbeis neste proceso, pasos que só levan á confusión e a acrecentar o malestar dos afectados, creando excepcións “ad hoc” para cada caso e promovendo, fóra da norma, pactos entre os distintos sectores.



CSV: BOPGDSPG-8egKxqH80-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/01/2022 09:36:49
Nº Rexistro: 27158
Data envio: 07/01/2022 09:36:49.345

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Evidentemente ese non é o camiño para a resolución dos problemas. As excepcións poden crear aínda máis agravios e, unha vez conseguido o obxectivo fundamental, levantar a prohibición da pesca de lecer en zonas portuarias, débese continuar traballando para acadar o maior consenso na totalidade da norma, de xeito que sexa de fácil aplicación posterior, provoque o menor número de problemas e prexuízos posíbel e garanta os mesmos dereitos e obrigas para todos aqueles a quen vai dirixida.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que actuacións vai levar a cabo a Xunta de Galiza para chegar a acordos co sector da pesca de lecer e mellorar as zonas habilitadas para a actividade nos peiraos da súa competencia?

Santiago de Compostela, 7 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

**Carme González Iglesias**

**Daniel Castro García**

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

CSV: BOPGDSPG-8egKxqH80-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/01/2022 09:36:49
Nº Rexistro: 27158
Data envio: 07/01/2022 09:36:49.345

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Daniel Castro García na data 07/01/2022 09:36:15**

**María do Carme González Iglesias na data 07/01/2022 09:36:20**

**Rosana Pérez Fernández na data 07/01/2022 09:36:29**

CSV: BOPGDSPG-8egKxqH80-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/01/2022 09:52:08
Nº Rexistro: 27159
Data envio: 07/01/2022 09:52:08.811

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Rosana Pérez Fernández**, **Carme González Iglesias**, **Paulo Ríos Santomé** e **Daniel Castro García**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O 26 de setembro do ano 2020, o buque "Cobija" -inicialmente de bandeira boliviana e logo somalí- fondea, coa correspondente autorización do goberno iemení, no porto Al Mukalla dese país. Dende ese momento, once meses despois, aínda permanece alí, agora retido, nunha situación que a día de hoxe resulta xa insostíbel.

A tripulación do barco eran 32 persoas: Un galego -o patrón Pablo Costas Villar, de Bueu-, un ruso, un peruano, 7 namibios, 4 senegaleses e 18 indonesios.

Sen entrar agora a cualificar e a valorar as razóns que os trouxeron ata aquí, o caso é que a esta altura, as extremas circunstancias nas que se atopan son públicas e perfectamente coñecidas pola sociedade e polas distintas autoridades: Despois de seren acusados por Australia de pesca ilegal e retidos en Al Mukalla, foron xulgados e condenados a tres meses de arresto, que xa cumpriron.

A única persoa que foi evacuada do barco foi o primeiro oficial, de nacionalidade rusa, despois de poñerse en contacto co seu consulado. Nomeadamente, o patrón galego está a vivir un auténtico calvario, pois ao progresivo deterioro do buque e do seu aparataxe, á falla de hixiene, atención médica, e mesmo alimentos e auga,

CSV: BOPGDSPG-8egKxqH80-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/01/2022 09:52:08
Nº Rexistro: 27159
Data envio: 07/01/2022 09:52:08.811

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

súmase a inoperatividade manifesta do Ministerio de Asuntos Exteriores e Cooperación (MAEC) español.

Isto demóstrao, entre outros, o feito de que representantes indonesios e senegaleses xa se teñen desprazado a Al Mukalla para interesarse persoalmente polos seus concidadáns e facer as xestións para a súa evacuación, mentres os representantes españois (Consulado en Riad-Arabia Saudí, Consulado en Mascate-Ománe Dirección Xeral de Españois no Exterior e Asuntos Consulares do MAEC) limitáronse ata o de agora apenas a facer chamadas telefónicas e a desembarazarse do caso mesmo recomendándolle ao patrón que buscase pola súa conta un avogado e un tradutor. Aínda agora continúan agardando impasíbeis á celebración dun novo e cuestionábel xuízo á tripulación, nun país inmerso nun conflito bélico, sen as mínimas garantías mesmo dende o punto de vista humanitario.

As distintas declaracións públicas dende o MAEC sobre o suposto contacto permanente que manteñen con Pablo Costas Villar quedan tamén en evidencia ao seren desmentidas polo propio patrón e negadas rotundamente polos seus representantes e pola súa familia confirmando que, nos últimos días e malia á situación de emerxencia humanitaria na que se atopan, non recibiron comunicación algunha do Ministerio.

Mais non é só a insuficiente atención e falla de comunicación por parte do goberno do Estado, ao que Pablo Costas Villar xa lle ten solicitada a súa repatriación. Resulta tamén verdadeiramente chamativo o silencio absoluto por parte das autoridades galegas e a súa falla de pronunciamento e apoio público a un concidadán seu para o que toda axuda e alento son poucos nestes momentos.

Descoñecemos as actuacións, se as houbo, levadas a cabo polo goberno galego para tratar de impulsar e facilitar a saída de Iemen do patrón galego do “Cobija”.



CSV: BOPGDSPG-8egKxqH80-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/01/2022 09:52:08
Nº Rexistro: 27159
Data envio: 07/01/2022 09:52:08.811

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Tampouco se houbo cando menos contacto e apoio á súa familia, da que xa permanece separado dende hai dous anos.

Nas últimas semanas, nas que as repercusión públicas deste caso están a impactar aos profesionais do mar e á cidadanía galega en xeral, o seu goberno continúa ausente, amosando unha clamorosa falla de interese por un traballador galego, profesional do mar dende hai máis de 33 anos, pola súa familia e pola gravísima situación que están a vivir.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que actuacións levou, e vai levar, a cabo a Xunta de Galiza para tratar de poñer fin á situación de emerxencia humanitaria que está a vivir en Iemen o patrón galego do "Cobija", Pablo Costas Villar?

Santiago de Compostela, 7 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

**Paulo Ríos Santomé**

**Carme González Iglesias**

**Daniel Castro García**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

CSV: BOPGDSPG-8egKxqH80-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/01/2022 09:52:08
Nº Rexistro: 27159
Data envio: 07/01/2022 09:52:08.811

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**Rosana Pérez Fernández na data 07/01/2022 09:51:24**

**Paulo Ríos Santomé na data 07/01/2022 09:51:28**

**María do Carme González Iglesias na data 07/01/2022 09:51:33**

**Daniel Castro García na data 07/01/2022 09:51:41**

CSV: BOPGDSPG-8egKxqH80-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/01/2022 10:23:31
Nº Rexistro: 27160
Data envio: 07/01/2022 10:23:31.603

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Rosana Pérez Fernández, Carme González Iglesias** e **Daniel Castro García**, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre actuación da Xunta de Galiza diante da denegación de auxilio ao buque 'Manuel Laura' en Irlanda.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O buque ‘Manuel Laura’, de capital galego aínda que de bandeira británica, cunha tripulación que, na meirande parte, procede da comarca de O Morrazo, tivo que voltar a Vigo após detectarse varios casos de Covid-19 a bordo e tentar atracar en Irlanda, onde ao mariñeiros denegóuselle o auxilio debido e unha axeitada atención médica.

Este sorprendente feito por parte das autoridades irlandesas, ademais de vulnerar flagrantemente o Regulamento Sanitario Internacional, puxo en risco a vida da tripulación que tiveron que agardar toda a travesía de volta ata chegar de novo a Galiza para ser atendidos.

A tripulación do ‘Manuel Laura’ fora vacinada días antes de que o barco zarpara, non entanto, un dos seus tripulantes comezou a sentir molestias en canto chegaron ao Gran Sol. Diante deste feito, o buque púxose en contacto co Centro Radio Médico de Madrid, tal e como establece o protocolo, e dirixíronse ao porto máis preto de Castletownbere, en Irlanda, onde tiveron que aturar unha total falla de atención. É máis,

CSV: BOPGDSPG-8egKxqH80-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/01/2022 10:23:31
Nº Rexistro: 27160
Data envio: 07/01/2022 10:23:31.603

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

recibiron presións e ameazas dirixidas a conseguir que o barco saíra do porto e puxera novamente rumbo a Galiza.

Primeiro, deixaron claro que non había ambulancias dispoñíbeis nin taxis para casos Covid, mentres se negaban a prestar a debida asistencia médica, que se limitou a que unha enfermeira subira a bordo para efectuar unha PCR, o cal confirmou que se trataba dun caso positivo de Covid-19.

A total denegación de auxilio obrigou ao barco a saír de novo ao mar e poñer rumbo a Vigo, incumpríndose así o Regulamento Sanitario Internacional, que estipula claramente que un barco afectado por unha amenza de enfermidade contaxiosa, que pon en risco á tripulación, non debe saír do porto.

Esta falla de atención a mariñeiros galegos no estranxeiro diante de gromos de Covid a bordo non é un caso illado. Así, xa se teñen vivido outras situacións semellantes en barcos que faenaban nas Malvinas e que tiveron que pedir auxilio en Brasil ou Uruguai. Mais nestes casos, as autoridades locais non negaron a asistencia e non permitiron que os barcos saíran do porto ata que non sandaran os enfermos ou foran trasladados a hospitais.

Coa súa actuación, as autoridades irlandesas, país membro da Unión Europea, puxo en risco a vida dos mariñeiros ao negarlle unha asistencia sanitaria e obrigar ao buque a abandonar o porto. Negar a atención vai en contra da normativa europea e internacional, polo que deben esixirse responsabilidades e realizar as investigación sobre os motivos que xustificaron esta actuación neglixente por parte das autoridades de Irlanda.

CSV: BOPGDSPG-8egKxqH80-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/01/2022 10:23:31
Nº Rexistro: 27160
Data envio: 07/01/2022 10:23:31.603

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á súa chegada a Vigo, o pasado martes, eran xa nove os tripulantes con síntomas e febre alta, e finalmente confirmáronse sete positivos. Tres foron evacuados ao hospital 'Álvaro Cunqueiro' de Vigo e o resto permanecen confinados no propio barco.

Mais tampouco á súa chegada ao porto de Vigo foron atendidos como se require nestes casos. Atracaron arredor das 16,00 h. no Berbés, nun atraque cun perímetro de seguridade establecido pola policía portuaria que, xunto coa garda civil e persoal da armadora do buque eran os únicos que os agardaban. Non había ningún persoal sanitario presente nin ningunha ambulancia.

A única información coa que contaba a policía portuaria era que o barco tiña autorización de atraque. A garda civil tan só ten un correo emitido por Sanidade Exterior que lle indica que o buque atracará con tripulantes con Covid, mais sen ningunha información do protocolo sanitario.

A primeira ambulancia chegou ao lugar case dúas horas despois e á técnica sanitaria indícanlle dende a central que a valoración ten que facela un doutor, polo que hai que agardar a que chegue a UVI móbil, que non chegou ata máis dunha hora despois de chegar a primeira ambulancia.

A descoordinación foi, pois, evidente e os retrasos provocados por esta, tamén, producíndose novos riscos para os mariñeiros afectados, sobre todo aqueles que estaban máis graves.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

CSV: BOPGDSPG-8egKxqH80-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/01/2022 10:23:31
Nº Rexistro: 27160
Data envio: 07/01/2022 10:23:31.603

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Que actuacións levou a cabo a Xunta de Galiza dende o momento en que foi coñecedora da situación de denegación de auxilio por parte das autoridades irlandesas á tripulación do buque 'Manuel Laura' afectada de Covid-19?

Santiago de Compostela, 7 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

**Carme González Iglesias**

**Daniel Castro García**

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Daniel Castro García na data 07/01/2022 10:22:33**

**María do Carme González Iglesias na data 07/01/2022 10:22:37**

**Rosana Pérez Fernández na data 07/01/2022 10:22:46**

CSV: BOPGDSPG-8egKxqH80-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/01/2022 11:49:40
Nº Rexistro: 27169
Data envio: 07/01/2022 11:49:40.177

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Xosé Luis Rivas Cruz**, **María González Albert** e **Carmen Aira Díaz,** deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O descenso continuado da poboación equina dos chamados garranos, que viven en liberdade nos montes galegos, está creando un serio problema en canto á biodiversidade pola perda de recursos xenéticos desta especie, adaptada aos pastos comunais do noso territorio desde tempos ancestrais, e pola acción do pastoreo nos hábitats onde se desenvolven este animais. Trátase dun animal racialmente diverso, sempre especialmente adaptado ás condicións de vida moitas veces extremas das serras de Galiza.

Galiza é reserva do Garrano, o único cabalo salvaxe que queda en Europa.

O declive desta especie e o do hábitat que lle corresponde por dereito propio desde o Pleistoceno, vese agravado nos últimos tempos pola perda de peso do tradicional e, por se non ter feito unha transición consecuente coa súa condición que dirixida e cuberta polas Administracións recuperase plenamente o papel de conservación da biodiversidade que conforman el e o seu hábitat, podendo así preservar a súa permanencia en plenitude de funcións e riqueza cultural e natural.



CSV: BOPGDSPG-8egKxqH80-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/01/2022 11:49:40
Nº Rexistro: 27169
Data envio: 07/01/2022 11:49:40.177

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Porque intimamente ligados ao seu aproveitamento polo ser humano están a permanencia dos brezais ( queirogas, uceiras, carpaceiras...), das turbeiras de coberteira, da loita contra dos incendios ao controlaren a biomasa, do equilibrio do lobo e da permanencia da dondeza da nosa vella e amable orografía.

Ten, pois, moito a ver coa paisaxe, coa biodiversidade e cun feito único no mundo: a conservación dunha especie singular, nun hábitat singular cunha actividade singular, a de besteiro. Non hai lugar no planeta que conserve équidos en estado salvaxe, adaptados a un territorio que aínda lles é propio, nun número xeneroso, que rondou os 20.000 exemplares a finais do século pasado.

A propia existencia e o aproveitamento dos recursos, crinas e carne, na actualidade non xera beneficios abondo e así, o mundo moderno, os mercados que todo o ordenan, mandan cruces para aumentar o seu tamaño e o seu rendemento cárnico sen caer na conta que este feito leva a outras esixencias coma pastos artificiais pois o garrano auténtico, sufrido e pouco esixente (adaptado aos brezais e ao toxo) ao aumentar de tamaño debilítase e pasa a ser presa fácil do lobo. E, ao tempo, a paisaxe e as turbeiras degrádanse converténdose todo nun despropósito cunha rendibilidade mínima nun aproveitamento ridículo.

Outro tanto acontece cando estes montes conservados ao longo de milenios pasan a ser proxectos forestais nese ardor forestalista que confunde monte con arboredo e que nega a multifuncionalidade e a sostenibilidade dos espazos que marcaron e marcan a nosa idiosincrasia lograda a por de anos, paciencia e simbiose equilibrada entre o físico e a vida, especie humana incluída.



CSV: BOPGDSPG-8egKxqH80-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/01/2022 11:49:40
Nº Rexistro: 27169
Data envio: 07/01/2022 11:49:40.177

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Non debemos esquecer que cada garrano consome unhas 2,5 toneladas anuais de toxo reducindo notablemente a densidade de biomasa, e abrindo espazos que favorecen ao coello, á lebre, reptís…

Unha vez máis os mandatos de Europa, optando por unha das interpretacións posibles da norma, a máis gravosa para os besteiros, levou ao chipeado e á deturpación da realidade.

Mais non nos equivoquemos, non se trata de cabalos salvaxes propiamente dito. A maior parte teñen dono e vagan en liberdade controlada por terreos privados. É gando. Unha singular e ancestral forma de gandaría en réxime de "liberdade controlada" que deixou de ter interese económico e que sucumbe ante o declive do rural e falta de relevo xeracional.

No seu declive, eses montes que pacen e limpan pasan a seren aproveitados para plantar eucaliptos que garanten unha renda con pouco esforzo. A Administración, sabendo todo isto, nada fai por remedialo e permanece impasible facilitando o camiño ás eólicas, mineiras e pasteiras.

E así, tendo a quen lle botar a culpa (o lobo é o culpable fácil desta acusada desaparición ), o goberno galego olla para outro lado e cumpre con dous cometidos, un, eludir responsabilidades e outro limpar de obstáculos a penetración de aproveitamentos mineiros, eólicos ou madeireiros, errando nas súas políticas, por unha incompleta análise de tódolos factores que entran en xogo, ao posicionarse claramente a favor de intereses de terceiros.

Desde a normativa de 2.009 e o DECRETO 142/2012, do 14 de xuño, polo que se estableceron normas de identificación e ordenación zoosanitaria dos animais equinos en Galiza, quedaron un bo número de greas sen regularizar creando unha situación



CSV: BOPGDSPG-8egKxqH80-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/01/2022 11:49:40
Nº Rexistro: 27169
Data envio: 07/01/2022 11:49:40.177

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

curiosa, pois unha vez máis o feito de ignorar a realidade lévanos á existencia de gando clandestino que todo o mundo sabe que existe, que é caldo de cultivo para os cuatreiros que actúan en toda Galiza, pero ninguén fai nada por remediar razoablemente esa situación.

Nese tempo o chipeado valía tanto coma o animal no mercado.

Mentres tanto gando e besteiros van desaparecendo, e a Administración bota as culpas a quen non as ten.

A investigadora Laura Lagos, que documentou por varias veces a desaparición de camadas enteiras en períodos moi curtos de tempo, afirma: *" Na miña tese doutoral deixei probado que a depredación do lobo non supera o 50% das novas crías. Nalgunhas zonas de Galiza a outra metade desaparece case da noite para a mañá por unha evidente intervención humana. Non existe outro predador posible*".

Pois é. Houbo membros de Comunidades de Montes e propietarios doutros concellos que no seu día non quixeron regularizar os seus animais nin no REGA nin no chipeado e que foron vendo mermar ou desaparecer por completo as súas bestas. Neste proceso interviron redes clandestinas e individuos que exerceron de verdadeiros "cuatreiros" dando saída para carne ou para engrosar outras greas noutros montes mesmo en Portugal onde a actividade gozaba de mellor saúde.

O deterioro foi manifesto, as greas foron esnaquizándose en pequenos grupos cada vez máis vulnerables tanto fronte ao lobo coma aos roubos.

A identificación por medio de chipeado, os farragosos trámites para rexistrar unha explotación en terreos forestais e demais atrancos institucionais están levando á



CSV: BOPGDSPG-8egKxqH80-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/01/2022 11:49:40
Nº Rexistro: 27169
Data envio: 07/01/2022 11:49:40.177

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

morte unha actividade que debera ser protexida e mimada pola Administración e por extensión pola sociedade en xeral.

Porque do que se trata é de modificar o decreto 142/2012, do 14 de xuño para excepcionar da obriga de identificación con transpondedor electrónico ós garranos que viven en condicións silvestres ou semisilvestres en espazos abertos das serras de Galiza, facer unha normativa razoable que atenda á realidade e modifique tamén o Decreto (que desenvolve a Lei de Montes de Galiza) simplificando ao máximo a burocracia no trámite de inscrición de aproveitamentos gandeiros.

Definir un modelo de ordenación e incentivar a actividade redundará sen dúbida en beneficio da sociedade ao contemplar**, coa debida responsabilidade**, a protección de bestas e besteiros que na súa contribución ao monte, á preservación do territorio e da súa biodiversidade na defensa contra do lume e na permanencia das turbeiras e demais espazos singulares, compren inequivocamente un labor que vai máis alá da explotación dun recurso que tradicionalmente eran crinas, carne e animais de traballo.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Cre este goberno que valora na súa xusta medida a importancia da existencia dos garranos e besteiros e a necesidade de orientar a súa actividade e aproveitamento cara a outros escenarios diferentes aos que tradicionalmente viñan sendo?

Santiago de Compostela, 7 de xaneiro de 2022

CSV: BOPGDSPG-8egKxqH80-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/01/2022 11:49:40
Nº Rexistro: 27169
Data envio: 07/01/2022 11:49:40.177

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

**María González Albert**

**Carmen Aira Díaz**

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Xosé Luis Rivas Cruz na data 07/01/2022 11:45:37**

**María González Albert  na data 07/01/2022 11:45:41**

**María del Carmen Aira Díaz  na data 07/01/2022 11:45:52**

CSV: BOPGDSPG-8egKxqH80-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/01/2022 12:06:15
Nº Rexistro: 27171
Data envio: 07/01/2022 12:06:15.923

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Montserrat Prado Cores, Iria Carreira Pazos** e **Olalla Rodil Fernández**, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativa ás medidas a tomar para a anticipación na loita contra a Covid 19.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Case dous anos despois de que a OMS declarara a situación de pandemia global causada polo coronavirus SARS-CoV 2 segue sendo unha prioridade a loita conta o mesmo. Estamos inmers@s na sexta onda de contaxios, coa incidencia da pandemia subindo en todos os parámetros, tanto de contaxios, hospitalizacións e persoas en UCI.

Saltan de novo as alarmas a nivel mundial coa nova variante ónicrom. Non somos compartimentos estancos, canto máis se propague o virus, maior é a posibilidade de que se produzan mutacións. A rápida extensión das novas variantes fai preciso extremar as medidas de detección e seguimento das mesmas. A detección precoz resulta crucial para deseñar estratexias de contención efectivas.

A vacinación da poboación é fundamental, mais non suficiente, estar vacinad@s non impide infectarse ou contaxiar.

Se algo nos ensinou a Covid 19 é que hai que seguir alerta, que non se pode baixar a garda e polo tanto é fundamental ter capacidade para detectar a presenza de virus, bacterias ou outros patóxenos para anticiparse a ameazas ou pandemias futuras. A detección de novas variantes só é posíbel mediante secuenciación xenómica viral para o



CSV: BOPGDSPG-8egKxqH80-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/01/2022 12:06:15
Nº Rexistro: 27171
Data envio: 07/01/2022 12:06:15.923

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

que é preciso aumentar a capacidade e velocidade de secuenciación, é imprescindíbel contar con máis laboratorios especializados, comprar máis equipos, establecer novos procedementos e formar máis persoal. É preciso a sistematización dun elemento fulcral para a loita contra Covid como é a localización e seguimento de positivos e contactos.

A vixilancia e posición activa e intensa permite a detección temperá, e en maior número e isto permite salvar vidas. Nesta tarefa ter unha atención primaria ben dotada é fundamental non é posíbel atender unha situación excepcional como a actual sen máis recursos, obrigando @s profesionais a traballar en primeira liña de defensa contra a Covid-19, facendo seguimento dos centos de persoas que pasan a enfermidade nos seus domicilios, atendendo as patoloxías ordinarias, crónicos...con déficits de persoal e cada vez máis esgotad@s.

Tamén é unha evidencia que diante da pandemia mundial orixinada pola COVID-19 é preciso garantir que todas as persoas teñan acceso aos produtos médicos, de protección, medicamentos e vacinas existentes para a loita contra a COVID-19, e salvar o máximo de vidas humanas. Hai que garantir á accesibilidade aos mesmos, a equidade na distribución. Estamos diante dunha pandemia global que precisa actuacións globais, porque en tanto non exista unha protección a nivel mundial non lle ganaremos a batalla ao virus.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Cal é a planificación da Xunta de Galiza para anticiparse á Covid 19 e deter a cadea de contaxios da nova onda da COVID-19 ?

Santiago de Compostela, 7 de xaneiro de 2022



CSV: BOPGDSPG-8egKxqH80-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/01/2022 12:06:15
Nº Rexistro: 27171
Data envio: 07/01/2022 12:06:15.923

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

**Olalla Rodil Fernández**

**Iria Carreira Pazos**

Deputadas do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Iria Carreira Pazos na data 07/01/2022 12:05:23**

**Olalla Rodil Fernández na data 07/01/2022 12:05:26**

**María Montserrat Prado Cores na data 07/01/2022 12:05:34**

CSV: BOPGDSPG-8egKxqH80-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/01/2022 12:09:33
Nº Rexistro: 27173
Data envio: 07/01/2022 12:09:33.904

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Montserrat Prado Cores, Iria Carreira Pazos** e **Olalla Rodil Fernández**, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre necesidade de repoñer a atención pediátrica nos centros de saúde de Meis, Meaño, Ribadumia e Illa de Arousa.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os recortes que a Xunta de Galiza leva doce anos aplicando en materia de sanidade provocaron un deterioro continuado do sistema sanitario público. A COVID 19, puxo de relevo esa situación, e que precisamos un sistema sanitario público forte, cunha Atención Primaria reforzada como clave de bóveda, sen recortes, que permita responder ás necesidades de saúde da poboación e na que o persoal sanitario conte con recursos para que as persoas doentes poidan recibir a atención que precisan en cada momento e estar ben dimensionado para abordar as emerxencias sanitarias cando xurdan

Dentro dos recortes, o persoal é dos principais afectados, sendo sistemática a redución de profesionais, o que significa maior carga de traballo e que a calidade asistencial tamén se vexa afectada.

Neste contexto o Partido Popular está aproveitando a pandemia ocasionada pola Covid 19 para deteriorar aínda máis a calidade asistencial da veciñanza da comarca do Salnés, para seguir afastando a asistencia da poboación, recortar servizos, poñendo dificultades para acceder á asistencia sanitaria.



CSV: BOPGDSPG-8egKxqH80-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/01/2022 12:09:33
Nº Rexistro: 27173
Data envio: 07/01/2022 12:09:33.904

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A comarca do Salnés está sendo un claro exemplo das deficiencias da atención pediátrica @s nos@s nen@s. Aproveitando a situación de pandemia a Xunta eliminou a atención pediátrica nos centros de saúde da Illa de Arousa, Ribadumia, Meis e Meaño. @s nen@s destes concellos pasaron de ter atención pediátrica todos os días nos seus centros de saúde a non tela nin un só día. Para recibir asistencia, caso da Illa de Arousa e Ribadumia, teñen que ir ao centro de saúde de Cambados, onde no mellor dos casos habilitan axenda un par de días pola tarde. No caso de Meis e Meaño teñen que desprazarse a Portonovo.

O Sergas, o PP, tomou a decisión de deixar reducida á mínima expresión o servizo de pediatría, nun claro exemplo da lamentable xestión e da precariedade á que están a levar os servizos sanitarios públicos de atención primaria.

No BNG temos claro que non se pode permitir esta discriminación da Xunta no acceso ao servizo de pediatría simplemente por vivir no rural, non pode haber nen@s de primeira e de segunda, @s nen@s de Meis, Meaño, Ribadumia e a Illa de Arousa teñen dereito a asistencia sanitaria pediátrica de calidade. Teñen dereito á asistencia polos profesionais especialistas en pediatría. Si existe a especialidade é porque nenas e nenos teñen especificidades propias, non son adultos en pequeniño.

Ao mesmo tempo tras o inicio da pandemia orixinada pola COVID-19 a Xunta tomou tamén a decisión de pechar os consultorios de Paradela no concello de Meis e o de Vilaxoán en Vilagarcía. Que a día de hoxe seguen pechados. O motivo alegado foi que nestes centros era difícil poñer en práctica as medidas de protección para evitar o contaxio polo virus tanto de profesionais como de doentes, en especial a imposibilidade de establecer circuítos diferenciados para persoas con patoloxías habituais e as respiratorias.



CSV: BOPGDSPG-8egKxqH80-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/01/2022 12:09:33
Nº Rexistro: 27173
Data envio: 07/01/2022 12:09:33.904

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Non caben máis escusas, 20 meses despois de iniciada a pandemia é tempo de abondo para ter posto en marcha os medios para que prestar a atención nos consultorios sexa segura, obras, máis limpeza, medidas organizativas...

O permanencia do peche dos consultorios, ademais de non ter ningunha xustificación máis que o recorte sanitario, causarlle prexuízos económicos e de mobilidade á veciñanza e en moitos casos supón o esmorecemento da actividade económica e social que se desenvolvía nas zonas onde estaban asentados.

A saúde é un dereito fundamental, e para que a atención sanitaria que se preste sexa de calidade, é preciso contar co persoal necesario, non hai asistencia sanitaria sen profesionais suficientes que a presten.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Considera a Xunta de Galiza que eliminando a atención pediátrica nos centros de Saúde de Meis, Meaño, Ribadumia e Illa de Arousa e os consultorios de Paradela e Vilaxoán a poboación está a recibir unha atención sanitaria de calidade?

Santiago de Compostela, 7 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

**Iria Carreira Pazos**

**Olalla Rodil Fernández**

Deputadas do G.P. do BNG



CSV: BOPGDSPG-8egKxqH80-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/01/2022 12:09:33
Nº Rexistro: 27173
Data envio: 07/01/2022 12:09:33.904

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**Iria Carreira Pazos na data 07/01/2022 12:08:48**

**Olalla Rodil Fernández  na data 07/01/2022 12:08:52**

**María Montserrat Prado Cores  na data 07/01/2022 12:09:00**

CSV: BOPGDSPG-8egKxqH80-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/01/2022 12:14:36
Nº Rexistro: 27175
Data envio: 07/01/2022 12:14:36.586

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Montserrat Prado Cores, Iria Carreira Pazos** e **Olalla Rodil Fernández**, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativa ás medidas a tomar para a reapertura dos consultorios pechados desde o inicio da pandemia pola Covid 19.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Tras o inicio da pandemia orixinada pola COVID-19 a Xunta tomou a decisión de pechar centros de saúde, e de xeito especial os consultorios. O motivo alegado foi que nestes centros era difícil poñer en práctica as medidas de protección para evitar o contaxio polo virus tanto de profesionais como de doentes, en especial a imposibilidade de establecer circuítos diferenciados para persoas con patoloxías habituais e as respiratorias.

Esta medida foille aplicada á practica totalidade dos máis de 90 consultorios existentes en Galiza, de xeito que desde que se decretou o estado de alarma, en marzo de 2020, son miles as galegas e galegos que deixaron de recibir asistencia sanitaria nos mesmos.

O BNG súmase á preocupación da veciñanza ao ver como pasan os meses e o que se podía entender como unha medida de urxencia, todo indica que o Sergas quere convertela en definitiva, toda vez que non ofrece alternativas para a reapertura.

CSV: BOPGDSPG-8egKxqH80-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/01/2022 12:14:36
Nº Rexistro: 27175
Data envio: 07/01/2022 12:14:36.586

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Non caben máis escusas, 20 meses despois de iniciada a pandemia é tempo de abondo para ter posto en marcha os medios para que prestar a atención nos consultorios sexa segura, obras, máis limpeza, medidas organizativas...

O Partido Popular está aproveitando a pandemia ocasionada pola Covid 19 para seguir afastando a asistencia da poboación, recortar servizos, poñendo dificultades para acceder á asistencia sanitaria.

O permanencia do peche dos consultorios, ademais de non ter ningunha xustificación máis que o recorte sanitario, causarlle prexuízos económicos e de mobilidade á veciñanza e en moitos casos supón o esmorecemento da actividade económica e social que se desenvolvía nas zonas onde estaban asentados.

A Atención Primaria foi unha das áreas máis prexudicadas pola política de recortes orzamentarios dos últimos doce anos, e a actuación do Partido Popular vai na mesma liña, e para exemplo os orzamento da Xunta para 2022, onde as partidas destinadas a Atención Primaria vense reducidas aínda máis.

É fundamental dotar a Atención Primaria dos recursos orzamentarios, materiais e humanos suficientes para enfrontar, coa máxima calidade asistencial e garantías, a nova situación.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Vai reactivar o Sergas a atención sanitaria presencial nos consultorios de Galiza?

CSV: BOPGDSPG-8egKxqH80-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/01/2022 12:14:36
Nº Rexistro: 27175
Data envio: 07/01/2022 12:14:36.586

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 7 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

**Olalla Rodil Fernández**

**Iria Carreira Pazos**

Deputadas do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Iria Carreira Pazos na data 07/01/2022 12:13:42**

**Olalla Rodil Fernández na data 07/01/2022 12:13:46**

**María Montserrat Prado Cores na data 07/01/2022 12:14:05**

CSV: BOPGDSPG-8egKxqH80-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/01/2022 12:18:26
Nº Rexistro: 27177
Data envio: 07/01/2022 12:18:26.925

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Montserrat Prado Cores, Manuel Lourenzo Sobral** e **Luis Bará Torres**, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre as medidas a tomar para restituír a Unidade de Prevención do Suicidio da Área Sanitaria Pontevedra-Salnés e aumentar os recursos para a atención á saúde mental.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Área Sanitaria Pontevedra-Salnés é un claro exemplo da situación de abandono á que a Xunta de Galiza ten sometida a atención á saúde mental.

Unha área formada por 27 concellos e que ten que dar asistencia a máis de 300.000 persoas só conta, fóra da atención hospitalaria con 3 unidades de saúde mental de adultos e unha infanto-xuvenil, todas saturadas.

As tres unidades saúde mental de adultos, Vilagarcía, Lérez e Mollabao teñen unha carga asistencial moi elevada e escaseza de persoal crónica.

A unidade infanto- xuvenil  situada na Parda está permanentemente saturada, con axendas desbordadas. As citas a maiores da axenda inicial danse continuamente, ademais de urxencias e chamadas telefónicas. As primeiras citas demoran 2/3 meses. As sucesivas como non computan para as estatísticas, porque a Xunta só publica as esperas para a primeira, son escandalosas: para psicólogos de 6/7 meses e de psiquiatría dun ano, ou pasan directamente ao buzón e xa chamarán.



CSV: BOPGDSPG-8egKxqH80-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/01/2022 12:18:26
Nº Rexistro: 27177
Data envio: 07/01/2022 12:18:26.925

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Hai uns meses crearon unha Unidade de Atención ao Suicidio con 1 psiquiatra e 2 psicólogas, que prestaba atención 3 días á semana no Centro de Saúde da Parda e 2 no hospital do Salnés.

Acabamos de coñecer que só pasados uns mesas xa a pechan, e que as persoas que estaban sendo atendidas son derivadas ás Unidades de Saúde Mental, que están máis que saturadas.

Ao mesmo tempo, tamén se nos traslada información de que diante da saturación das Unidades de Saúde Mental, moitas mulleres e nenas, que precisan do atención psicolóxica son derivadas aos Centros de Información da Muller, CIM, en procesos que nada teñen a ver cos temas que teñen por obxectivo tratar estes centros, o que consideramos inaceptábel.

Toda esta falta de atención tradúcese nun drama para as persoas doentes, para as familias e para os seus entornos. As que poden acoden á sanidade privada e as que non, sinxelamente quedan tiradas.

Desde o ámbito sanitario están a alertar do aumento do número de suicidios, sendo especialmente grave entre a xente nova. En Galiza quitáronse a vida 307 persoas no último ano, temos a de maior taxa de suicidios do Estado, 13% por 100 mil habitantes, fronte ao 7,79 %. Os servizos de psiquiatría son dos de máis lista de espera no Sergas, segundo a propia información deste, en xuño deste ano eran 7020 persoas as que agardaban por unha primeira consulta. As consultas de seguimento tardan meses

Con esta situación e estes datos é imprescindíbel tomar medidas, actuar sen máis demoras. A Xunta, o PP, ten que tomarse a serio o problema e na vez de anuncios ten que tomar medidas reais, porque detrás das estatísticas están persoas que sofren.

CSV: BOPGDSPG-8egKxqH80-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/01/2022 12:18:26
Nº Rexistro: 27177
Data envio: 07/01/2022 12:18:26.925

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

É inaceptábel que canta máis magnitude alcanzan os problemas de saúde mental, máis dificultades de acceso á atención teñan as persoas doentes.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Cal é a valoración da Xunta de Galiza da atención á saúde mental que está a recibir a poboación da Área Sanitaria Pontevedra-Salnés?

Santiago de Compostela, 7 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

**Manuel Lourenzo Sobral**

**Luis Bará Torres**

Deputada e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Xosé Luis Bará Torres na data 07/01/2022 12:17:45**

**Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 07/01/2022 12:17:49**

**María Montserrat Prado Cores na data 07/01/2022 12:17:56**

CSV: BOPGDSPG-8egKxqH80-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/01/2022 13:27:21
Nº Rexistro: 27182
Data envio: 07/01/2022 13:27:21.721

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Luis Bará Torres, Manuel Lourenzo Sobral, Montserrat Prado Cores** e **Iria Carreira Pazos**, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Xunta de Galiza ven de modificar desde comezos de ano o Plan Funcional do Centro de Saúde de Caldas, deixando ao PAC sen un dos facultativos en horario de tarde de luns a venres, polo que o servizo de urxencias extrahospitalarias contará con un único médico/a para atender as máis de 21.000 persoas dos concellos de Caldas, Portas, Moraña e Cuntis.

Trátase dunha decisión irresponsábel e que pode ter graves consecuencias, xa que o centro médico quedará desatendido cada vez que o único médico/a teña que facer unha saída, o cal se produce con frecuencia. A situación do PAC de Caldas non era a ideal antes desta modificación, pois requería da dotación dunha praza de enfermería máis en para funcionar con dous equipos completos. Sen embargo, no canto de completar este segundo equipo e mellorar a sanidade pública da comarca de Caldas, o SERGAS elixiu unha vez máis o camiño dos recortes e do desmantelamento, deixando aos máis de 21.000 veciños e veciñas que atende este PAC con un servizo claramente insuficiente.

Cabe destacar que estes recortes prodúcense precisamente nun momento no que a pandemia do coronavirus está a rexistrar unhas cifras de contaxios nunca antes vistas,



CSV: BOPGDSPG-8egKxqH80-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/01/2022 13:27:21
Nº Rexistro: 27182
Data envio: 07/01/2022 13:27:21.721

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

e no que é precisamente a atención primaria a encargada de diagnosticar, atender e facerlle o seguimento a estes pacientes.

Decisións deste tipo o que fan é someter o persoal a maiores cotas de traballo e estrés, incrementar a presión nas urxencias hospitalarias e derivar cada vez máis persoas á sanidade privada, verdadeira razón non confesada das políticas de recortes de persoal aplicadas na atención primaria na última década.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Ten previsto o goberno galego repoñer o facultativo suprimido no PAC de Caldas e completar o cadro de persoal para que conte con dous equipos completos?

Santiago de Compostela, 7 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Luis Bará Torres**

**Montserrat Prado Cores**

**Iria Carreira Pazos**

**Manuel Lourenzo Sobral**

Deputados e deputadas do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

CSV: BOPGDSPG-8egKxqH80-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/01/2022 13:27:21
Nº Rexistro: 27182
Data envio: 07/01/2022 13:27:21.721

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Xosé Luis Bará Torres na data 07/01/2022 13:24:49**

**María Montserrat Prado Cores na data 07/01/2022 13:24:54**

**Iria Carreira Pazos na data 07/01/2022 13:25:43**

**Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 07/01/2022 13:25:52**

CSV: BOPGDSPG-8egKxqH80-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO
DE GALICIA

# BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25
Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

**CSV:** BOPGDSPG-8egKxqH80-1
**Verificación:**
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/